Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 02/06/2021 02:22:21
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 21

Sesión plenaria
26 de xaneiro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos Lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 5734, 11/PL-00008)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 78, do 19.01.2021

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 78, do 19.01.2021

1.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (doc. núm. 2624, 11/PL-000003)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 78, do 19.01.2021

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 78, do 19.01.2021

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de recuperación da terra agraria de Galicia (doc. núm. 7565, 11/PPL-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

Punto 2. Comparecencia

2.1 7586 (11/CPP-000036)

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

Punto 3. Mocións

3.1 6839 (11/MOC-000019)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas porcentaxes de expansión da banda larga (Moción consecuencia da Interpelación núm. 1937, publicada no BOPG núm. 19, do 22.9.2020, e debatida na sesión plenaria do 23 de decembro de 2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 76, do 14.01.2021

3.2 6845 (11/MOC-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade (Moción consecuencia da Interpelación núm. 4241, publicada no BOPG núm. 40, do 4.11.2020 e debatida na sesión plenaria do 23 de decembro de 2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 76, do 14.01.2021

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.3 6914 (11/MOC-000021)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín
Sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre promotores eólicos e os propietarios dos terreos (Moción consecuencia da Interpelación núm. 3694, publicada no BOPG núm. 33, 21.10.2020, e debatida na sesión plenaria do 23 de decembro de 2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 76, do 14.01.2021

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 1280 (11/PNP-000113)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co investimento da Xunta de Galicia en I+D+i e as condicións laborais do persoal investigador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

4.2 4024 (11/PNP-000448)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e tres deputados/as máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego de axudas directas para o sector dos autónomos e pemes ligadas directamente ao sector da hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.10.2020

4.3 4867 (11/PNP-000554)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento do nivel de mortalidade e morbilidade en Galicia desde o inicio da pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

4.4 6202 (11/PNP-000717)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 16.12.2020

4.5 6466 (11/PNP-000738)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa achega da Administración autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar ordinario, así como co copagamento das persoas usuarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 23.12.2020

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 7581 (11/PNP-000805)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas ao pazo de Meirás e a súa cesión e xestión
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 75, do 13.01.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 4718 (11/INT-000316)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, María do Carme e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no sector da hostalaría
Publicación da iniciativa, BOPG nº 44, do 11.11.2020

5.2 7367 (11/INT-000462)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a intensificación da campaña de vacinación para a covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

5.3 7388 (11/INT-000465)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre os integrantes, os plans e o tratamento de residencias, fogares e centros de día en relación co Comité Asesor Sociosanitario
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 8335 (11/PUP-000143)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para abandonar o Padroado da Fundación Sargadelos apenas un mes despois da súa entrada nel para impulsar a marca
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

6.2 7262 (11/POP-000908)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis
Sobre a partida orzamentaria relativa ás axudas para o pequeno e mediano comercio
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

6.3 8334 (11/PUP-000142)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre os plans da Xunta de Galicia para evitar unha crise sen precedentes na comarca de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.4 8341 (11/PUP-000144)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para apoiar a actividade industrial na planta de Siemens-Gamesa nas Somozas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

6.57171 (11/POP-000871)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as políticas que vai pór en marcha a Xunta de Galicia para intervir sobre o parque de vivenda baleira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

6.6 7008 (11/POP-000826)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o compromiso adquirido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para poñer en funcionamento un conservatorio profesional de música no concello de Begonte
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

6.7 7478 (11/PUP-000096)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e dez deputados/as máis
Sobre as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

6.8 7350 (11/POP-000949)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis
Sobre a constitución inmediata dunha unidade especializada en xeriatría no hospital de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

6.9 7574 (11/PUP-000121)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e sete deputados/as máis
Sobre as continuas variacións do prezo da electricidade e as medidas que activou a Xunta de Galicia para apoiar as familias máis vulnerables
Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 13.01.2021

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde.

O señor presidente comunica as ausencias de dona Monserrat Prado Cores e don Rubén Lorenzo Gómez, así como as súas respectivas delegacións de voto. (Páx. 10.)

Proposta de alteración da orde do día co fin da inclusión dun novo punto.

O señor presidente somete á consideración do Pleno unha alteración da orde do día co obxecto de introducir un novo punto. Esta alteración apróbase por asentimento. (Páx. 10.)

Logo de aprobada a inclusión do novo punto na orde do día, cuxo contido se refire á designación das deputadas ou deputados encargados de defender a toma en consideración dunha proposición de lei orgánica perante o Congreso dos Deputados, o señor presidente dá conta do procedemento e comunica o momento en que se desenvolverá a votación dentro da sesión plenaria. (Páx. 10.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños).* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 12.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 16.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 20.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos*: Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx.24.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 26.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 28.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 30.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Porro Martínez).* (Páx. 30.)

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 31.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 35.) *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 44.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 46.) *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 48.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)* (Páx. 50.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de recuperación da terra agraria de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Candia López (P).* (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Martín Seco (S)* (Páx. 57.) *e Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 60.)

Rolda de réplica: *Sra. Candia López (P).* (Páx. 63.)

Votación dos textos lexislativos

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (emendas núms. 1 á 4, 7 á 15, 17, 20, 22 á 40 e 42 á 44): *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (emendas núms. 1 á 12): *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación da modificación formal consensuada do artigo 31.3 do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobada por 75 votos a favor.* (Páx. 65.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, coa modificación formal consensuada*: aprobado por 41 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas da Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (emendas núms. 1 á 3, 6, 8, 10 á 12, 16 á 25, 28 á 43, 45 á 49, 53, 55, 56, 58, 61, 62, 65, 66, 68, 69, 72, 75, 78, 79, 82 á 88, 92 á 94 e 99 á 102): *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (emendas núms. 1 á 7, 10 á 16, 19, 20, 22, 24 á 30, 32 á 36, 39 á 43, 44 á 51, 53 á 56, 59 á 68 e 72 á 80): *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia: *aprobado por 41 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. popular de Galicia, de recuperación da terra agraria de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 19 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas porcentaxes de expansión da banda larga. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 67.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 69.) *e Sr. Pérez López (P).* (Páx. 72.)

Nova intervención do señor Castro García (BNG). (Páx. 76.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 78.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 80.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 84.)

O señor Ríos Santomé (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 86.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre promotores eólicos e os propietarios dos terreos. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Seco García (S).* (Páx. 89.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 92.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)* (Páx. 95.)
O señor Seco García (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 99.)

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas porcentaxes de expansión da banda larga: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre os promotores eólicos e os propietarios dos terreos: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Designación das deputadas ou deputados autonómicos encargados da defensa no Congreso dos Deputados da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto terceiro *bis* da orde do día.)

O señor presidente procede a explicar o procedemento de votación, que se realiza en urna e por chamamento en orde alfabética. (Páx. 102.)

O señor Arangüena Fernández (S) pide a palabra e mantén un breve diálogo co señor presidente para aclarar os termos da votación (Páx. 102.). *Intervén no diálogo o señor portavoz do G. P. Popular, o señor Puy Fraga* (Páx. 104.).

A señora secretaria da Mesa (Porro Martínez) fai o chamamento. (Páx. 104.)

Logo do escrutinio, resultan elixidos os seguintes parlamentarios: don Gonzalo Caballero Miguez, con 14 votos; dona Ana Pontón Mondelo, con 19 votos; e don Diego Calvo Pouso, con 41 votos. (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co investimento da Xunta de Galicia en I+D+i e as condicións laborais do persoal investigador. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Gallego Sanromán (S)* (Páx. 108.) *e Sra. Vázquez Domínguez (P).* (Páx. 111.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 114.)

Suspéndese a sesión ás oito e media do serán.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión á unha e cincuenta e sete minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Abrimos a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Xustificaron a súa inasistencia e delegación de voto dona Monserrat Prado Cores —que o fai na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo— e don Rubén Lorenzo Gómez —que o fai no deputado don Pedro Puy Fraga—. A Mesa autorizou estas delegacións de voto.

Proposta de alteración da orde do día co fin da inclusión dun novo punto.

O señor PRESIDENTE: Agora queríalles comentar, antes de entrar na orde do día, unha alteración —estou falando dunha alteración na orde do día que vou someter á consideración de todos— relativa á fixación do número de membros da Cámara e posterior designación das deputadas e deputados para a defensa da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. O Pleno do Parlamento de Galicia, en sesión celebrada o día 9 de maio de 2017, aprobou a proposición de lei citada para a súa tramitación no Congreso dos Deputados, e acordou asemade fixar en tres o número de deputadas ou deputados para a súa defensa no Congreso —de deputadas ou deputados que deben ir—. Recibida a comunicación da Presidencia do Congreso dos Deputados no día de onte en relación coa inclusión na orde do día da sesión plenaria do 2 de febreiro do 2021, cómpre que a Cámara, co acordo da maioría absoluta que exixe o Regulamento no seu artigo 163.3, fixe o número de deputadas ou deputados que procederán á súa defensa no Congreso. A Mesa, na sesión do día 26 de xaneiro de 2021, acordou propor que sexan tres o número de deputadas ou deputados autonómicos encargados da súa defensa —un por cada grupo parlamentario, cun titular e un suplente—.

Tendo en conta todo isto, sométese ao asentimento da Cámara a inclusión na orde do día deste pleno a designación de tres deputadas ou deputados autonómicos encargados de defender esta proposición de lei no Congreso dos Deputados. *(Asentimento da Cámara.)*

Aprobada por asentimento esta alteración da orde do día, os grupos parlamentarios poden presentar os nomes dos designados ata as 18.30 horas no Rexistro Xeral, que serán ratificados cunha votación que se celebrará ao remate das votacións correspondentes ás mocións. Repito isto, ata as 18.30 —as seis e media— no Rexistro Xeral poderán ser presentados os nomes das deputadas ou deputados, que serán ratificados cunha votación que teremos que celebrar ao remate das votacións correspondentes ás mocións.

Todo isto vai de acordo co artigo 88, non hai problema. E entón si que comezamos agora xa coa orde do día.

O primeiro punto é un texto lexislativo.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Bo día de novo.

Procedo á presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento galego o 23 de novembro do 2020. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 23 de novembro de 2020, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas presentaron emendas á totalidade, que foron cualificadas o 14 de decembro do 2020 e rexeitadas na sesión do Pleno do 21 de decembro do 2020.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 32 emendas; o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 12 emendas; e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 44 emendas. Estas emendas foron cualificadas o 28 de decembro do 2020.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 30 de decembro do 2020, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Paula Prado del Río, como titular, e don José Alberto Pazos Couñago, como suplente; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Olalla Rodil Fernández, titular, e dona Noa Presas Bergantiños, suplente; e por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Juan Carlos Francisco Rivera, titular, e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, suplente.

Nas reunións do 7 e 8 de xaneiro de 2021, a Ponencia estudou o texto articulado do proxecto xunto coas emendas presentadas, e rematou o informe que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. A Ponencia suxeriu tamén a aceptación das emendas números 18, 19 e 41 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e dunha emenda transaccional elaborada con parte da emenda número 35 do Grupo Parlamentario dos Socialistas. Retiráronse as emendas números 6, 16 e 21 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A Comisión, reunida o 15 de xaneiro de 2021, aprobou por maioría o informe da Ponencia. E igualmente se aprobou unha emenda transaccional elaborada coa emenda número 5 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O texto do ditame que se somete ao debate e á votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos seguida de 32 artigos, 4 disposicións adicionais, 1 disposición transitoria, 1 disposición derrogatoria e 4 disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o título II, relativo a medidas administrativas.

O título I —divido á súa vez en dous capítulos— establece modificacións na normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos.

O título II regula aspectos diversos de materias tales como emprego público, ordenación urbanística, patrimonio natural, medio rural, infraestruturas, pesca, política social, igualdade, deportes, subvencións, protección das persoas consumidoras e usuarias e organización administrativa.

Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicionais, transitorias, derrogatoria e derradeiras.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Comezamos, polo tanto, a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos os deputados e deputadas que seguen na Cámara.

Señor conselleiro, boa tarde tamén a vostede.

A nosa posición en relación coa Lei de medidas fiscais e administrativas, en fin, é a posición que mantivemos ao longo deste último mes e medio no debate de totalidade que houbo nesta Cámara e mesmo no debate das emendas que houbo na Comisión. Polo tanto, o noso sentido do voto a este ditame vai ser negativo, por cuestións de forma e cuestións de fondo nas que, en fin, non vou afondar demasiado porque son de todos coñecidas.

Hai unha modificación lexislativa que se produce de xeito habitual por parte do Goberno da Xunta e que afecta a multitude de leis, e que nós entendemos que é absolutamente innecesaria. A Xunta de Galicia goza nesta Cámara de maioría absoluta, e entendemos que para modificar normas —algunhas de xeito substancial— é necesario un debate e un trámite lexislativo que se ten que dar neste Parlamento. Non se pode utilizar a técnica da Lei de acom-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pañamento como unha técnica absolutamente normalizada ao longo dos últimos anos para modificar todo tipo de leis. E nese sentido vemos absolutamente innecesario este trámite pola Xunta de Galicia dada a maioría absoluta que neste momento conta na Cámara.

Efectivamente, estamos nunha situación moi excepcional, tan excepcional que os orzamentos que se plantexaban e que se acaban de aprobar hoxe quizás haxa que volver modificalos como consecuencia da situación de pandemia, da situación económica que *ex novo* se xera coa situación que estamos vivindo dramaticamente neste país, e que está afectando especialmente a sectores económicos de todos coñecidos. Por ese motivo, por esta excepcionalidade, nós entenderiamos tamén que a Lei de medidas contemplase medidas excepcionais para modificar excepcionalmente leis. Pero o que vostedes fan a través da Lei de medidas, o que fai a Xunta, o que fai o Goberno, é —insisto— ano tras ano utilizar esta técnica lexislativa para modificar multitude de leis que nada teñen que ver co orzamento, que nada teñen que ver coa execución orzamentaria, que nada teñen que ver con cuestións vinculadas ao orzamento da Xunta de Galicia.

Esta técnica lexislativa, evidentemente, non nos gusta. Eu creo que a señora deputada e portavoz do Partido Popular tamén ten manifestado ao longo de distintos debates nesta Cámara, en pleno e en comisión, que tampouco lle gusta este tipo de técnica lexislativa. Con todo, e a pesar de todo iso, a pesar de que non nos gusta nin ao Partido Popular nin aos grupos da oposición, a Xunta de Galicia continúa ano tras ano utilizando novamente este formato de modificación lexislativa —que insisto en que é legal e constitucional pero que nós entendemos que é escasamente democrático—.

A propia exposición de motivos fala de que a Lei de medidas contempla unha serie de normas que, con vocación de permanencia no tempo, aspiran ou contribúen ao desenvolvemento económico a través da execución orzamentaria —neste caso en Galicia—. Bueno, eu creo que é hora de que esa coletilla, que se incorpora constantemente na exposición de motivos desta lei ao longo dos últimos anos, desapareza. Porque non é verdade que as modificacións que se fan teñan vocación de permanencia no tempo. Modifícanse ano tras ano as mesmas leis —mesmamente os mesmos artigos—. Polo tanto, invitamos á Xunta de Galicia a que na exposición de motivos do ano que vén pois cambie este tipo de redacción.

É unha lei de medidas que ao noso xuízo modifica multitude de normas que nada teñen que ver —como dixen— coa execución nin co orzamento, nin coa execución orzamentaria nin con cuestións tributarias nin con cuestións de índole económica. É unha lei que, ao noso xuízo, é contraria ao principio de transparencia, ao principio de seguridade xurídica, á estabilidade que debe ter loxicamente o proceso normativo. É unha lei que debería nacer precisamente para complementar a Lei de orzamentos no que teña que ver con cuestións tributarias e cuestións administrativas de xeito excepcional. Pero insisto en que a Xunta de Galicia a utiliza de xeito habitual, ano tras ano, cunha grave —ao noso xuízo— subtracción do principio de seguridade xurídica; e ademais obviando un debate político que se ten que dar aquí neste Parlamento en relación con todo tipo de cambio normativo, e obviando tamén un debate social e un debate público —porque a sociedade tamén ten dereito a participar no proceso lexislativo a través da iniciativa popular—.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É unha lei —insisto— que se usa con abuso para modificar multitude de leis —vinte e cinco—. É verdade que o ano pasado foron máis, foron trinta, e efectivamente é verdade que é unha técnica lexislativa constitucional —que nós non pomos en cuestión todo este tipo de asuntos, e xa o manifestamos ao longo dos sucesivos debates—. En fin, é constitucional pero non é unanimemente constitucional. Hai votos particulares a este respecto. Incluso a doutrina entende —numerosos autores— que este tipo de leis son unha auténtica fraude á doutrina do Tribunal Constitucional en canto á materia de límites dos propios contidos da Lei de orzamentos.

Polo tanto, este é un modelo que utiliza sistematicamente o Partido Popular ao longo dos últimos anos. E levan modificado vostedes ao longo dos últimos anos —desde o ano 2017 se non me equivoco— 84 leis. É un modelo, efectivamente, do Partido Popular e que nada ten que ver co modelo que neste país houbo cando houbo un goberno alternativo ao do Partido Popular, entre os anos 2005 e 2009, cando efectivamente se aprobaron orzamentos sen necesidade de leis de acompañamento. E nese período conseguiuse tamén debater e aprobar neste Parlamento 56 leis sen necesidade de acudir a estes mecanismos e a estes procedementos de técnica lexislativa de difícil encaixe desde o punto de vista democrático.

Este tipo de procedementos son, ademais, procedementos de modificación lexislativa excesivamente rápidos e excesivamente apurados. Impiden á oposición, impiden neste caso ao Partido Socialista —ao PSdeG—, coñecer tamén os informes que serían preceptivos na elaboración de calquera tipo de leis —neste caso, o informe do CES, que nin tan sequera se acompaña co Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas—. E, das 25 leis que se modifican, 14 xa foron modificadas o ano pasado —84 desde o ano 2017—. En fin, non está nada mal. E isto contrasta evidentemente coa escasa bagaxe lexislativa da Xunta de Galicia, do Goberno, á hora de traer leis a este Parlamento nos últimos catro anos. Ata o ano 2020, foron 16, descontando loxicamente as leis de orzamentos e as leis de medidas.

Bueno, modifican vostedes todo tipo de normas —insisto—, como as leis en materia de augas, en materia de portos, en materia de servizos sociais, en materia de incendios, subvencións...; en fin, hai ata vinte e cinco materias que son modificadas novamente a través desta técnica lexislativa.

As nosas emendas, en fin, van plantexadas precisamente ao seu modelo fiscal, especialmente en relación co plantexamento fiscal que ten a Xunta de Galicia. Nós non estamos de acordo coa súa política tributaria, non estamos de acordo coa súa política fiscal. Parécenos un modelo absolutamente regresivo polo que se carga a tributación sobre as rendas do traballo. Hai un desprazamento evidente dos beneficios fiscais —do que tanto abusa e usa o Goberno da Xunta de Galicia— cara ao imposto de sucesións e cara ao imposto de patrimonio. Hai un desprazamento da carga tributaria precisamente cara ás rendas do traballo. E, polo tanto, a nós ese modelo tributario non nos gusta e por iso introducimos emendas que teñen que ver fundamentalmente co IRPF, ou co imposto de patrimonio no sentido de aplicar o tipo de gravame en función das bases liquidables. E, no caso do imposto de patrimonio, tamén para baixar o mínimo exento dos actuais 700.000 euros a 400.000. Ademais, inténtase recuperar por esa vía un pouco, ou un mínimo, de recadación tributaria, que nós entendemos que é absolutamente necesaria tamén para financiar os servizos públicos.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque, evidentemente, a política do Partido Popular —díxose agora no debate de orzamentos— é unha política fiscal baseada fundamentalmente nas bonificacións fiscais no propio orzamento. Creo que este ano o impacto da bonificación fiscal —se non me equivoco, señor conselleiro— son 472 millóns de euros, vinte e algo de millóns máis que o ano pasado. E a pregunta que nos temos que facer é se esas bonificacións fiscais finalmente teñen impacto na actividade económica, se teñen impacto naqueles sectores aos que van dirixidas —especialmente no ámbito do imposto de transmisións patrimoniais—, se esas deducións que se producen, precisamente, pola adquisición de vivenda ou pola transmisión de inmobles en zonas pouco ocupadas teñen impacto, efectivamente, na fixación de poboación ou no propio emprego nesas zonas ás que ese tipo de deducións van dirixidas. Nós entendemos que non, nós entendemos que ese tipo de deducións fiscais non cumpren a finalidade para a que a Xunta de Galicia as establece.

Nós entendemos que, ante esta situación grave desde o punto de vista da recadación, cando está caendo a recadación, cando aumenta o gasto, sería importante que a Xunta de Galicia repensase tamén a súa política fiscal e a súa política tributaria no sentido de establecer unha política fiscal máis progresiva, na que paguen máis os que máis teñen e na que, dende logo, os beneficios fiscais non afecten especialmente os que máis teñen. Porque hai un desprazamento —e ademais é exponencial— no que as rendas máis altas son as que máis se benefician dos beneficios fiscais. *(Murmurios.)* Si, porque no imposto de sucesións, se analizamos os últimos nove anos, os beneficios fiscais son 1.100 millóns de euros; e no imposto da renda, no IRPF, son 211 millóns de euros nos últimos nove anos. Se comprobamos a bonificación fiscal no imposto de transmisións patrimoniais, nos últimos nove anos son 1.100 millóns de euros; e, se comprobamos a bonificación fiscal no imposto do patrimonio dos últimos nove anos, son 668 millóns de euros. E, se comprobamos a recadación efectiva do imposto do patrimonio no ano 2019, a recadación pechada, son 71 millóns fronte a 108 millóns de beneficios fiscais. Polo tanto, a quen se está beneficiando cos beneficios fiscais é, efectivamente, aos que máis teñen. *(Aplausos.)*

As nosas emendas van orientadas, no ámbito do IRPF, a establecer unha imposición, un tipo de gravame, en función da base liquidable —máis progresiva, evidentemente—. O ámbito das deducións fiscais teñen que ir orientadas en función das bases impoñibles. As deducións que teñan que ver coa vivenda teñen que estar orientadas sempre a que a vivenda sexa a residencia habitual. Nós non compartimos as bonificacións fiscais, que neste caso se establecen no artigo 1, en relación con casinos, bingos e demais. Nós non temos nada contra ese sector pero vemos que se utiliza este tipo de bonificacións de xeito unilateral para un sector determinado e non para o conxunto dos sectores económicos que neste momento están sufrindo. ¿Por que non bonificacións de tipo tributario no IRPF para outro tipo de sectores —hostalaría, pequenos autónomos...—? ¿Por que aos casinos? Polo tanto, nós plantexamos aquí unha emenda de supresión.

Vou rematando.

En definitiva, plantexamos emendas en materia de emprego público. Nós non estamos de acordo, e hai unha lei vixente hoxe —a Lei de medidas do ano 2012, medidas temporais—. Nós entendemos que ten que abrirse un diálogo social a este respecto e intentar lexislar en

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

materia de emprego público. Observamos a través da propia lei a incapacidade do Goberno para dar resposta nesta materia, en materia de concurso de traslados e nos procesos de funcionarización, no proceso de estabilización laboral. E mesmamente nós reclamamos da Xunta de Galicia neste sentido —a través das nosas emendas— unha modificación da lei, que, como dixen, é unha lei de medidas temporais. Polo tanto, temos emendas, en fin, na nova definición de axente forestal, etc., un conxunto de emendas nas que, das 44 plantexadas, efectivamente, se tiveron en conta 3. Conseguimos transaccionar 2; unha delas, por instancia do Grupo Socialista, que nós entendemos que é importante, como é a dedución do imposto de transmisións patrimoniais ás vítimas de violencia de xénero na adquisición dos inmobles. Trátase dunha rebaixa no tipo impositivo do imposto de transmisións e de actos xurídicos documentados. Foi unha transacción que foi posible co Partido Popular e tamén co BNG. Polo tanto, nós, nese sentido, estamos satisfeitos de que polo menos nalgunha cuestión se tivese en conta a posición do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: Nun segundo turno posicionarémonos en relación coas emendas do Partido Popular e mesmamente do BNG.

E, de momento, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde ou bo día —depende de se comeron ou non— a todas e a todos.

Eu intentarei —xa que a sesión hoxe é extensa e intensa— ser o máis clara posible na exposición da posición política do BNG a respecto desta Lei de medidas administrativas e fiscais, a lei de acompañamento, e intentando ser tamén o máis áxil posible sen deixar nada atrás.

Nós imos votar en contra —isto creo que non colle a ninguén por sorpresa— tanto do ditame como do conxunto do proxecto de lei. A posición do Bloque Nacionalista Galego a este respecto, a que motiva ese voto en contra, é coñecida. E fundamentalmente é polo uso e abuso —como tamén se acaba de dicir— que o Partido Popular, desde a Xunta de Galiza, fai destas leis ómnibus, destas leis que son un caixón de xastre. Son leis que no seu conxunto e dun só plumazo modifican máis dunha vintena de leis —neste caso, 23 textos lexislativos e 2 decretos—. Fano nunha soa vez e nun único debate. E, por se fosen poucas —digo 23 porque orixinalmente eran 22 no proxecto que presentou a Xunta de Galiza—, pois o Partido Popular a través do seu grupo parlamentario tivo a ben agasallarnos cunha lei a maiores que non estaba prevista orixinalmente no proxecto e que prevé tamén a modificación da Lei de caza.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós non concordamos desde o BNG —como saben— nin co fondo, efectivamente, nin coa forma deste proceder que se está a converter nunha práctica habitual, tanto para a Xunta de Galiza como para o Partido Popular.

E non se reduce única e exclusivamente ás leis de acompañamento. Colleron esta práctica, cómoda para o Goberno e tamén para o Grupo Parlamentario do Partido Popular, tamén con outras leis, como nalgunhas que están en proceso de tramitación agora mesmo nesta Cámara, como é a Lei de simplificación administrativa, coa que mudan até máis ou menos dez textos legais con ese procedemento, pola porta de atrás, porque se modifican outras leis e outras normas vixentes no noso país a partir desa proposición de lei. Xa o fixeran, ademais, coa Lei de implantación empresarial do ano 2017, tamén con esa lei, coa que modificaran outras moitas que compoñen o ordenamento xurídico deste país. E non é da última lexislatura e desta que comeza. Non, xa viñan cunha práctica de utilizar estas técnicas ou prácticas parlamentarias noutras leis sobradamente coñecidas —que son obxecto reiterado de modificación coas leis de acompañamento—, como foi tamén no ano 2012 a Lei de montes, que modificou —como lembrarán— case por completo a Lei de prevención de incendios e cando nada tiña que ver a priori cunha reforma tan ampla desa lei de 2007 —coa advertencia, por certo, do Consello Económico e Social, que lles dicía que, se querían cambiar a Lei de prevención de incendios, o fixeran, pero que trouxeran á Cámara un proxecto de lei específico—.

E xa é costume, ademais —como digo—, que nos últimos anos o Grupo Parlamentario Popular, lexitimamente e no exercicio da súa participación parlamentaria —ninguén lles quere furtar ese dereito—, até nos presente moitas veces, a través do proceso de emendas, unha lei diferente, que non pode ser —como saben— obxecto de emendas por parte dos outros grupos. Basicamente —e para que se me entenda—, poderiamos dicir que, entre a Xunta e o Partido Popular, o Grupo Parlamentario Popular, se fan un *Juan Palomo, yo me lo guiso y yo me lo como*, basicamente. *(Aplausos.)* Ninguén —insisto— pretende furtarlle ao Partido Popular, ao Grupo Popular, a capacidade que ten de impulsar emendas nos procesos de tramitación —nada máis lonxe—, pero as súas correccións ou toques de corneta de última hora da Xunta de Galiza ao texto que inicialmente presenta e rexistra o Goberno nesta Cámara tamén son unha boa vara de medir, un bo exemplo moi descritivo, do que significan este tipo de leis ómnibus ou leis de acompañamento, estes procedementos a todo filispín para modificar máis dunha vintena de leis dun plumazo, e o resultado tamén de ter ao mesmo tempo a cabeza en vinte e tres leis e non nunha en concreto. Logo levamos, pois, sorpresas de última hora.

E non é unha metáfora, insisto en que é literal. Modifican por sétima vez a Lei de incendios forestais, por quinta vez a Lei de mobilidade de terras —que van reformar tamén coa Lei de recuperación de terras, que hoxe previsibelmente comezará a tramitarse neste Parlamento—; mudan por novena vez a Lei de montes, a de solo, a de augas, a de estradas, a de pesca, a de portos e a de servizos sociais. E, finalmente, tamén se incorporou a de caza. Así ata 23 textos lexislativos e 2 decretos, que, sen risco de trabucarnos e case sen ánimo de converternos tampouco —o noso grupo parlamentario— nunha especie de Nostradamus, tamén nos atreveriamos a dicir que serán obxecto de modificación o ano que vén —probablemente os mesmos artigos unha e outra vez *ad infinitum*, ¿non?—. E insisto en que non é pola covid que vostedes lexislen así nin en que o fagan única e exclusivamente a través deste subter-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fuxio que representan as leis de acompañamento aos orzamentos, as leis de medidas fiscais e administrativas, senón que é unha práctica habitual que estamos a ver nesta efervescencia lexislativa que temos neste inicio de lexislatura.

Durante a tramitación da Lei de acompañamento —tamén é coñecido por todas e todos aquí na Cámara— ao BNG non se lle aceptou ningunha emenda. Tamén hei de dicir que non agardabamos outra cousa, hai pouca sorpresa nese aspecto. Son emendas que, en todo caso, se manteñen vivas até hoxe, até este debate e votación, e que, seguindo coa estrutura da lei, enfocamos desde o noso grupo en dous sentidos. Por unha banda, no que ten a ver coa parte administrativa, están as dirixidas fundamentalmente a suprimir aquelas modificacións máis lesivas. O groso das mudanzas que inclúe esta lei de acompañamento —insisto— non van dirixidas a dotar de máis ferramentas ou maior capacidade e axilidade ao propio Goberno para intervir na situación de pandemia e crise económica e social derivada dela que temos hoxe no noso país, senón que volve retocar os mesmos textos lexislativos que unha e outra vez son modificados a través deste mecanismo das leis de acompañamento. E iso —témolo dito moitas veces— o que demostra é tamén a forma de traballar absolutamente errática dun goberno, que parece que máis ben tivera dúbidas que un plan estratéxico de cara a onde quere dirixir este país. Insisto en que hai leis que se modifican un ano tras outro, a través desta vía das leis de acompañamento, que son fundamentais para concibir o noso país e para pensar na Galiza do futuro, como pode ser todo o relacionado co aproveitamento do sector agrogandeiro e forestal en Galiza.

E, nunha segunda parte —a que ten a ver coas medidas fiscais—, diriximos as nosas emendas a introducir medidas encamiñadas a aproveitar a marxe limitada, efectivamente, que ten o autogoberno deste país, pero a marxe que permite precisamente ese poder político recoñecido a Galiza para introducir unha maior progresividade cando falamos de impostos. E iso quere dicir que pague máis e achegue máis quen máis ten. Dicir que queremos unha progresividade cando falamos de impostos significa iso exactamente: que quen máis ten aporte máis, e garantir con iso máis recursos económicos e orzamentarios para enfrontar a enorme crise sanitaria que temos hoxe, ¡que dúbida cabe!, no noso país, pero tamén as enormes consecuencias sociais e económicas que derivan precisamente desa pandemia.

E aquí abro unha pequena paréntese, porque ao longo do debate nesta sesión plenaria escoitamos dicir ao Grupo do Partido Popular que o BNG quería subir impostos e que pouco máis que ía vir o cocón roubarnos a todos pola noite á casa. E tamén estou segura de que coincidirán comigo en que escoitaron como se converteu un pouco en centro do debate —sobre todo a través das redes sociais— unha práctica bastante habitual no conxunto do Estado español, que é a de que empresarias, empresarios, futbolistas, youtubers ou persoeiros da farándula de todo tipo acaban fuxindo cara a paraísos fiscais co único fin de pagar menos impostos. Nós cremos que é unha boa oportunidade o debate orzamentario para lembrar que, se estamos nun país como no que vivimos hoxe, en Galiza, no que podemos entrar pola porta dun centro de saúde ou dun hospital e non pagar para ser vistas por unha médica ou médico, que nos fagan probas ou mesmo que nos ingresen ou operen, é precisamente polos impostos que pagamos. *(Aplausos.)* Soster e reforzar os servizos públicos é garantir equidade e é garantir democracia. O contrario —e podemos ollar tamén á nosa contorna, tamén de actualidade, como poden ser os Estados Unidos— é a lei da selva, o sálvese quen poida e, sobre todo, sál-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vese quen teña cartos. Baixar impostos ás maiores rendas e patrimonios non nos fai máis iguais, todo o contrario. E nestes orzamentos no seu conxunto —non só na Lei de medidas— a Xunta de Galiza renuncia a contar con maior progresividade e —insisto— que aporte máis quen máis ten, mesmo coas marxes limitadas do actual autogoberno. Maior progresividade no IRPF ou nos impostos de patrimonio e sucesións é a proposta que formula coas súas emendas o Grupo Parlamentario do BNG, pero tamén a través da creación de novos tributos que sirvan non só para ter maior capacidade orzamentaria, máis ingresos por parte da Xunta de Galiza, senón para que permitan tamén intervir sobre a realidade e cambiala para mellor, para que sexa máis xusta e máis sostíbel.

Falarei dun exemplo concreto das emendas que nós presentamos, pero tamén quixera facer unha reflexión máis ampla, porque o que estamos a vivir —e resulta difícil abstraerse do inmediato, da parte máis dramática de toda esta pandemia—, a crise, ten ese punto catártico que tamén nos permite facer unha reflexión sobre o mundo no que vivimos e a sociedade na que queremos vivir. Se sacamos unha lección colectivamente aprendida de todo o que levamos vivido neste país no último ano de pandemia, eu creo que é a de que hai que reforzar o público, tanto a intervención pública na realidade económica como, sobre todo, nos servizos como garantes de dereitos sociais. Porque se algo nos demostrou esta pandemia é que o público é servizo e que o privado é beneficio.

E temos agora enriba da mesa no conxunto da Unión Europea —non só aquí en Galiza— un acontecemento arredor das vacinas —especialmente de Pfizer—, que ten que levarnos a pensar en mans de quen queremos deixar os dereitos colectivos do conxunto do planeta, pero nomeadamente, en canto a nós —por traelo máis ao concreto—, o futuro das galegas e dos galegos. Agora están vendo os resultados de deixar en mans de grandes corporacións multinacionais o futuro e a vida de millóns de persoas, que están poñendo por diante o interese económico e maximizar os beneficios, como está facendo Pfizer, garantíndolles as doses aos países que máis pagan e quitando ou retraéndollelas, dentro dese libre mercado que *es tan maravilloso* e tan democrático, aos países que pagan menos. *(Aplausos.)* Temos que sacar a reflexión de que hai cuestións, como os dereitos fundamentais e o dereito á vida —e a saúde é un deles—, que teñen que quedar á marxe da lóxica do mercado. E igual está ben recordar que desde o ano pasado a Organización Mundial da Saúde vén pedindo que as vacinas sexan un ben global e, sobre todo, que se garanta o dereito do conxunto da poboación, vivamos onde vivamos, a ela.

Nós propoñemos neste proceso de emendas —e con isto remato— crear un imposto que vai tamén en relación cun dereito fundamental, cun dereito humano, como é o dereito á vivenda. Crear un imposto que grave as vivendas baleiras co obxectivo de exercer presión sobre os grandes posuidores para garantir a función social da vivenda como dereito. En Galiza hai hoxe 300.000 vivendas baleiras mentres é precisamente o prezo do alquiler un dos principais factores de exclusión social no noso país. Isto sinálano entidades e organizacións sociais nada sospeitosas de querer construír o socialismo, como Cáritas, o Colexio de Traballo Social ou a Rede Galega contra a Pobreza. Exercer presión para mobilizar ese parque de vivenda que está favorecendo a especulación cun dereito fundamental —no noso caso, en Galiza, principalmente nas cidades e, nomeadamente, dentro das cidades, nas do eixo atlántico— debería ser hoxe un obxectivo prioritario para calquera goberno, pero sobre todo pensando na sociedade que queremos construír cara ao futuro.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pola miña banda, nada máis. E, de momento, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, ben, efectivamente a Lei de medidas modifica moitas leis. É unha lei que desatasca procedementos administrativos. E eu, como cuestión previa, aínda lles vou pedir un pequeno esforzo máis, ao que xa se referiu a señora Rodil veladamente na súa intervención anterior. Porque, efectivamente —xa falei con vostedes—, no artigo 31 da lei houbo un erro que impide que haxa catro puntos que se manteñan en vigor pola modificación de tres puntos que non se incorporan ao texto orixinario da lei, e quedaría un artigo inconexo, un artigo un pouco estraño lexislativamente falando, xuridicamente falando, porque, en vez de ter os 10 apartados, tería 7 —e 3 sen contido—, polo que non tería moito sentido. Así que eu, apelando ao seu consenso, lles pido que poidamos introducir nese artigo 31 un apartado que diga que os actuais números 3, 4, 5, 6, 9 e 10 pasan a ser respectivamente os números 4, 5, 6, 7, 10 e 11. Esta sería a proposta que lles fago para unha redacción de consenso, posto que non hai emendas a ese artigo e, por tanto, non podemos facer unha transacción. Eu agradezo a súa vontade de consenso e a súa dispoñibilidade para chegar a un acordo neste sentido.

Rematamos hoxe o traballo de ponencia da Lei de medidas fiscais. É unha lei, señorías, que, por moito que a critiquen, é útil. É unha lei útil porque, tal e como manifestou o conselleiro na súa presentación nesta Cámara, establece medidas tan importantes como establecer bonificacións a diversos sectores de actividade para paliar os efectos da perda de actividade económica debido á pandemia da covid-19, reforza as medidas de conciliación para os permisos do persoal empregado público, establece como mérito para traslados, ascensos e carreira profesional a prestación de servizos presenciais en centros residenciais e sociosanitarios durante a pandemia e permite ter unha normativa máis áxil para delimitar perímetros de alto risco de incendios e sobre actuacións preventivas. Tamén clarifica a redacción sobre o dereito das familias con dous ou máis fillos para beneficiarse da gratuidade na educación infantil —aínda que algún deles supere xa os 18 anos—. Facilita o funcionamento dos órganos de goberno e de representación das cooperativas ante a situación provocada pola pandemia, garantindo a participación, sobre todo, da poboación de máis idade no eido rural, ou potencia o cumprimento dos plans de igualdade por parte das empresas para favorecer a inserción das mulleres no mundo laboral, a redución da fenda salarial e evitar a discriminación por razón de xénero.

Ben, tras a súa tramitación e as reunións da ponencia nas que debatemos as emendas dos grupos parlamentarios, teño que dicir que a lei mellorou nalgúns aspectos. Sobre o que se ten dito aquí de que furta o debate, de que é opaca, de que non permite a participación social, pois os feitos amósannos que non, que efectivamente houbo emendas que son froito de incorporacións da sociedade. Eu, agora mesmo, cando falaba o señor Rivera, entrei na páxina

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Parlamento —que, como saben, ten un apartado que é «Lexisla con nós»—, e hai varios textos lexislativos agora mesmo que están vivos, que están sendo tramitados na Cámara. E fun ver cales eran as aportacións. É dicir, ou ninguén coñece ese apartado da páxina web ou, efectivamente, a xente o coñece e fai aportacións. E vin como a Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica —que está dende o día 10 do 12— ten catro aportacións; a lei de modificación da de saúde pública, que está dende o 23 do 11, ten tres; a Lei de medidas, que leva dous meses, dende o 23 do 11 —igual que a Lei de saúde—, ten cero aportacións; a Lei de acción exterior ten dúas aportacións; e a Lei de museos, que está dende o 9 de outubro, ten cero aportacións. E, polo tanto, creo, señorías, que isto de que non hai aportacións á lexislación e que a sociedade non coñece as leis creo que non se axusta á realidade.

A min gustaríame facer un percorrido por algunhas das cuestións que aprobamos.

En materia de igualdade, ampliamos ao persoal laboral da Xunta os beneficios de maternidade, adopción e lactancia que xa tiñan recoñecidos os funcionarios e funcionarias. Melloramos os permisos para os empregados públicos por maternidade, adopción e acollemento, e reforzámolos nos supostos de partos múltiples, lactancia, falecemento dun fillo ou coidado de persoas con discapacidade. No eido da conciliación tamén aceptamos unha emenda do Partido Socialista que flexibiliza o permiso de maternidade ás nais funcionarias tras o parto, que terán que descansar de xeito obrigatorio e ininterrompido seis semanas pero que poderán repartir o resto —é dicir, 16 das súas 22 semanas de descanso— como mellor lles conveña, sen a obrigatoriedade que había ata agora de facelo de forma ininterrompida.

E no mesmo ámbito da igualdade tamén incorporamos unha emenda do Grupo Popular que permite que as funcionarias vítimas de violencia de xénero que decidan reducir a súa xornada laboral poidan cobrar integramente toda as retribucións económicas cando a dita diminución sexa dun terzo ou menos da xornada laboral. E, nesa mesma liña, na atención ás vítimas de violencia de xénero, chegamos a unha transacción co Partido Socialista cunha emenda que plantexaba reducir ao 5 % o imposto de transmisións patrimoniais para adquisición de vivenda habitual das vítimas. E dende o Partido Popular plantexamos unha transacción co fin de que ese 5 % se reducise aínda máis —a un 3 %—, igual que noutros colectivos bonificados para este mesmo fin, que son os menores de 36 anos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade de máis dun 65 %. E propuxemos tamén que se beneficiasen da tributación ao 50 % no imposto de actos xurídicos documentados —para os casos de vivenda nova, non só nas vivendas usadas—, e coa dedución do cen por cento se a vivenda se atopase en zona pouco poboada —e coa capacidade económica das vítimas chegamos a un acordo para establecela respecto do prezo da vivenda, que fose ata 150.00 euros por prezo da vivenda—. Polo tanto, chegamos a un acordo co Grupo Socialista e eu agradezo as aportacións que este grupo fixo á lei, porque, a pesar das críticas a esta, soubo ver a súa utilidade.

No ámbito da función pública tamén establecemos unha serie de medidas que afectan a procesos selectivos en épocas de pandemia e que dotan de maior seguridade e flexibilidade as persoas que poidan atoparse en situación de corentena. Así poderán tamén alterarse os procesos selectivos de tal xeito que se poidan facer antes os exames eliminatorios para que haxa menos volume de xente nos exames e probas colectivas. E os exames poderán fixarse en di-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ferentes quendas. E para as persoas que se atopen en situación de corentena tamén se establecen datas alternativas.

Os servizos prestados en primeira liña da pandemia da covid-19 polo persoal público sanitario tamén se valorarán como mérito en ulteriores procesos selectivos e listas de contratación. E vía emenda do Partido Popular tamén incorporamos a prestación de servizos de xeito presencial en postos de traballo dos centros residenciais e sociosanitarios da Consellería de Política Social para as categorías de xerocultor e persoal de servizos xerais.

Outras medidas que tamén traspuxemos á normativa galega son as medidas de protección ao empregado público que sexa vítima de violencia terrorista. Regulamos a segunda actividade para as categorías de bombeiros forestais no proceso de funcionarización. Tamén no ámbito das taxas e das exencións, introducimos, como medida excepcional e dirixida a paliar os efectos da covid-19 en determinados sectores, unha exención aplicable ao canon da auga e ao coeficiente de verteduras, correspondente aos períodos de facturación comprendidos entre o 5 de novembro de 2020 ata que se levanta a declaración da situación de emerxencia sanitaria —declarada o 13 de marzo do 2020—, para os establecementos de restauración, salóns de banquetes, cafetarías e bares, para os establecementos de lecer e entretemento, como salas de festas, discotecas, pubs ou cafés-espectáculo, e furanchos, hoteis, establecementos turísticos e albergues turísticos.

Ben, na comisión o señor Rivera dicía que lle parecía isto moi pouco, que era pouco menos que o chocolate do loro. Ben, se lle parece pouco esta medida, sempre é máis que a que puxo enriba da mesa o Goberno de España, señor Rivera, e sempre é máis que a que están aportando as deputacións e os gobernos dos concellos socialistas e nacionalistas. Pero, como saben, non é o único esforzo que está facendo a Xunta de Galicia, xa que leva destinado, nun primeiro plan de choque, máis de 80 millóns de euros —140 millóns se computamos tamén as axudas a autónomos e pemes, das que tamén se pode beneficiar este sector—. E agora hai enriba da mesa 50 millóns de euros que está nas súas mans podelos duplicar. Se se incorporan os concellos e as deputacións gobernados por vostedes, eses 50 millóns pódense converter en 100 millóns. E eu creo que sería unha magnífica noticia para todas estas persoas que vostedes puxeran por unha vez os intereses da xente por riba dos intereses partidistas.

E en materia de taxas establecemos tamén exencións e bonificacións nas taxas portuarias para o sector da hostalaría que se ubica nos portos. E xa sei que lles gustan pouco as modificacións da Lei do solo, pero, mire, señora Rodil, o rural está vivo, e mentres o rural estea vivo e non esmoreza, pois nós seguiremos adaptando as ferramentas lexislativas á realidade. E neste caso as modificacións favorecen a dinamización do noso rural.

Preocúpalles bastante a nosa emenda 19, de modificación da Lei de caza. Eu xa lles expliquei na comisión que isto é unha emenda proteccionista, señora Rodil. Claro, eu entendo que vostede o basea todo en que modificamos leis e leis, pero non valora a utilidade da modificación. E creo que debería deixar a un lado o discurso de que modificamos aquí moitísimas leis e ver se realmente esas modificacións son útiles. Neste caso do que se trata é de evitar a estimación por silencio de solicitudes de declaración de explotacións cinexéticas comerciais que non reúnen os requisitos da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estes expedientes son moi complexos e tardan en resolverse. Ata agora o silencio era positivo. Pois ben, nós introducimos un silencio negativo para evitar que nesa tramitación complexa dese procedemento pois se poidan soltar especies procedentes de granxas cinexéticas e doutro tipo de establecementos. E iso suporía un risco adicional se non se asegurase o cumprimento de requisitos de pechado en certos casos. Polo tanto —insisto—, é unha emenda proteccionista.

E ¿por que non aceptamos as súas emendas? Pois, mire, nós, señora Rodil, non estamos de acordo con vostedes en subir impostos. Nós xa sabemos que o de subir impostos é de esquerdas e que vai no ADN da esquerda. Vostedes non veñan aquí dicir que son o cocón. Vostedes son o home da saca. E son o home da saca porque pretenden subir o imposto do IRPF, o imposto de patrimonio, o imposto de sucesións e doazóns, o imposto sobre a rede de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, un imposto sobre vivendas baleiras —que vostedes venden como que é para os grandes tenedores—. En Cataluña fixeron o mesmo e agora é a comunidade autónoma cun índice máis alto de ocupacións ilegais de vivendas, señora Rodil. *(Aplausos.)* E a estrela dos impostos, a estrela dos impostos, é un imposto sobre grandes superficies comerciais. Vostedes teñen moita nostalxia do Goberno bipartito, no que vostedes dirixían a Consellería de Industria e Comercio, e foi o goberno que deu máis licenzas para centros comerciais de toda a historia da comunidade autónoma. Claro, moitos deles xa pecharon. Vostedes deron licenzas por riba das súas posibilidades para —¿como lles chamou vostede na comisión?— «as catedrais do consumo». E agora vén vostede intentar remendar os erros que tiveron no pasado. Eu enténdoa, pero hai que ser un pouco coherente.

E, claro, vostede di que logo marchan os youtubers, os instagramers. Pois, se seguen poñendo impostos, ¿que pensan? ¿pensan que van quedar? Pois non sei, igual o pensan. Desa «fuga de cerebros» tampouco temos maior interese en protexernos. A nós interésanos protexer os galegos e as galegas, e que os galegos e galegas teñan máis cartos nos petos, que poidan dispoñer de máis cartos para o seu día a día.

E fíxese se sen subir impostos se poden facer máis cousas —como dicía vostede, máis sanidade, máis atención e máis educación—, señora Rodil, que cando vostedes gobernaron nese nostálxico Goberno bipartito —para vostedes— deixaron do Hospital de Lugo simplemente o edificio, sen nada dentro, e —iso si— catro maquetas do Álvaro Cunqueiro. E o Partido Popular, con menos cartos, menos ingresos e menos impostos, ten en marcha o Álvaro Cunqueiro, o HULA de Lugo e moitos máis centros de saúde que vostedes. *(Aplausos.)*

Señor Rivera, non podemos aceptar as súas emendas, pero tampouco podemos aceptar que vostede nos veña dicir que subamos os impostos. Non, iso xa sabemos que é do Partido Socialista. Pero xa lle expliquei que, para ter máis capacidade de gasto, non hai que ter máis ingresos vía impostos, hai que ter unha mellor capacidade de xestión. E esa é a que ten demostrado o presidente Feijóo ao longo de todos os anos. E foi avalado nas urnas no 2009, no 2012, no 2016 e no 2020. Os galegos e as galegas saben quen lles interesa que os goberne. Queren ter máis cartos no peto e que se xestionen mellor os cartos. E eu entendo que o Partido Socialista sempre ten moita dificultade para entender que con menos se pode facer máis. Pero a evidencia e a realidade é esa.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E sobre a Lei de acompañamento, mire, di vostede que é legal e constitucional. Efectivamente, pero, cando vostede fala aquí dos votos particulares do Tribunal Constitucional, ten que saber, señor Rivera, que eses votos particulares son á Lei de acompañamento dos orzamentos do Estado. Porque esta lei de medidas é unha lei ordinaria, é unha lei que mesmo se podería aprobar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...sen ter os orzamentos, sen que entrase na Cámara a Lei de orzamentos. De feito, o ano pasado o goberno socialista de Valencia rexistrou a lei de medidas ao mesmo tempo que prorrogaba os orzamentos do ano anterior. É dicir, sen ter rexistrados os orzamentos na cámara, o Partido Socialista rexistrou a lei de medias. E, claro, que vostede veña aquí a dicir que é escasamente democrática cando o señor Sánchez modifica 34 leis na lei de acompañamento....

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...cos informes dos letrados do Congreso dos Deputados en contra —informes que aquí non son contrarios, para nada, e vostede sábeo—, non deixa de resultar simpático, señor Rivera.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda para definirse sobre as emendas. Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Bo día novamente.

En relación coa corrección de erros á que facía alusión a señora Paula Prado, efectivamente, nesta cordialidade parlamentaria imos admitir, admitimos, nunha redacción consensuada. Eu o que lle pido á Xunta de Galicia —neste caso o autor da iniciativa— é que lles dea posibilidades aos grupos de facer emendas a todas as modificacións lexislativas que fai, incluídas as que se fan a través deste tipo de cuestións. Porque isto é unha corrección de erros pero modifica un artigo, un artigo respecto do cal os grupos políticos non podemos facer emendas co trámite adecuado. Recollemos a apelación á cordialidade, pero entendemos que isto ten que ser excepcional e isto non pode volver pasar.

Vostede falaba aquí dunha serie de cuestións en relación coas emendas que o Partido Popular plantexa á propia Lei de medidas. Nós non discutimos que o Partido Popular —por suposto que si— poida facer emendas á Lei de medidas. O que non nos parece, en fin, demasiado ético

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é que o Partido Popular introduza, vía emendas, modificacións de leis que non están na Lei de medidas, como é o que cunha emenda súa —a emenda número non sei cal— que modifica a Lei de caza. Parécenos incluso kafkiano este modo e esta técnica de facer lexislación. É dicir, é unha emenda onde os grupos políticos non nos podemos posicionar porque non vai nin na propia Lei de medidas. Hai unha lei que introducen vostedes e que modifican a través dunha emenda con este tipo de técnicas. Por iso dicía vostede que a Lei de medidas é unha lei útil. Eu considero que neste contexto é unha lei absolutamente inútil, salvo con aquilo que teña que ver con cuestións orzamentarias ou de execución orzamentaria, porque todo o que introduce esta lei son improvisacións da Xunta de Galicia con ese modo de lexislar a impulsos e a golpe de ocorrencias. E ten translación, evidentemente, ano tras ano, porque sempre se modifican as mesmas leis, ou practicamente as mesmas leis —e incluso nalgunhas leis son os mesmos artigos todos os anos—.

En relación coas emendas, nós, en fin, imos aceptar as emendas do BNG. Non coincidimos exactamente —por suposto que non— co plantexamento do BNG nin no ámbito fiscal nin nalgunha outra cuestión, pero entendemos que hai un principio que as orienta, que é o principio de progresividade fiscal, que nós respectamos. E, polo tanto, ímolas apoiar.

En relación coa emenda do BNG relativa ao imposto ás vivendas baleiras, en fin, queremos facer aquí un inciso. Nós podemos entender a filosofía de fondo, que é gravar impositivamente os grandes tenedores de vivendas, que as teñen desocupadas —bancos, fondos de investimento—. O que pasa é que hai que definir con maior precisión o concepto de persoa xurídica da que falan vostedes como suxeito pasivo, na medida en que unha persoa xurídica tamén é unha sociedade limitada unipersoal; polo tanto, tamén pode ter vivendas esa persoa xurídica. Pero entendemos cal é o fondo do asunto e, polo tanto, non imos discutir ese tipo de cuestións.

En relación coas emendas do Partido Popular —32 emendas—, efectivamente, modifican vostedes —novamente vía emenda á Lei de medidas— a Lei de augas de Galicia para introducir ese canon. Vostedes, a través da emenda modifican novamente, ou emendan novamente, a lei no relativo ao canon da auga a través desa emenda que vostedes plantexan. E nós dicimos que esa é unha emenda absolutamente inútil, non ten impacto económico. Na propia memoria da Lei de medidas fiscais o impacto económico da medida son 96.000 euros, se non me equivoco. En Galicia hai 21.000 establecementos que son os que teoricamente son receptores dese beneficio fiscal. Polo tanto, non ten impacto, non ten impacto ningún.

E vostede facía a comparación seguinte: «*Bueno, es que el Estado...*» ¡Oia, o Estado...! En fin, eu non veño falar do Estado, do Estado xa fala quen ten que falar. Os que falan fundamentalmente do Goberno do Estado son vostedes. Pero, xa que falamos, do Estado hai 1.200 millóns neste ano para soster a economía galega, ¡os ERTE, os autónomos..., 685 millóns no orzamento da Xunta, asumindo o 1,1 % do déficit que lle corresponde á Xunta de Galicia...! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro, si, si...! «¡Incrible o que di!» Eu non sei se o señor conselleiro está no debate, pero, bueno, se quere, debatemos con el.

En fin, esta é a posición do Partido Popular, a da confrontación permanente co Goberno do Estado mentres autorrenuncia ás competencias propias —especialmente en materia fiscal e

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en materia tributaria—. Logo imos e confrontamos co Goberno do Estado —*España nos roba, Madrid nos roba*, *el gobierno Sánchez*...—. En fin, esta é a política fiscal do Partido Popular.

Porque, se non, no imposto de sucesións, por exemplo —onde hai 1.100 millóns de bonificacións fiscais nos últimos nove anos, dende o ano 2010 ao ano 2019—, vostedes replantexarían a base impoñible exenta. Porque, ¿a quen beneficia? ¿A quen beneficia a exención dun millón de euros na base impoñible do imposto de sucesións? ¡Aos que máis teñen!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FRANCISO RIVERA: ¿Ou é que neste país os causantes, cando falece unha familia media aquí en Galicia con dous fillos, lles deixan moitos millóns aos fillos? Eu non sei, eu non sei se iso é así ou non, se hai moitas familias que teñan millóns de euros; pero eu creo que non, creo que non. Polo tanto, este tipo de impostos e este tipo de exencións fiscais e bonificacións fiscais están pensadas —igual que no imposto de patrimonio— para os que máis teñen. Polo tanto, os beneficios fiscais son exponencialmente beneficiosos para as rendas altas. Esa é a súa política fiscal, e esa é a política fiscal que nós emendamos a través das emendas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISO RIVERA: Por certo, o rodillo do Partido Popular é absoluto. Admitir tres emendas pois está moi ben, e incluso transaccionar algunha. Pero iso non implica que neste debate da Lei de medidas houbese o máis mínimo diálogo a este respecto.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

En primeiro lugar, a respecto desa proposta de consenso que formalmente xa anunciaba agora a señora Prado, nós, desde o BNG, imos facilitar esa corrección, porque é un erro de numeración, fundamentalmente, que ocasiona unha repercusión de maior alcance que o que podería parecer simplemente un erro á hora de fixar os números, a numeración dos distintos apartados do artigo; pero tamén por unha razón fundamental sobre a que levamos falando no BNG ao longo de todo o debate dende que comezou esta mañá, e é que somos responsables, ao contrario do que se di aquí moitas veces —e eu supoño que acaban crendo as súas mentiras—, somos persoas enormemente dialogantes, enormemennte racionais, que mesmo na discrepancia sabemos atopar puntos de encontro cando se trata —iso tamén o

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quero deixar moi claro— de defender os intereses deste país, e sobre todo nun exercicio de responsabilidade absoluta non para co Goberno, senón para co conxunto das galegas e dos galegos. Porque, se non me falla a min tamén a memoria, ese artigo ten que ver especificamente coas traballadoras e cos traballadores públicos.

En segundo lugar, dicía a señora Prado —e isto xa foi obxecto de debate recorrente ao longo de todo o proceso de tramitación da lei— que as modificacións sucesivas, constantes e permanentes das leis que traen con estas leis de acompañamento é para adaptalas á realidade —que, se lles facemos caso a vostedes, muda dun día para outro ¿non?, muda permanentemente, está nun constante cambio—. E certo é que a realidade e a sociedade é dinámica, pero as leis teñen unha vocación de permanencia no tempo, máis alá, moitas veces, duns meses, como nalgúns exemplos recentes de modificacións sen case levar un ano en vigor.

E poño casos concretos que están recollidos no texto que se vai votar hoxe. Dicía na miña primeira intervención que a modificación, a modificación que vostedes propoñen —unha delas—, sobre a Lei de mobilidade de terras, ou a proposta de modificación da Lei de prevención de incendios, van durar tanto en vigor como tarden en aprobar a Lei de recuperación da terra agraria, que será obxecto de debate a continuación, pouco despois de que se vote ou rematemos este debate.

E non é o único, está o caso da Lei de incendios forestais. A modificación que se recolle nesta Lei de acompañamento neste ano insisto en que é un clásico das leis de acompañamento do Partido Popular, que modificou sete veces a práctica totalidade do seu articulado. Este ano volven mudar o artigo 12 —que vai pola cuarta redacción—, o artigo 16 —que reformaron cinco veces—, e o 20 *bis* —que con esta xa son cinco veces as que o cambiaron—. A Lei de mobilidade de terras de 2011 vai na quinta reforma —a ver canto dura esta—. Concretamente este ano van modificar o 47 *ter*, que crearon e introduciron vostedes o ano pasado tamén a través da Lei de acompañamento aos orzamentos correspondentes ao ano 2020. Insisto, e repito o que dixen no primeiro debate sobre a emenda á totalidade deste proxecto de lei, vostedes teñen un concepto de permanencia no tempo que é máis curto que o pico dunha boina, porque basicamente lles duran escasos meses en vigor esas reformas legais, reformas que teñen unha implicación directa na vida diaria das persoas que son, por exemplo, propietarias de predios rústicos neste país —que hai máis dun millón de persoas que son propietarias de predios rústicos— e que xeran unha inseguridade xurídica terrible para o conxunto da poboación deste país e que non teñen vocación de permanencia no tempo. Insisto en que, en canto se tramiten outras leis que están en marcha ou van entrar agora para ser tramitadas nesta Cámara, volverán modificar o xa modificado e que se vai aprobar seguramente —non creo que haxa sorpresas niso— hoxe.

E por último, e xa para rematar, falaba de nostalxia a señora Prado, e dicíao a portavoz neste caso, neste debate, dun grupo que quedou atrapado entre 2005 e 2008 por puro fariseísmo político, porque quen vive permanentemente instalado en tres anos e medio de goberno alternativo ao Partido Popular é o propio Partido Popular. *(Aplausos.)*

E, se mo permiten —xa que falamos de *youtubers* e *instagramers*—, o que lles pido, señora Prado, é que se actualicen. Actualícense, porque están vostedes diante do seu propio reflexo,

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

están camiño de levar doce anos —con todas a responsabilidade que iso conleva— á fronte do Goberno deste país. Deixen de ver fantasmas onde só están vostedes propios.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar quero agradecer o apoio dos grupos a introducir esa redacción consensuada que facilitaría darlle coherencia a ese artigo 35 da Lei de contratos, modificada polo artigo 31 desta lei. Grazas, señor Rivera.

Señor Rivera, antes, por falta de tempo, non lle puiden contestar a unha cuestión da que vostede falou. Falou vostede de que introducimos unhas bonificacións fiscais en materia de xogo e sobre por que non se incluían noutros sectores como o comercio ou a hostalaría. E vostede agora queixábase amargamente de que non lles facilitabamos poder emendar, por exemplo, a Lei de caza porque nós a introducimos vía emenda. Pero é que, por exemplo, neste artigo que vostede criticou si tiña posibilidades de emendar. Vostede di: «Vostedes só prestan bonificacións ao sector de xogo». ¡Oia!, pero ¿por que non emendaron vostedes e incorporaron vostedes as mesmas bonificacións ao sector da hostalaría, ao sector do comercio e a todos eses sectores dos que vostede dixo aquí que tanto lles preocupan? ¡Ah, non!

Mire, nós preferimos darlles axudas directas a eses sectores e bonificacións ao sector do xogo. Vostedes, nin axudas directas nin bonificacións. Señor Rivera, dígame vostede entón a que se dedican, porque vostede formulou unha emenda de supresión. Porque di: «Non, bonificacións ao sector do xogo, non». ¿Por que? «Porque, bueno, consideramos que tamén tiñan que estar outros sectores». Pois, en vez de facer unha emenda de supresión, fixera vostede unha emenda de adición e incorporara máis sectores. ¡Nin o un nin o outro!

Pero, mire, nese caso, señor Rivera, nós estamos facendo algo no que non imos en contra do que fan outras comunidades autónomas nas que goberna o Partido Socialista. Porque, mire, esa bonificación vai na liña do que fixeron outras comunidades autónomas, é un beneficio fiscal que axuda na situación provocada a este sector. As comunidades autónomas que adoptaron algún tipo de bonificación na taxa fiscal sobe o xogo de máquinas son Murcia, Estremadura, Valencia, Cataluña, Andalucía, Aragón, Navarra, Canarias, Baleares, A Rioxa ou Guipúscoa. E Aragón incluso estableceu bonificacións aplicables a taxas fiscais sobre o xogo a bingos e casinos.

Señor Rivera, eu cando falo doutras comunidades autónomas, de moitas gobernadas polo Partido Socialista, ou cando falo do Estado, non é para ter aquí un debate sobre o que fan outros. Falo de coherencia, da coherencia do Partido Socialista, que onde goberna fai unha

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cousa e onde é oposición di a contraria; porque o Partido Popular non o pode facer, pero o Partido Socialista, onde goberna, si. Mire, iso é moi difícil de defender, señor Rivera, é moi difícil de defender. E eu o que fago é unha crítica á súa incoherencia. Non veño aquí facer un debate do Estado nin destas outras comunidades autónomas. Apelo á coherencia. Agora vostede, claro, pódeme dicir que Partido Socialista de Estremadura non é o Partido Socialista de Galicia, que o Partido Socialista de Aragón non é o Partido Socialista de... Claro, non sei se é que vostedes teñen tantos partidos socialistas como formacións nas comunidades autónomas e se, a maiores, teñen outro partido socialista, que é o do señor Sánchez. Teñen 18 partidos socialistas. Bueno, a verdade é que é tamén unha novidade.

Ben, señora Rodil, se eu falo do Bipartito, é porque vostedes constantemente —igual vostede non, pero si ten aí un deputado que o fai constantemente— na Comisión 1ª están defendendo o que fixo o Bipartito. E o señor Rivera no debate destas emendas tamén falou do bo goberno do Bipartito. Non é unha obsesión do Partido Popular, ¡é que vostedes añoran ese Goberno bipartito! *(Murmurios.)* ¡É que vostedes teñen nostalxia do que facían daquela! E a miña obriga é poñelo enriba da mesa e mostrarlles as súas incoherencias.

Ben, eu dicía que esta, efectivamente, non é a mellor ferramenta de técnica lexislativa pero é legal, é constitucional, e é democrática e útil, señor Rivera. ¡Si, é útil! É útil porque desatasca problemas, porque aquí se modifican cuestións que foron desbotadas por sentenzas. Se hai unha sentenza do Tribunal Superior de Galicia que di que hai que suprimir un parágrafo dun artigo, introducímolo na Lei de medidas. E ¿que fai o Partido Socialista? Introduce unha emenda para recuperar esa supresión. ¡Home, señor Rivera! ¡Como lles imos aceptar emendas dese tipo! ¡Como lles imos aceptar emendas da Lei de emprego público que van en contra do Estatuto do empregado público, que van en contra da lei estatal! ¡Non podemos, señor Rivera! Xa llo expliquei, pero, bueno, agora non teño moito máis tempo. E vostede sabe perfectamente que non aplicamos o rodillo, que, cando unha cousa é de sentido común, a aprobamos, apoiamos ou transaccionamos.

Señora Rodil, a suba de impostos non ten sentido de ningún tipo, nin sentido común nin sentido práctico. E non é útil, créame, non é útil. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes, con máis cartos e máis impostos, non foron quen de facer nin un só hospital en Galicia en catro anos de goberno. Miren o que fixo o Partido Popular. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Ben, eu remato xa. Aprobamos hoxe unha lei que intensifica as políticas de igualdade, que establece beneficios para o persoal público sanitario e sociosanitario que estivo en primeira liña da atención pola covid-19, que reduce a presión fiscal aos sectores máis castigados pola pandemia e a crise económica que esta xera, e modifica lexislación que mellora a execución das políticas forestais e de medio rural.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Sinceramente, señorías, creo que, aínda que non sexa a mellor ferramenta, nós estamos chamados a ser útiles aos cidadáns. E créanme que esta lei é útil para moitas cousas que benefician os galegos e as galegas.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Mantéñense as emendas, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, da 1 á 3, 6, 8, 10 á 12, 16 á 25, 28 á 43, 45 á 49, 53, 55, 56, 58, 61, 62, 65, 66, 68, 69, 72, 75, 78, 79, 82 á 88, 92 á 94 e 99 á 102.

E o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego tamén mantén as emendas da 2 á 7, da 10 á 16, 19, 20, 22, 24 á 30, 32 á 36, 39 á 43, 44 á 51, 53 á 56, 59 á 68, e 72 á 80.

Para presentar o ditame da comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A señora presidenta da COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Porro Martínez): Grazas, presidente.

Señorías, o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento na data do 29 de setembro de 2020. A súa admisión a trámite efectuouna a Mesa do Parlamento na reunión do 5 de outubro, e procedeuse á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 24 de outubro e 11 de novembro de 2020 — respectivamente para as emendas á totalidade e ao articulado—.

Concretamente, as emendas á totalidade de devolución presentadas polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia rexeitáronse na sesión plenaria do 24 de novembro de 2020. Pola súa parte, as emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite foron un total de 189 —102 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 80 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 7 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia—.

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 3 de decembro de 2020, designou a ponencia encargada de elaborar o informe, que se constituíu nesa mesma data. E nas cinco reunións seguintes, as relatoras titulares —dona Raquel Arias Rodríguez, polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia; dona Olalla Rodil Fernández, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e dona Marina Ortega Otero, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia— elaboraron o informe coas recomendacións definitivas, que emitiron con data 29 de decembro.

Posteriormente, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do pasado 15 de xaneiro, aprobou o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria, e cuxo texto consta dunha exposición de motivos seguida dun total de 109 artigos que se agrupan

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

en tres títulos. O título preliminar recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de aplicación, as definicións e os principios reitores e os de actuación. O título I é o relativo aos criterios de actuación e organización; e o título II versa sobre as políticas públicas para o impulso demográfico. Por último, a súa parte final está integrada por dúas disposicións adicionais, unha disposición derrogatoria e oito disposicións derradeiras, nas que se establece a modificación levada a cabo en diferentes corpos normativos e preceptúa a súa entrada en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, do Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Quero comezar nomeando unha palabra moi importante: empatía. É unha palabra moi familiar para as persoas que estudamos psicoloxía —que sei que aquí hai varias—, pero agora tamén para toda a cidadanía —e máis nun contexto como o que estamos a vivir—. Empatía significa poñerse no lugar dos demais para poder saber o que senten nunha determinada situación. Empatía é esa palabra que hoxe máis ca nunca cobra significado, hai xente que a ten máis desenvolvida e outra, menos; pero hai algo que todos e todas sabemos, e é que a empatía está asegurada cando pasamos pola mesma situación.

Eu pertenzo a unha xeración perdida, a esa fuga de talento e capacidade, a unha xeración na que tanto os mozos como as mozas non atoparon na nosa terra un futuro acorde coas súas posibilidades. Foi unha xeración na que moitos mozos e mozas tiñan vontade de traballar aquí, unha xeración moi preparada a nivel profesional ou con estudos medios ou superiores —e moitos e moitas de nós, grazas a becas—. E todos, por suposto, tivemos axuda das nosas familias, de pais e nais que quixeron que os seus fillos tiveran a oportunidade que a maioría deles non tiveron. Pero ese soño esvaeceuse para a maioría cando saíron ao mercado laboral con toda a ilusión e se atoparon cunha dura realidade: moitas veces directamente co desemprego e, despois, co triste dilema de ter que elixir entre un traballo menos cualificado ou precario ou facer as maletas e deixar a súa terra, a súa familia, as súas amizades, a súa vida e raíces en Galicia. *(Aplausos.)*

Eu son desa xeración e teño a maioría das amizades fóra. Sei o mal que o pasaron, sei a pena das súas familias. E por todo iso non podo evitar pensar nas novas xeracións hoxe en día

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nesta crise. Non podo evitar pensar no que estará sentindo aquela xuventude que está buscando un traballo nesta situación tan complexa. E por todo iso, señorías, non podo entender como o Goberno galego recortou no presuposto da partida específica de xuventude nos presupostos deste ano. Este feito lévanos ao temor de revivir o mesmo unha vez máis. Non podo entender como é posible traer a esta Cámara unha lei de impulso demográfico recortando na partida económica específica de xuventude, cando sabemos que se trata dun piar clave para o reto demográfico, para evitar outra onda emigratoria da nosa xuventude. Non podo entender como o Goberno galego trae a esta Cámara unha lei de impulso demográfico á vez que recorta a partida específica de fixación de poboación no medio rural. Non podo entender, señorías, como o Partido Popular trae esta lei á vez que pecha escolas no rural. *(Aplausos.)* Non podo entender como este goberno do Partido Popular trae unha lei que supostamente é para loitar contra o despoboamento galego e logo o PP galego non ten piedade cando se trata de recortar en sanidade —case cincocentas camas hospitalarias menos na última década—. ¡É o mundo ao revés, o colmo da incoherencia!

Felicito dende aquí —iso si— o equipo de márketing do Goberno galego, que fai que teñan titulares e saian nos medios dicindo que son os primeiros en traer unha lei de impulso demográfico. Mentres, ao mesmo tempo, recortan servizos no rural, na sanidade, na educación, na xuventude, e hai un balance de 70.000 empregos menos na última década en Galicia, todo un cóctel molotov para unha fuxida en masa. *(Aplausos.)*

Aquí temos a conselleira de Política Social. ¿Onde están os seus compañeiros? Está soa. ¿Onde están os seus compañeiros e compañeiras, conselleiros e conselleiras, e o propio presidente, que teñen que formar parte dun asunto tan importante para Galicia? *(Murmurios.)* ¿Onde está o traballo en equipo nun eido no cal todas as competencias da Xunta deberían estar traballando e poñendo os recursos nun asunto de tal envergadura para a nosa terra? Galicia é a comunidade máis afectada de toda España polo despoboamento. Temos que ser conscientes dunha cousa: a nosa terra é o lugar premonitorio dun desafío que debemos encarar con responsabilidade. Esta lei non o fai porque amosa unha visión totalmente reducionista esquecendo a premisa da cal debe partir un proxecto de tal magnitude: a transversalidade. Todas as áreas do Goberno galego deberían de plasmar nesta lei un traballo e unha posta de recursos en marcha que non existe; polo que, como resultado, se ofrece unha lei de escaparate baleira de contido. Non se pode plasmar só unha área, teñen que estar todas as áreas plasmadas. É unha visión reducionista. O groso baséase en medidas puntuais e sen gran transcendencia no ámbito familiar, pero esquécense outros piares, como son a fixación de poboación no medio rural —no que baixa a partida, xa o comentei— e a xuventude —piares sen os cales esta lei non ten sentido máis que para dar un simple titular—.

¿Onde están os compromisos para blindar servizos —como na sanidade pública, en educación ou vivenda— para achegarnos á igualdade de oportunidades con independencia de onde vivamos, sexa medio rural ou urbano? ¿Onde están as medidas de calado para o reequilibrio poboacional impulsando o rural e o talento asociado ao territorio? Falta unidade e traballo en equipo para garantir esa transversalidade *sine qua non* que ten que ter toda lei para que cobre sentido. Non deixa de ser un reflexo de que o Goberno galego está descoordinado, cunhas áreas funcionando independentemente das outras. E isto ten que cambiar tendo en conta o momento no cal nos atopamos.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, hai outro problema non menos importante do cal parte o Goberno galego e que impide estudar e facer unha diagnose clara para elaborar un plan que funcione. E trátase do negacionismo dun Goberno galego que non admite a perda da chamada «xeración mellor formada da historia», a tamén chamada «fuga de talento». O propio Foro Económico de Galicia puxo o foco nesta cuestión a través dun informe recente que titula *Fuga de talento en Galicia, ¿mito ou realidade?* E estas son as conclusións. Insiste —e cito textualmente— «na necesidade de abrir un debate sobre esta cuestión con datos específicos e obxectivos. A fuga de talento é algo a ter moi presente. A mobilidade dos traballadores é algo innato na economía. O problema xorde cando de xeito sistemático se renuncia a persoas altamente formadas que se ven obrigadas a emigrar. Galicia incorre anualmente nun custo por formar titulados que finalmente emigran» —ollo ao dato— «de como mínimo 170 millóns de euros ao ano». Iso é o que nos custa aos galegos e ás galegas. Ademais, este proceso migratorio de titulados galegos supón unha perda de 1.500 nacementos de nenos e nenas que deixan de nacer en Galicia.

Outro dato importante, derivado desta emigración do noso talento, é que se deixan de crear ao ano 315 novas empresas en Galicia.

Son datos alarmantes e preocupantes, pero que dan constancia desta realidade.

Tras estes datos, os propios autores realizan e recomendan certas cuestións claves:

Primeira, é necesario un esforzo maior en materia de emprego que permita axustar a oferta e a demanda de traballo.

Segundo. A creación de postos de traballo ten que pasar necesariamente pola creación de empresas innovadoras; máis investimento en innovación e investigación. É preciso aprobar políticas públicas que posibiliten competir en igualdade de condicións. Temos que impulsar as actividades relacionadas coa tecnoloxía en Galicia, é urxente. É preciso impulsar a cooperación entre o sector produtivo e o sistema universitario de Galicia. Hai que garantir calidade de vida en xeral e, en particular —e cito textualmente—, á xuventude para que non emigren. Se queremos recuperar e atraer talento hai que desenvolver políticas de retorno e atracción de talento.

Pero non só isto, existen moitas outras evidencias como as do propio departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, que indica que aproximadamente 150.000 galegos e galegas tiveron que deixar Galicia nas últimas dúas décadas. O problema —indican— non só é cuantitativo, senón cualitativo, xa que se van persoas novas e con ampla formación.

O noso grupo elaborou unha serie de emendas partindo dunha base: que non compartimos a propia esencia desta lei; polo que consideramos que sería necesario unha reelaboración completa dun texto lexislativo que fai unha mera declaración de intencións de nulo calado para a nosa sociedade e sen comprometer partidas orzamentarias ou accións concretas que se tornen significativas para un dos desafíos máis importantes para a nosa terra.

¿De que vale unha lei que reduce a súa visión só en detalles ou axudas puntuais para nais e pais ou no ámbito natalista? ¿De que me serve un cheque infantil se logo non teño un pediatra ou unha escola accesible para levar o meu fillo? *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu veño do epicentro da despoboación, Ourense. Na nosa provincia estamos a ser testemuñas do que vai acontecer no resto de Galicia e do país, se non o facemos ben, por suposto. Alí somos conscientes, porque vivimos a realidade dende dentro, de que o problema non só é o propio envellecemento poboacional, senón a xuventude que marcha. E para que isto non pase non podemos volver perder 70.000 empregos, como na última década en Galicia, mentres que no resto do país se incrementaban. Non poden seguir recortando na sanidade pública como medio milleiro de camas hospitalarias na última década, ou todos os profesionais sanitarios que faltan. Non podemos consentir que sigan recortando en educación nin en servizos alá onde fan máis falta para reequilibrar o territorio no rural. ¿Por que castigan o rural agora, por exemplo, quitando servizos cun novo contrato de transporte escolar que fixo que os nenos e nenas empeorasen o servizo que os leva ás escolas, incluso tendo que pasar máis horas no transporte ou incluso desprendéndose dos propios empregos locais, que esa é a clave do reto demográfico?

Estes son os piares, se queremos falar en serio da reconstrución demográfica e non usar unha lei só para saír en titulares.

¿Onde están recollidos os compromisos claros co rural? ¿Onde están as medidas concretas ou liñas de acción económica para fomentar o emprego de calidade e axustar a oferta e a demanda? ¿Onde están as medidas para fomentar o traballo da xuventude? ¿Onde están as medidas concretas para garantir o dereito á vivenda ao longo do territorio? ¿Onde está o investimento deste goberno en industria e comercio para fomentar o reequilibrio territorial? ¿Onde está o compromiso de blindar servizos públicos en materia de sanidade, educación e atención aos maiores e dependentes no rural? ¿Onde están os compromisos, medidas e fondos para dinamizar a poboación?

Reescribamos a historia de Galicia, mudemos o rumbo, fagámolo posible todos xuntos, todas a áreas dun goberno, poñendo os recursos sobre a mesa. *(Aplausos.)* Non poden ir por un lado as letras do título desta lei e, por outro, e en dirección contraria, o tipo de políticas que caracterizan este goberno galego dende hai máis dunha década.

Os socialistas galegos, por responsabilidade, non podemos apoiar esta lei, porque sería enganar a propia cidadanía, porque é un papel mollado que non é solución do grave problema demográfico do noso país. O problema da demografía non se soluciona cunha lei con palabras que non comprometen a este goberno a nada, tampouco con enfoques neonatalistas, porque é unha cuestión moi complexa que abarca todos os sectores. Non pode estar a conselleira de Política Social soa, tiñan que estar todos os conselleiros e conselleiras.

Pero para establecer as bases para rachar as dinámicas demográficas existentes, para que exista poboación e novas tendencias, traballen dende a Xunta de Galicia para que exista emprego de calidade, servizos sociais e vivenda. É aquí, neste tipo de cuestións e nas que acabo de relatar, onde falla o Goberno galego.

¿E saben por que traen unha lei que non compromete a practicamente nada na maioría das áreas, pero que si logrará seguramente titulares en demografía? Porque queren agochar as políticas regresivas dos últimos once anos, queren correr unha cortina de fume para tapar os recortes que nos trouxeron ata aquí.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta lei non ten o alcance nin a dimensión nin o compromiso suficiente para abordar o grave reto demográfico de Galicia. O tempo pasa, Galicia faise máis pequena en poboación e maior en idade, e vostedes seguen sen xerar oportunidades para a xente do noso país e recortándoas. Ante unha lei reducionista, sen transversalidade e negacionista dunha realidade, non queremos ser cómplices deste engano á cidadanía. Reformulen e comprometan accións e partidas claras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

Intentarei tamén ser o máis clara e o máis directa posible.

Miren, cando empezou o proceso de tramitación desta lei aquí —eu díxeno o día que debatemos a emenda á totalidade que presentou o BNG—, unha das preguntas que nos faciamos nós era se para enfrontar un cambio demográfico tan grande como o que padeceu o noso país nas últimas décadas era necesario unha lei. E diciamos xa naquela altura que entendiamos esta lei como un acordo de país ou como unha forma para situar enriba da mesa unha prioridade política, un consenso, cando menos, de todas as forzas que compoñen esta Cámara.

E enfrontamos este debate cun obxectivo, que era encarar eu creo que un dos maiores desafíos que temos como galegas e como galegos no presente e no futuro, que non é outro que o primeiro: adaptarnos á nosa propia realidade e non vivir de costas a ela.

¿Cal era o enfoque co que nós traballabamos desde o BNG cando empezou o proceso de tramitación desta lei? Enfrontar ese desafío co obxectivo de xerar oportunidades para o desenvolvemento que fagan posible un proxecto de vida coas maiores cotas de benestar no noso país, porque o comportamento demográfico e a demografía non é nin unha suma nin unha resta de mortes e nacementos, senón que depende por completo do modelo de desenvolvemento que se aplique nun determinado territorio ou nun determinado país.

O impulso demográfico non consiste en pretender alcanzar un número determinado de habitantes como unha cifra ideal, non consiste en conseguir un obxectivo concreto en canto ao número de poboación, senón en que as persoas que vivimos e que traballamos nun determinado territorio, nun determinado país, sexan moitas ou poucas, conten co preciso para poder desenvolver un proxecto de vida —insisto— coas maiores cotas de benestar social e colectivo posibles. Iso é o impulso demográfico.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E unha das emendas que presentou o BNG precisamente ía modificar a definición que de impulso demográfico se dá na lei para poñer e facer moito énfase nesta cuestión.

Nós, cando comezou o proceso de tramitación, presentamos unha emenda de totalidade de devolución. Pediámoslle ao Goberno que volvese coller o texto e, por tres razóns políticas fundamentalmente, que lle dera unha volta e que o volvese traer, despois desa repensada, aquí. O primeiro porque estaba inzado e está inzado de vaguidades e de xeneralidades. Non é unha lei cun obxectivo firme, algo que sinalou, por certo, non o BNG nin o resto de forzas políticas, senón o Consello Económico e Social de Galiza no informe que acompaña o propio texto que foi remitido a esta Cámara.

Nós desde o BNG quixemos, durante todo este proceso de tramitación, fixar compromisos concretos para converter esas declaracións de intencións en obxectivos reais. Quixemos pór prazos concretos para o desenvolvemento da propia lei e que eses brindes ao sol tivesen que materializarse nun período de tempo determinado. Todas e cada unha das emendas do BNG dirixidas a fixar ese prazo temporal foron rexeitadas; non se aceptou ningunha. E isto non é baladí, non é unha teima ou unha ocorrencia desta señoría cando se levantou un día pola mañá. Miren, hai artigos da lei que, máis que reflectir compromisos concretos do propio Goberno, o que evidencian son os seus incumprimentos ao longo dos últimos once —vai xa para doce— anos; anuncios algúns deles, por certo, que colleron enorme intensidade mediática nas últimas semanas.

Un dos grandes titulares que viamos estes días era a novidade que introduce este texto no que ten a ver co recoñecemento e a creación dun rexistro de familias monoparentais e dun plan específico para atender a realidade específica deste tipo de familias, de familias monoparentais, na súa grande maioría formadas por mulleres.

Vostedes votaron tres veces en contra de iniciativas do BNG nesta Cámara ao longo dos últimos catro anos que tiñan, precisamente, ese obxectivo: o recoñecemento e a creación do Rexistro de Familias Monoparentais. A última, dun proxecto de lei que defendemos e trouxemos a esta Cámara no ano 2018. Ese é o diálogo e o consenso do Partido Popular.

Pero é que, ademais, era unha promesa anunciada e adquirida pola propia Xunta de Galiza no ano 2011, era conselleiro de Política Social Rey Varela.

Tamén nos anunciaban a Estratexia de soidade non desexada. Ese foi un compromiso adquirido por unanimidade nesta Cámara no ano 2019. Nós aí fixemos unha pequena proba e presentamos unha emenda para que no prazo de seis meses se presentase publicamente e se aprobase esa estratexia para enfrontar a soidade non desexada en fogares galegos. E díxosenos: non o podemos aceptar, seis meses é imposible. Dixeron no ano 2019 —e acabamos de empezar, como saben, 2021— que xa estaban traballando nela. Nós fixemos ese pequeno xogo dos seis meses para ver se, efectivamente, se estaba traballando ou non, e xa nos queda claro que non.

Outra das grandes promesas ou dos grandes compromisos é a extensión, por exemplo, da teleasistencia avanzada, cando a básica apenas ten un grao de cobertura hoxe no noso país

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—datos tanto do Imserso como do Foro Económico de Galiza— do 2,7 %, 8 puntos por debaixo da media do Estado. Neste pleno falaremos, e moito, deste tipo de servizos. Once anos de goberno e, de acordo cos datos da propia Consellería, no 2019 había en Galiza 8.212 persoas con teleasistencia básica e 161 con teleasistencia plus ou avanzada ou, polo menos, máis avanzada que a anterior. Para facernos unha imaxe o máis aproximada á realidade posible do que estamos falando, en Galiza hai máis de 67.000 persoas con dependencia recoñecida por lei. É unha porcentaxe baixísima, e aquí anúnciase a bombo e prato que, de repente, imos pasar de 2,7 % de cobertura da básica a unha cobertura absoluta, sen fixar ningún tipo de prazo ou compromiso real e temporal á teleasistencia básica.

Tamén defendemos a nosa emenda de devolución e a posición que vén mantendo este grupo a respecto da lei de que era un proxecto que teima en políticas natalistas fracasadas. Eu sei que non lles gusta escoitar isto, que din que non é certo, pero póñolles o exemplo dunha estratexia de dinamización —daquela chamábanlle así— demográfica que aprobou o Goberno da Xunta de Galiza e do Partido Popular no ano 2013. Vostedes vaian outra vez a esa Estratexia e fíxense cales eran as políticas. Son exactamente as mesmas que están recollidas no groso do articulado desta lei.

No ano 2013 vostedes marcábannos o obxectivo de que Galiza chegase ao 1,5 de taxa de natalidade no noso país. Saía hoxe un pouco máis avanzado, un pouco máis devagar, o informe do Instituto Galego de Estatística respecto das variables de demografía. Boten un ollo a cal é a realidade, sete anos despois de gobernos do Partido Popular. Teiman e insisten; insisten nas mesmas políticas que os van levar ao mesmo resultado que até este momento.

¿Que quixemos nós coas nosas emendas —e imos a unha parte do debate que foi intensa en ponencia e en comisión—? Queriamos unha lei máis universal, máis inclusiva, que atenda a todas as realidades, múltiples e diversas, que existen no noso país. E aí quixemos incorporar, ao artigo de definicións, o termo «fogar» fronte á visión —dixémolo xa no primeiro dos debates— totalmente reducionista e conservadora de «familia» que introducían vostedes na lei, e digo conservadora porque a reducen a aquela que se atopa en crianza.

Como nós xa sabemos —e eu a primeira—, non somos ninguén, e, como o que din desde o Bloque e esta servidora lles entra por unha orella e lles sae pola outra, pois eu hoxe quixen traer —a ver se somos capaces, polo menos, de ter un debate academicamente nos mesmos marcos— o informe que elaborou o Observatorio Demográfico de Galiza para esta lei, usándoo como base. Porque a nós se nos dixo que «familia» e «fogar» son sinónimos. *No es verdad, es mentira.* E, entón, traio o informe, conselleira, que vostede tamén o coñece e espero que o lera con detemento.

Di o Observatorio: «O fogar privado» —e cito literalmente— «defínese como unha persoa ou conxunto de persoas que ocupan en común unha vivenda principal e parte dela ou outros bens con cargo a un mesmo orzamento. A familia é un grupo de persoas, dúas ou máis, que, residindo na mesma vivenda familiar, están vinculadas por lazos de parentesco, sexan de sangue ou políticos». Polo tanto» —di o Observatorio, non Olalla Rodil nin o Bloque—, «fogar e familia diferéncianse en que o fogar pode ser unipersoal, mentres que a familia

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ten que constar, polo menos, de dous membros». Non era unha teima, senón querer abordar unha realidade crecente e importante no noso país. *(Aplausos.)*

O Observatorio Demográfico di que en Galiza —e parece que esta é a única forza política á que lle foi de interese o seu traballo inxente e que nós agradecemos, aínda que só sexa polo coñecemento adquirido colectivamente como país— a análise da tipoloxía dos fogares reflicte o aumento da importancia relativa dos fogares unipersoais e das parellas sen descendencia. Tamén experimentan un lixeiro crecemento os monoparentais. Nas restantes categorías descende a súa representatividade.

De feito, o 50 % dos fogares unipersoais están formados por persoas maiores de 65 anos, maioritariamente mulleres. Nós cremos que esta é unha lei de futuro, ou debería —xa lles digo eu que esta non—. Esta debería ser unha lei de futuro que tería que enfrontar a realidade que temos hoxe, pero ten que ter luces longas para ver cara a onde camiña o país. E a realidade de mulleres —fundamentalmente mulleres— que viven soas en Galiza e que compoñen fogares galegos é unha realidade que hai que abordar, e iso, nunha lei de impulso demográfico, debería ser suxeito central da propia lei; desta xa lles digo eu que non.

Logo, hai un compendio de emendas que se nos dixo que non se nos podían aceptar porque falaban de investigación, de ordenación do territorio, de vivenda ou doutro tipo de dereitos, como o transporte, e que non collía todo nesta lei.

Nós, ¿que dixemos desde o principio —razón pola que presentamos esas emendas—? Que había unha ausencia de compromiso real por parte do Goberno nos dous elementos para abordar con carácter estratéxico esa realidade demográfica galega: unha, a migración, tanto os fluxos para dentro e para fóra do país, como a lonxevidade. E dicimos ausencia de compromiso, porque a maior parte das emendas do BNG, insisto, que ían, precisamente, compensar e equilibrar eses dous ámbitos no conxunto do articulado da lei foron directamente á caixa do lixo do Partido Popular.

¿Que rexeitaron —imos poñer as cartas enriba da mesa, creo que nun exercicio de democracia e transparencia—? ¿Que presentaba o BNG nas súas emendas —que case o 80 % delas acabaron na caixa do lixo—? Unha aposta estratéxica de investigación, desenvolvemento e innovación, a través da creación e fixación dun obxectivo tanxible que obrigue a Xunta de Galiza a camiñar cara a un investimento como o horizonte estratéxico do 2,5 % do PIB. Falaremos neste pleno e hoxe mesmo tamén desta cuestión. Dicir que a I+D é un sector estratéxico que ten que ser elemento central para a modernización e a transformación da economía e dos sectores produtivos galegos non se consegue só con palabras. Hai que ter obxectivos concretos e fixalos tamén por lei. Un país como o noso, que inviste menos do 1 % do seu produto interior bruto en ciencia, non vai a ningunha parte, a ningunha. *(Aplausos.)* Galiza necesita, se quere impulsarse demograficamente, máis ciencia, máis investigación, mellores condicións laborais, máis e mellores servizos públicos e, sobre todo, menos propaganda, porque coa propaganda non se come. E se non hai contrato laboral, condicións de traballo e vivenda a xente non queda nin no seu concello nin no seu país.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu invítoos —non teño tempo— a que boten unha ollada á Estratexia de impulso demográfico que ten o Goberno alemán, por exemplo, a través da rede de centros Max Planck, ou o exemplo tamén da Axencia de Impulso Demográfico para Escocia e as illas Highlands, terras altas, e illas de Escocia.

¿Que foi o que aceptou nestes últimos minutos o Partido Popular? ¿En que consiste ese suposto consenso? É que vostedes teñen unha curiosa concepción do que é o consenso: basicamente, que veñamos aquí aplaudir coas orellas e votar o que lles convén a vostedes en cada momento. E o consenso non é iso. ¿Que aceptaron? Por exemplo, a definición de «envellecemento activo» da Organización Mundial da Saúde —bueno, *una cosa subversiva*, todo o mundo o ve—; recursos para o Instituto Galego de Estatística —iso xa está noutras leis—; crear un espazo web para difundir os traballos do Observatorio de Dinamización Demográfica, polo menos cun obxectivo de coñecemento compartido e dereito de acceso á información; mudar o termo «integración» por «inclusión»; incluír as persoas maiores na participación cidadá, porque —¡curiosa visión de impulso demográfico que teñen!—, no único artigo que falan de participación cidadá, só se recollían como categorías poboacionais concretas as nenas, os nenos e os adolescentes. E, ¿que pasa co 25 % da poboación deste país? Nin voz nin voto. Incorporouse cunha emenda que se lle aceptou ao BNG. Entón, a incorporación de persoas maiores, de persoas con discapacidade e de familias monoparentais con dependentes, ou persoas con discapacidade a cargo, nas axudas para a adaptación das vivendas, que é básico, se queremos —entre outras cousas, aínda que só se queira ver en termos económicos— reducir o investimento público en materia de sanidade, que pode preverse se temos mellores condicións de vida nas nosas casas. As caídas e roturas de cadeira acaban en días ou semanas de hospitalización e, se podemos evitalas, podemos gañar mellor benestar social.

Tamén o Programa de apoio, asesoramento e acompañamento para inmigrantes, porque só se contemplaba a poboación galega retornada, e a nós parécenos estupendo, pero dicimos: ¿e se alguén vén de Namibia, se alguén vén de Istambul ou alguén vén de calquera outra parte do globo? Pois que teña tamén unha rede pública forte que garanta ese acompañamento para traballar en termos dunha sociedade máis inclusiva.

Nós aí pretendiamos, na nosa proposta, que se incorporasen, como parte das obrigas de asesoramento e información do Goberno galego, os dereitos laborais, que son dereitos fundamentais, e díxosenos que non. Vostedes saberán por que, pero eu póñolles o exemplo. Nós aceptamos esa transacción, incluso non estando ao cen por cento de acordo con ela, en aras dese consenso, dese diálogo, ou desa procura do acordo —e con isto xa remato, presidente—, porque tivemos esa vontade desde o primeiro momento. Desde o primeiro momento, tivemos vontade de diálogo, de acordo, pero o ditame que hoxe debatemos, mesmo coas achegas que melloran o texto, incorporadas polo BNG, non é suficiente porque non muda un enfoque político errado que non vai ao centro da realidade demográfica do noso país e que motivou, ademais, no seu momento, a emenda á totalidade que presentou este grupo e que motivou as emendas parciais que hoxe mantemos vivas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: O consenso —remato, presidente— hai que construílo, hai que traballalo, ten que partir, ademais, dunha vontade clara por parte de todas as partes,

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non chega con encher a boca falando del, e vostedes tiñan moi claro desde que se iniciou a tramitación deste proxecto que non ían moverse nin un ápice das súas posicións iniciais. Nós o que vemos hoxe é unha oportunidade perdida, pero, tranquilas, que seguiremos traballando aquí.

Hoxe teñen a maioría absoluta para sacar adiante...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...a súa lei, pero non é unha lei de país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

Hoxe, neste Parlamento, estamos a facer historia. Galicia convértese na primeira comunidade autónoma, tamén dentro do ámbito europeo, en contar cunha lei para afrontar o reto demográfico. Mire, o incremento da esperanza de vida, a diminución da fecundidade, a modificación dos marcos de convivencia no fogar, con estruturas familiares cada vez máis diversas —señora Olalla Rodil, é verdade— son factores comúns a todos os países desenvolvidos. Pero de como afrontemos esta nova situación, de como lle poñamos remedio, de como a miremos vai depender o futuro, o futuro de Galicia; o futuro social, económico, cultural e medioambiental. De aí a importancia desta lei nun momento en que todos os países desenvolvidos están tendo na súa axenda o reto demográfico e no que mesmo a Unión Europea e a ONU solicitan a todos os países tamén que así sexa, que se poñan mans á obra co reto demográfico, algo no que o Goberno de Galicia foi pioneiro dende o ano 2009. O Goberno de Núñez Feijóo aglutinou os intereses das autonomías que tiñan problemas semellantes. Foi ao Goberno do Estado e propuxo iniciativas como a creación do Comisionado para o reto demográfico e paralelamente emitiu informes á Comunidade Europea. Hoxe mesmo tivo unha reunión, un despacho de traballo, coa responsable de Demografía da Comunidade Europea. E, mentres, ¿que se estaba facendo en Galicia? Pois mentres en Galicia estábanse poñendo en marcha medidas totalmente innovadoras que tiñan que ver coa demografía; medidas transversais dende todas as consellerías —por certo, non sei onde está o señor Caballero, que non está hoxe escoitando isto, tanto que lle preocupa á señora Marina Ortega que estea absolutamente todo o mundo neste plenario—. Pois á parte de traballar, absolutamente desde todas as consellerías, creouse unha dirección xeral específica para a materia de demografía, o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, e medidas tan innovadoras como as que van no Plan de apoio á natalidade, onde temos as casas niño, a Tarxeta Benvida, o Bono Concilia, o Bono Coidado, ou algo que só se está a facer en Galicia, que é a gratuidade das escolas infantís para o segundo fillo e seguintes, aínda que os seguintes teñan

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis de 18 anos. Tamén temos outras medias como o Plan de fixación do rural, o de impostos cero no rural ou o Plan retorna, para que aquelas familias galegas que tiveron que emigrar poidan volver aquí.

En fin, son unha serie de medidas nas que estamos á vangarda en toda España, e hoxe, un día máis, temos a oportunidade —e ímolo facer; polo menos dende o Grupo Popular ímolo facer— de estar á vangarda, de converter en lei esas medidas que se están facendo e as que teñen que facerse no futuro.

Porque, mire, esta lei vai garantir iso que xa se está facendo, pero esta lei pon os alicerces para que a partir de agora todas as medidas que teñan que ver coa demografía se fagan absolutamente de xeito transversal, e non só dende a Xunta de Galicia, senón tamén cooperando con outras institucións, porque, se non, non poderemos levar isto a bo porto; por exemplo cos concellos, aos que se lles está dicindo: mire, vostede vai recibir do Estado e da Xunta de Galicia máis fondos se fai con nós programas de apoio á dinamización demográfica, segundo o esforzo que faga, e tamén tendo en conta a situación demográfica dos seus municipios.

Tamén vai establecer esta lei o consenso, a cooperación, o traballo en conxunto co sector privado, porque sen o sector privado, sen toda a sociedade, tampouco poderemos saír adiante.

En fin, esta lei vai sentar as bases para que todos aqueles que decidan ter un fillo, cando xa deciden ter un fillo, pensen que Galicia é o mellor lugar para crialo e para formar unha familia; para que os mozos vexan aquí o mellor lugar para desenvolverse persoal e profesionalmente e tamén para que os maiores vexan aquí o mellor lugar para levar eses anos máis avanzados da súa vida. En definitiva, un lugar para vivir e para envellecer, iso é o que pretende esta lei; esta lei á que vostedes lle están dicindo que non.

É unha lei que chega aquí cun amplo consenso, que parte do informe *Galicia: perspectivas demográficas*, ao que vostedes votaron a favor, por unanimidade —o Bloque non lle presentou ningunha alegación—, e o PSOE si presentou alegacións e aceptámoslle o 60 %. Cando veu aquí esta lei, aceptámoslle o 34 % das emendas que presentaron, e parece que agora esta lei non vai con vostedes, que non están de acordo con nada, cando resulta que á metade da lei non lle presentaron ningunha alegación. Polo tanto, tan desconformes coa lei non deben estar. Sinceramente, o que eu vin hoxe aquí nas súas intervencións, máis que a escusas, sooume... Perdón, máis que razóns para votar en contra, soáronme a escusas, simplemente a escusas, porque, señora Rodil, os que tiñan o traballo feito de antemán eran vostedes. Vostedes chegaron á ponencia pensando clarisimamente que ían votar que non e que daba todo igual. Non nos acusen a nós do que estaban pensando vostedes, non o fagan.

Miren, un tema, por exemplo. Dende que esta lei entrou no Parlamento ata que se debateu tivemos a pandemia da covid. Pois o Partido Popular foi o único que presentou emendas para que esta lei se adaptase a unha nova situación. Así, incluímos a especial protección dos maiores, a especial protección tamén dos nenos nos centros de educación infantil —cando van— e tamén puxemos á disposición servizos de conciliación para

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

maiores e para nenos por se se volve dar unha situación extraordinaria en canto á epidemioloxía, para que non teñan que facerse os recursos sobre a marcha, como houbo que facer neste momento. Pois ben, o Bloque non votou a favor. Señora Rodil, ¿quéreme dicir vostede se non está de acordo con estas medidas, se non lle parecen necesarias ou se o fixo simplemente por sectarismo político —porque a presentaba o PP e vostedes non ían aprobar nada que fixera o PP—?

Outra das cousas que o BNG non apoiou é que o Sergas garanta o tratamento de reprodución asistida a aquelas mulleres cuxos problemas de fertilidade veñan derivados dunha patoloxía. Novamente, señora Rodil, ¿de verdade vostede non está de acordo con isto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿En conciencia non está de acordo con isto? ¿Ou é que non votaron a favor porque quen o presentou foi o Partido Popular? En fin...

Dicía vostede que nós centrabamos isto nunha lei de familia. Non, mire, non é verdade, e non estamos esquecendo nin apartando o debate. Nós falamos de familia nesta lei, falamos de fogares, falamos das dúas cousas, pero é que vostedes o único que fixeron foi coller o rotulador e dicir: ¿onde aparece familia? Borramos. ¿Onde aparece familia? Borramos, borramos... Foi así simplemente, e así presentaron emendas: a 13, a 14, a 24, a 25, a 28, a 29, a 30, a 32 e a 39. Dun plumazo sacaron todo o que tiña que ver coa familia.

Nós recoñecemos na lei —porque así ten que ser— a absoluta diversidade de familias que hai na actualidade, pero o que non pode ser é que se saque a palabra «familia» dunha lei e se saque a palabra «*familia*» do dicionario, porque á parte dos posicionamentos xurídicos que haxa ao respecto, está claro que na sociedade isto non é así, non existe esa sensación de que a familia non teña que estar. E din que é natalista, porque o 10 % —¡o 10 %!— das medidas que van na lei son medidas de apoio á natalidade, cando un pai e unha nai deciden ter un fillo, desde que xa o deciden. ¿Vostedes non están a favor das medidas de conciliación? Pregúntollelo sempre, pero nunca me responden. Parece que non, polo que vostedes veñen votando sucesivamente.

Así, por exemplo, vostedes pedían eliminar o interese superior do menor, pedían eliminar un informe que fixara o custo de criar un fillo ata a súa emancipación e pedían eliminar o artigo que tivera en consideración especial as familias numerosas, porque vostedes supoñen que as familias numerosas teñen cartos dabondo e non necesitan ningunha axuda. Eu xa llo dixen no debate na comisión, e vólvollo dicir agora: ¿todas as familias numerosas que vostedes coñecen son millonarias? É unha sorte, se é así, porque a realidade estatística é que moitas, a maioría practicamente das familias numerosas, pertencen a familias con poucos recursos económicos e que necesitan axuda. E pregúntame vostede que propoñiamos. Dígollo eu, claro: propoñiamos incluír as familias monoparentais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, ¡vamos ver!, incluímos as familias monoparentais, claro que as incluímos... *(Murmurios.)* Perdón, as familias monoparentais ían incluídas, e o que fixemos foi traelas ao articulado, pero tal como están no articulado xa estaban incluídas na lei. Entón, non me diga vostede que foi agora.

Poden convivir as dúas, porque, efectivamente, as familias monoparentais necesitan axuda, e así o imos facer e vaise facer ese plan e ese rexistro, pero as familias numerosas tamén necesitan esa consideración especial *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, nesta lei fálase de mocidade, fálase de terceira idade, fálase de soidade, fálase de vulnerabilidade, fálase de nova poboación..., fálase de todo iso. Pero pretender facer unha lei de demografía na que non se fale de familia nin se fale de nacementos, sinceramente, é unha extravagancia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vostedes sábeno moi ben; é que non ten ningún sentido.

Unha das cousas nas que si estamos de acordo todos é en que é necesario atraer nova poboación. Ben, vostede acaba de dicir aquí que, grazas ás súas emendas, hai tamén axudas para aqueles que non son retornados. Non é verdade. A lei xa incluía medidas específicas para retornados e para outros grupos de persoas que viñeran. Admitimos emendas súas neste sentido tamén, pero, claro, a vostede non lle parecen ben nin as que non se admiten nin as que se admiten. Total, non sei con que está de acordo, porque usou o mesmo ton para falar das que non lles admitimos que das que lles admitimos.

Pero, mire, co que non estamos de acordo con vostedes é con que non teñan que ter unha consideración especial aqueles galegos e galegas que tiveron que saír e que agora queren retornar. Niso é no que nós non estamos de acordo con vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Ortega, sinceramente, vostede posiblemente ten moita empatía, eu non llo nego, seguro que si, pero o que non ten é coñecemento da lei. E non é que llo diga eu; calquera que hoxe a escoitara a vostede aquí e colla a lei —que estaba colgada xa no Parlamento; pódena ver cando se aprobe definitivamente— darase conta de que o que está dicindo non é verdade. E, mire, fala vostede de todos eses mozos que tiveron que marchar. É verdade, hai mozos que tiveron que marchar, pero o que é certo é que no ano 2019 temos o mellor saldo migratorio da serie histórica, que chegaron 6.000 mozos máis dos que saíron, e nos últimos dez anos voltaron a Galicia 47.610 persoas máis das que saíron. Eses son os datos. *(Aplausos.)* E nos datos que hoxe dá o INE, por certo, din que en Galicia seguimos descendendo en nacementos, é verdade, pero descendemos menos que o ano pasado e descendemos menos que a media de España. *(Murmurios.)*

Non é para estar alegres, pero é para dicirnos que imos no bo camiño, que as medias que se están tomando van no bo camiño, aínda que sabemos que as medidas que teñen que ver coa demografía teñen que ser a medio e longo prazo. De aí o importante de acadar unha lei de consenso, como é a lei que hoxe chegou aquí, aínda que vostedes a voten en contra. Tivo consenso na redacción, tivo consenso na negociación, non houbo o cen por cento de acordo, pero iso non quere dicir que non houbese un traballo en común e que non se escoitasen as súas aportacións, que, por certo, agradecemos porque, efectivamente, melloran a lei.

É unha lei que recolle o compromiso de ir cara á universalización da educación infantil de 0 a 3 anos, recollido nunha emenda na que chegamos a unha transacción co PSOE. Por certo, xa dicía algo no que o PP está de acordo e, de feito, xa ten a gratuidade para o segundo fillo. Señora Ortega, fale con Madrid e que nos manden uns cartos, que queremos poñer a gratuidade para todos. Por certo, de paso que fai esa chamada, dígalles que todos eses pais que non poden mandar os seus nenos ao colexio polo problema da covid, están esperando a que o Goberno lles dea o que lles prometeu hai un ano para ese recurso de conciliación neste tempo. De momento, só teñen os que ofrece a Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En fin, é unha lei que conta cun orzamento mínimo anual de 800.000 euros. É unha lei que fala de equilibrio territorial absolutamente, con diversificación da actividade económica, mellora nas telecomunicacións, solo empresarial, incentivos, bonificacións e investimentos no medio rural, tal como xa se está facendo, e co fin de conseguir un equilibrio da poboación no medio rural, tanto en número como en sexo como en idade.

Fala de transversalidade. Señora Marina Ortega, lea a lei. Fala de absolutamente todos os temas. Por certo, tamén de I+D, tamén de transporte, tamén de vivenda. O que non se pode pretender é, dentro dunha lei, facer outras leis, como era o que pretendía o BNG.

É unha lei que fala da colaboración e da cooperación con todas as administracións, como xa dixen, que fala do envellecemento activo, da mellora da teleasistencia —que lle parece tan mal á señora Rodil; parécelle que non imos poder chegar a iso—, da axuda a domicilio, da alfabetización dixital e de aspectos como a soidade non desexada ou das familias vulnerables, nas que se mete tamén ás vítimas de violencia de xénero.

Especial énfase fai nas políticas xuvenís, onde, ademais, vai incluído un plan de retorno para aqueles que saen fóra a mellorar a súa formación —é unha emenda na que chegamos a acordo co Partido Socialista—. É unha lei transversal, porque, como dicía, recolle todas as materias.

En definitiva, señorías, o que hoxe aprobamos aquí é unha lei que non é de ningún partido. É unha lei de país, coa que creo que todos nos podemos sentir cómodos sen ter que renunciar á nosa ideoloxía, e por iso eu unha vez máis lle pido que recapacite, que aínda están a tempo, e que por unha vez fagan país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

A verdade é que a intervención da representante do Partido Popular é reveladora, porque vén confirmar realmente o que estabamos dicindo. Se se dá conta, só falou de medidas concretas, de medidas de familias. Pero, logo, cando falou, por exemplo, da fixación de poboación no rural, non dixo que baixaron a partida para este ano, para o 2021. Entón, ¿que tipo de estratexia? Non se parou detalladamente en ningunha delas, só nas que concirnen, neste caso, ao ámbito da Consellería de Política Social ou ao ámbito da familia. Polo tanto, estanos dando realmente a razón de que falta transversalidade.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A lei só se centra nun punto, e este é un ámbito moi complexo. O tema da demografía é de moita envergadura, sobre todo para Galicia, que somos os máis afectados de todo país; é importantísimo e abarca moitas cuestións en todas as áreas. Entón, non podemos só centrarnos nunha área, e vostede constatou coa súa intervención, efectivamente, que foi así.

Logo falaba tamén do saldo migratorio positivo, e vén constatar unha vez máis que non entende do que estamos a falar. Lin antes uns detalles dun informe do Foro Económico Galego —e tamén, por certo, da Universidade de Santiago de Compostela—nos que se facía claramente a exposición en relación con isto. Dicían que pode haber un saldo migratorio positivo nun ano, pero o que hai que mirar non é só o termo cuantitativo senón cualitativo: que persoas marchan, por que marchan, que franxa de idade e que tipo de formación teñen.

Comentaba vostede aquí que si, bueno, a fuga de talento... Bueno, que marcharon algúns, pero que poucos marcharon. Non, marcharon moitos, señoría, marcharon moitos, por desgraza. *(Aplausos.)*

¿Vostedes cren, sinceramente, que é serio traer á Cámara unha lei de demografía e á vez —na máis pura actualidade, falo de hai uns días— querer pechar a escola de Begonte, cun alcalde do Partido Popular como pioneiro —en serio, o primeiro alcalde en pedir que se peche unha escola no seu pobo—? *(Aplausos.)* ¿Cren que isto é coherente? ¿Pero de verdade pensan que é serio traer esta lei á Cámara e reprobar o xefe de xinecoloxía dun hospital comarcal como o de Verín por opoñerse ao peche do paritorio promovido polo seu Goberno? *(Aplausos.)* ¿Pero de verdade pensan que é serio traer a esta Cámara unha lei de demografía e recortar nos presupostos do 2021 —coa que está a caer— a partida de fixación de poboación no rural? ¿Pero de verdade pensan que é coherente traer esta Lei de demografía e presentar uns presupostos nos que esquecen a xuventude, baixando a partida directa para iso? ¿De verdade poderían mirarlles aos ollos, con esta lei na man, ás familias do Courel tras executar o novo contrato de transporte escolar, que empeora notablemente as condicións dos nenos e nenas para o seu desprazamento á escola? *(Aplausos.)* Máis horas de desprazamento e recortes de empregos no ámbito local, que esa é a base, a propia esencia que pretende ter un texto de lei que vai sobre demografía. Máis horas no transporte escolar, empeoramento da calidade do transporte e, ¡ollo!, restando empregos no ámbito local. ¿Así é como vostedes queren loitar contra a despoboación?

¿De verdade pensan que traer unha lei de demografía e ao mesmo tempo manter unha actitude negacionista, intentando tapar a onda emigratoria, é realmente intelixente ou práctico para abordar este tema? ¡Recoñezan esta realidade! Promovan estudos para extraer datos, para traballar sobre iso, para investir e, sobre todo, blinden as oportunidades para a nosa xuventude.

Miren, a diferenza, señorías do Partido Popular, entre o que son as palabras e o que pode estar escrito nesta lei son as palabras, pero a realidade son os feitos. E os feitos son estes: *(A señora Ortega Otero amosa e le un documento.)* a crise demográfica en Galicia: 5.000 alumnos e 100 escolas menos en infantil que hai dez anos. A Xunta de Galicia acumula xa 200 peches dende o 2009 en centros escolares, *(Aplausos.)* esta é a realidade. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis realidade —¡o nunca visto!— *(A señora Ortega Otero amosa e le outro documento.)*: o primeiro alcalde da historia en pedir o peche dun colexio do seu concello, do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Máis realidade *(A señora Ortega Otero amosa e le un terceiro documento.)*: un xuíz impide á Xunta cerrar este curso a escola de Berducido, tamén promovido pola Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Se non fora pola xustiza, pechaban os centros.

Os propios medios tiveron que desmentir o propio presidente da Xunta de Galicia cando dicía que tiñan 500 camas máis desde que chegaran ao Goberno, cando en realidade o que tiñamos eran 500 camas hospitalarias menos. ¡Outra verdade máis! Estas son as verdades.

Clases baleiras en Folgoso do Courel para reclamar á Xunta de Galicia que rectifique o deseño das rutas de transporte escolar, porque os nenos teñen que pasar máis horas no transporte e hai un recorte dos oficios que teñen eses traballadores da zona, que estaban empregados para levar a cabo esta cuestión.

Seguimos. E, por último, coma sempre —porque hai moitos, e estes son os máis recentes— *(A señora Ortega Otero amosa e le un documento.)*: «Lanzo» —isto é dos veciños da montaña lucense— «unha mensaxe de socorro: as administracións teñen que actuar para salvar a montaña lucense». Como este tipo de cuestións, moitísimas. Unha cousa son as palabras, as leis, os textos, e outra cousa son as accións, e nas accións está a verdade, señorías do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: ¡Deixen de recortar e aporten futuro para a nosa xuventude! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Eu hoxe non me vou enfadar, señora Arias. O outro día, na Comisión, enfadeime, e enfadeime moito, porque non me esperaba ese grao de difamación, de mentira, de falsidade e de manipulación a respecto do que nós dixemos, do que nós fixemos e do que nós, como grupo parlamentario, como BNG, presentamos a través das emendas. Hoxe non, non me vou enfadar; penseino, ademais, pola mañá e dixen: vai facer o mesmo, ti mantente como poidas. *(Risos.)*

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E facer historia *(Murmurios.)* —non, home— ese era o obxectivo, iso era o que querían. Vostedes querían saír de aquí dicindo que ían aprobar a primeira lei europea en impulso demográfico; querían ese titular e conseguírono. Pois, miren, ¡estupendo!, ¡bravo!

Nós o que nos preguntabamos con todo este proceso de tramitación era se a aprobación desta lei ía servir para cambiar as cousas neste país ou, polo menos, para sentar as bases que permitisen comezar a cambialas. A realidade demográfica que vivimos non é unha especie de condena divina, ou que aquí as mulleres, tendo a capacidade de ter fillos, decidísemos non telos non se sabe moi ben por que. Non, ten unha razón, e unha profunda, ademais, transformación social deste país. Chegar a unha sociedade moito máis democrática, romper con roles e estereotipos de xénero tamén ten moito a ver co resultado demográfico do noso país.

Intentamos, ademais, enfocar este debate de maneira sosegada, e intentamos facelo dando un debate político e desde a distancia ideolóxica das forzas políticas que compoñemos esta Cámara, máis aínda, entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego. Intentamos facelo sempre argumentando, sempre sostendo a posición política que defendemos en datos, e intentamos, ademais, crear ese marco conxunto de diagnose compartida. Dixemos o primeiro día que estabamos de acordo coa diagnose que recollía a exposición de motivos e co informe extenso e detallado do Observatorio Demográfico, que nos parecía moi interesante. Estabamos de acordo con iso e con comezar a traballar a partir de aí. Pero, ¿que pasa? —dixémolo o día que presentamos a emenda á totalidade—. Que logo o resto, o articulado da lei, non vai no sentido de intervir sobre esa realidade, sobre os problemas estruturais que arrastra este país para intentar cambiala. E cun obxectivo —díxeno na primeira intervención—: que para o BNG o que significa o impulso demográfico é crear as condicións de vida que lle permitan a calquera persoa de calquera xénero, identidade, orientación ou idade desenvolver o seu proxecto de vida aquí coas maiores cotas de benestar social posibles, sexa unha persoa que teña menos de 5 anos, sexa unha familia heterosexual, homosexual ou mediopensionista, sexa unha persoa maior de 65, sexa unha persoa de 35 que decide vivir soa e marchar da casa dos pais para emanciparse... Enfocámolo sempre así porque o desenvolvemento e o que vai acontecer en termos demográficos no noso país pasará inescusablemente pola capacidade que teñamos de xerar esas condicións de vida e de traballo dignas en Galiza.

Ese é o enfoque que nós tivemos con esta lei e os principios que motivaron o noso traballo. Nós, ao longo da Ponencia, tivemos diferenzas enormes co proxecto de lei que traía a Xunta —dixémolo aquí e presentamos unha emenda á totalidade e unha emenda de devolución precisamente por esa distancia política a respecto do enfoque da lei—, pero encaramos, tanto o proceso de tramitación das emendas parciais como o de ponencia, coa man tendida, con vontade de diálogo e de debate. Debatemos moito nas reunións que houbo de ponencia. Ademais, eu tamén —e dixémolo na Comisión e eu creo que é bo repetilo agora— creo que foi sempre nun bo ton, por iso me enfadei eu na Comisión o día que debatemos o ditame, porque o ton rompera completamente o espazo de traballo que se creara na Ponencia, a pesar das diferenzas.

Nós nunca abdicamos da responsabilidade que temos como grupo parlamentario de mellorar os textos, mesmo non estando a favor ou completamente de acordo con eles. Porque para min iso era moito máis fácil —por iso lle facía referencia ao do asesoramento e ao apoio de

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoas migrantes que non sexan galegas e galegos retornados—, e aínda non estando de acordo, aceptamos esa transacción, porque nos parecía que enriquecía, que melloraba e que ampliaba o artigo en concreto e o conxunto do texto. Pero non se pasa —de verdade, señora Arias e conselleira— dunha emenda á totalidade, dunha emenda de devolución, a un voto favorable, a un proxecto de lei, apenas cos retoques —se o quere ver así— que se aprobaron durante o proceso de ponencia. Eu facía referencia na miña primeira intervención a cales foran as emendas que se aceptaran do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Non van ao fondo da cuestión, non abordan o enfoque político, senón que apenas incorporan algunhas cuestións, como —o que dicía— garantirlle recursos ao IGE —¡home!, é que é un dereito do conxunto deste país, e está recollido noutras lei— ou incorporar o concepto ou a definición que dá a Organización Mundial da Saúde de «envellecemento activo». Se se ten esa palabra no título dunha lei, ¡home!, a nós parécenos que o mínimo é incorporala ao artigo que recolle as definicións.

Remato como rematei a anterior intervención: o consenso hai que traballalo. E isto non acaba aquí, queda moita lexislatura e hai moito traballo parlamentario e político nesta Cámara. Vostedes teñen a maioría absoluta —iso nós nunca llelo negamos— para votar esta lei e que saia aprobada, fágano, pero insisto en que irán sós. Non é unha lei do conxunto da Cámara nin polo menos da poboación galega que se sinta representada nas forzas políticas que aquí estamos.

Esta é a súa lei. Teñen 42 escanos, sáquena adiante como sacaron os orzamentos ou tantos outros proxectos legais...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A **señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...pero non é unha lei de consenso nin é un acordo de país.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías.

Pois, señora Rodil, é verdade, BNG e PSOE van perder a oportunidade histórica de estar a favor da primeira lei de impulso demográfico de España e pioneira en Europa tamén; esa é a realidade. E fano nun contexto onde a covid está a provocar a maior crise sanitaria, social e económica que coñecemos e onde o consenso é máis importante que nunca. Nese contexto vano facer, e vano facer cunha materia, a demográfica, que todos os informes din que é vital para o desenvolvemento futuro de Galicia, e vano facer cunha lei que, como aquí se dixo re-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

petidísimas veces, chega aquí cun amplísimo consenso. E, unha vez que chega aquí, vostedes non lle presentan alegacións á metade dos artigos, e do resto aprobamos o 34 %. ¡Pois aínda así vostedes non son quen de votar a favor desta lei! Unha lei... *(Murmurios.)* —si, si, iso é así—. ¿E sabe por que o fan? O máis triste é que non o fan polos datos, non o fan porque non estean de acordo, fano simplemente —como lle dixen na miña primeira intervención— por sectarismo político. Iso é o máis triste. Difícil papel van ter, señora Rodil e señora Ortega, cando saian aí fóra explicar por que non están a favor desta lei. Porque ten razón a señora Rodil, esta non é a lei do BNG; efectivamente, non é a lei do BNG, pero tampouco é a lei do Partido Popular. Esta é a lei das universidades, das organizacións sindicais, empresariais, de representantes do terceiro sector, de todas as asociacións que, por un lado ou por outro, viñeron facer aportacións a esta lei. Esta é a lei tamén de todas as galegas e os galegos que, a través de todos os grupos parlamentarios que estamos aquí, fixeron aportacións.

Eu quero agradecer a todos —á sociedade civil que participou e a todos os grupos políticos— as súas aportacións porque, é verdade, estas aportacións enriqueceron a lei, e por iso me doe tanto que non se apoie e por iso non o podo entender. O que pasa é que o BNG fala moito de demografía, pero é puro postureo, porque non é crer na demografía firmar un documento co Goberno do Estado para chegar a ese pacto de goberno e logo que non haxa nin unha soa liña de demografía; non é crer na demografía cando nos orzamentos deste ano se lle retiran á demografía 100.000 euros nunha emenda; nin é crer na demografía cando aquí se vota en contra das casas niño, o recurso de conciliación máis importante que hai no rural absolutamente gratis e que nos equipara aos servizos que teñen nas cidades. Iso é o que pensa da demografía o Bloque Nacionalista Galego.

Claro que ao PSOE lle importa tan pouco que tiveron nove meses baleiro o posto de Comisionado para o reto demográfico. E dous anos despois de que tiña que estar aprobada a estratexia, resulta que o borrador que teñen non ten marcado nin os obxectivos, ¡oe! Temos un borrador que non se sabe nin que obxectivos ten. Ese é o Partido Socialista.

Pero máis grave ca iso é que o Partido Socialista de Galicia quede calado e hoxe vote en contra dos orzamentos da Xunta cando hai nada calou cando os orzamentos do Estado eran os máis baixos de hai quince anos ou cando a AP-9 subía as peaxes. E resulta que nesta lei, na lei que vostedes non van votar, queda recollida a diminución de peaxes para moitas familias. E, ademais, tamén vai recollido nos orzamentos que vostedes hoxe tampouco aprobaron. Iso é o que lle importan ao Partido Socialista as galegas e os galegos, cando resulta que non se preocupan de que non nos dean os cartos que nos deben pola Lei de dependencia, ou dos criterios que teñen para repartir os fondos covid e de non sexan absolutamente discrecionais, que sempre prexudican a Galicia. Ata o de agora xa van preto de 500 millóns de euros menos dos que nos correspondía. Iso é o que lle importa a demografía, iso é o que lle importan os mozos, señora Ortega, ao PSOE galego, ¿verdade?

Pois, mire, vostedes sigan así. Nós imos seguir traballando, imos seguir facendo uns orzamentos como fixemos dende sempre o Goberno de Núñez Feijóo, con discriminación positiva para o rural, para as provincias de Ourense e de Lugo. E esta lei, a de impulso demográfico, recolle todas as medidas que xa están en marcha, como a Tarxeta Benvida, da que se beneficiaron 60.000 fogares; ou as casas niño, que este ano que van ser 100.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falaba vostede de escolas no rural. ¿Pero de verdade pode dicir iso sen poñerse vermella? ¿Quen pechou máis escolas no rural en Galicia que durante o Bipartito? A 27 cada ano. ¿Quen puxo unha casa niño en Folgoso do Caurel? O Partido Popular. ¿En Navia de Suarna? O Partido Popular. *(Aplausos.)* En todos e cada un dos concellos do rural galego, o Partido Popular. Polo menos cale e non fale vostede de cousas que de verdade a deixan en moi mala posición.

A rede de escolas infantís multiplicouse por dous desde que o Partido Popular chegou ao Goberno e, neste momento, temos 25.000. Foi tamén o Partido Popular —e xa llo dixen antes— o que puxo a gratuidade de escolas infantís para o segundo fillo e seguintes. E, ademais, todas as medidas que teñen que ver coa vivenda, co transporte, con impostos cero no rural, son medidas que si que están na lei. Pero é unha lei, señora Ortega, señora Rodil, que o que supón é avanzar cara a unha política demográfica de consenso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...e de longo percorrido. É unha lei que non é a lei de ninguén, é unha lei que é suficientemente ampla e suficientemente aberta para que calquera goberno, cando chegue, poida aplicala sen ter que renunciar aos seus principios ideolóxicos, porque as leis de demografía só teñen sentido se poden ser estables ao longo do tempo. Aínda teñen nas súas mans sumarse a ela ou...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...polo contrario, darlles as costas ás necesidades dos galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias Rodríguez.

(A señora conselleira de Política Social pide a palabra.)

¿Si, conselleira de Política Social? *(A señora conselleira de Política Social pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ten dereito. ¿Quere facelo desde a tribuna? *(Negación.)*

Cando queira, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes.

Hoxe estamos a vivir a fin dun camiño e o inicio doutro aínda máis longo e máis esperanzador. Rematan tres anos de intensísimo traballo para elaborar esta Lei de impulso demográfico. Foi un proceso que estivo marcado xa dende os seus inicios por unha marcada vocación de diálogo e de consenso. Tres anos nos que Galicia, toda ela —o Goberno, os axentes sociais, os expertos, partidos políticos e as familias—, traballou sen descanso para lograr

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha lei aberta e unha lei participativa, que implicase a toda a sociedade para que todos vísemos as nosas necesidades representadas nela.

Esta vocación de gran acordo pasou por basear a lei nas liñas mestras aprobadas polo Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, pasou por asumir máis do 80 % das achegas propostas durante o trámite de exposición pública e tamén por trasladar á lei as recomendacións do Consello Económico e Social.

Por iso eu hoxe quero darlles as grazas a todas as persoas que leron a lei, que participaron nela e que contribuíron a mellorala. A aposta por unha lei que fose consensuada dende os seus primeiros pasos tradúcese no feito de que o 44 % do articulado non recibiu ningunha emenda neste Parlamento, cousa que tamén agradezo.

Esta vocación de gran acordo á que me acabo de referir prolongouse tamén durante a súa tramitación na Cámara, pois foron aceptadas o 36 % das emendas propostas.

Señorías, hoxe Galicia comeza un novo camiño como primeira e única comunidade autónoma a nivel nacional que conta cunha lei de impulso demográfico; unha lei que blinda as políticas demográficas, que puxemos en marcha —todas elas ou moitas delas— nos últimos anos e que achega tamén a cobertura legal necesaria para que todas estas iniciativas se vaian adoptando nos vindeiros anos.

Galicia conta a partir de hoxe cun instrumento útil para afrontar a maior hipoteca que pesa sobre o futuro da nosa terra, un instrumento que é deseñado con ánimo de perdurar; e perdurar non só nas próximas lexislaturas, senón nas próximas décadas.

Esta lei xa espertou o interese das máximas instancias a nivel europeo. Esta mesma mañá o presidente da Xunta de Galicia tivo ocasión de trasladarlle as súas liñas mestras á vicepresidenta da Comisión Europea para a Democracia e a Demografía, Dubravka Suica.

Grazas ao Partido Socialista, grazas ao Bloque Nacionalista Galego e grazas, por suposto tamén, ao Partido Popular de Galicia por ese traballo leal para conseguir a maior lei de impulso demográfico posible. Boa parte das súas achegas xa están presentes neste texto que votaremos hoxe. Creo, sinceramente, que os nosos fillos e os nosos netos poden estar ben orgullosos desta lei de impulso demográfico, porque a fixemos os galegos de hoxe pensando sempre nos galegos do mañá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de recuperación da terra agraria de Galicia

O señor PRESIDENTE: A Xunta de Galicia remitiu criterio favorable.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi boa tarde, señorías.

Grazas, presidente.

Esta é unha xornada moi intensa onde se debateu sobre asuntos de gran transcendencia, como os orzamentos, sen dúbida, a Lei de reto demográfico e créanme que a iniciativa que agora paso a expoñer tamén será un instrumento absolutamente transcendental para os galegos e as galegas.

A relevancia dos sectores produtivos do rural galego é incuestionable por parte do grupo que represento. Moito se leva traballado nos últimos anos polos galegos, polas galegas, pero tamén polo Goberno da Xunta de Galicia.

Os sectores agroalimentarios e a cadea forestal achegan preto do 7 % do PIB á economía galega —é un dato moi relevante— e crean máis de 93.100 postos de traballo. Isto é o que aportan estes sectores na nosa comunidade á nosa economía.

Das 53 comarcas galegas, 18 manteñen unha especialización produtiva no sector primario. Son uns sectores con presente, señorías, pero, sobre todo, uns sectores con moito futuro. Só un dato que eu considero axeitado dar aquí para contextualizar: só no ano 2019 máis de 1.000 gandeiros se beneficiaron de máis de 40 millóns de euros, coñecidos como os plans de mellora. Moitos datos referendan o que digo que é un traballo de todos: os nosos viños universalmente coñecidos, os nosos queixos, a primeira rexión produtora de leite de España.

Interveño hoxe aquí en calidade de voceira da Consellería do Medio Rural para defender unha lei que leva un lema, e así o quero resaltar no comezo da miña intervención: «recuperar é de lei». Esta frase actuará como motor, e entendo que di bastante do que se pretende que aporte este instrumento normativo coa perspectiva do que debe ser, e iso ímolo ir concretando e con contundencia durante estes escasos 15 minutos. É un día moi importante porque todos os grupos teñen que posicionarse, dado que é o día da súa toma en consideración.

Entendemos —e aquí escoitámolo en repetidas ocasións no debate anterior— que debe ser unha lei de país e que debe acadar o maior consenso, buscando sempre o que nos une; evidentemente, coas correspondentes matizacións que poidamos entender e que deben introducirse en función dos nosos proxectos políticos e tamén das nosas ideoloxías.

A aposta estratéxica pola recuperación das terras abandonadas mediante a súa posta en valor presenta varios eixos fundamentais: a creación de actividade económica no medio rural, factor fundamental á hora de combater o reto demográfico; a mitigación e a adaptación do cambio climático, en especial a prevención de incendios forestais, importante reto de todos e todas; a seguridade alimentaria, a través da protección da capacidade produtiva da terra e o

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fomento da súa posta en produción; e o impulso dunha planificación da paisaxe agraria que permita a creación de ecosistemas resilientes cunha probada capacidade de recuperación fronte a perturbacións como os grandes incendios ou os graves riscos fitosanitarios.

Non pretende ser só un instrumento que permita afrontar en mellores condicións o reto demográfico, favorecendo, por suposto, o asentamento poboacional, senón que tamén constitúe unha aposta clara pola igualdade de oportunidades e facilita a mobilidade e a dispoñibilidade de terras, creando condicións de desenvolvemento das iniciativas de emprendemento agrícola, gandeiro e forestal. E ten un obxectivo claro: recuperar a terra dos nosos antepasados, e —insisto— «recuperar é de lei».

Debo destacar que é unha lei que nace dun importante consenso. É certo que moitas veces non se lle dá o valor que eu entendo que ten —e que nós, polo menos os que hoxe estamos aquí, debemos defender— á transcendencia das comisións parlamentarias. Somos nós os que debemos defender o noso traballo, e sabedes que este Parlamento creou no ano 2018 —aquí, ademais, acompáñanos o conselleiro do Medio Rural, a quen lle agradezo o traballo e a presenza hoxe aquí, e que tivo, indubidablemente, un papel moi importante na súa participación— unha comisión na que foron quen de poñerse de acordo —e permítanme que insista niso— os dous partidos que representan as tres cuartas as tres cuartas partes do Parlamento de Galicia. A todos eles, aos que estaban e aos que seguen, debémoslles o esforzo de seguir demostrando á veciñanza que en asuntos transcendentais, en asuntos estruturais —e este si o é—, somos capaces de chegar a acordos.

¿Por que me refiro a esa comisión? Porque, ademais de afrontar un problema gravísimo, que é o dos incendios forestais, entrou de cheo en cuestións que tamén agora se regulan nesta lei. De feito, das 123 recomendacións que se recollen no ditame da comisión, hai 22 especificamente referidas á recuperación de terra agraria, e hai máis recomendacións que se recollen, ata un total de 43.

Tamén quero recordar que o feito de que se recollan 43 das 123 non quere dicir que outras recomendacións das que foron obxecto non sexan obxecto desta lei, pero si que estarán recollidas noutros lugares, e, de feito, cito sinaladamente a primeira revisión do Plan forestal de Galicia, no que están recollidas 92 das 123. Por certo, revisión do Plan forestal que tamén vai ser debatida en breve en sede parlamentaria na procura dese consenso, que entendemos que será un instrumento importante para os vindeiros vinte anos.

Volvendo á lei, que é o que hoxe nos ocupa aquí, como dicía, acolle 43 recomendacións que viñeron de moitos comparecentes, representantes da sociedade civil, etc. ata un total de 63. Nace xa sendo unha lei de todos, de alcaldes de todas as ideoloxías, de representantes das universidades, das diferentes organizacións...; en definitiva, como dicía, de toda a sociedade civil galega, que fixo as súas aportacións e foron recollidas no ditame. Pero tamén ten un importante traballo técnico.

Esta referencia —o camiño andado ata chegar hoxe aquí— paréceme absolutamente imprescindible recordala o día da súa toma en consideración, porque o camiño se demostra andando, e precisamente neste tema lévase andado moito.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Feita esta aclaración e tendo en conta que agora estamos nunha tramitación parlamentaria, hai que dicir que arranca tamén cun chamamento á participación e á presentación de achegas de todos os grupos políticos, e moi especialmente me dirixo aos que cremos no Parlamento de Galicia, eu son unha delas. Precisamente por medio das emendas, imos poder enriquecer esta lei; entendo que así será moito máis fácil facer un documento incluso mellorado. Non vou entrar, neste momento, a ningún debate, en se o procedemento é axeitado, etc., creo que intentei da mellor maneira posible vincular este instrumento á actividade parlamentaria, pero si quero entrar de cheo no seu contido no tempo que me quede. É unha lei que conta con 144 artigos, coas súas correspondentes disposicións adicionais, e centrareime en catro dos seus principios fundamentais:

Un absoluto respecto á propiedade privada. Non encontrarán esa garantía ao cobro, sustentada fundamentalmente a través dunha institución que coñecen ben, que é o Banco de Terras.

En segundo lugar, este instrumento aporta unha caixa de ferramentas para aumentar a base territorial, mantendo as que funcionan. Todos coñecemos o que levan aportado as concentracións parcelarias ao noso sector primario, pero tamén creando outros novos.

En terceiro lugar, reforza o papel da comunidade autónoma, que recupera a facultade de investigar.

En cuarto lugar, loita contra o abandono, con instrumentos tan importantes como os catálogos de usos.

Empecei dicindo que respecta a propiedade privada. Todos sabemos o valor que os nosos antepasados lle deron á compra ata dun ferrado, e a eles, precisamente, lles mandamos esa mensaxe de tranquilidade. É un instrumento que traballa cunhas maiorías cualificadas, arredor do 70 %, pero que na súa tramitación vai intentar acadar o maior consenso posible, como mínimo, ese 70 %, e traballa con instrumentos, como recordaba, de garantías para os propietarios —¿por que non?— para que todas esas fincas —que nalgúns casos non se sabe nin onde están nin canto miden— acaben converténdose nun complemento á pensión dos nosos maiores, con seguridade xurídica.

Ferramentas para aumentar a base territorial. Creo que ninguén o discute, hai unha importante necesidade de base territorial nas nosas explotacións. De feito, hai datos que acreditan que as explotacións gandeiras importan cereais por valor do 57 % dos seus custos totais anuais. Eu son unha defensora do sector primario, intentei expoñelo na primeira exposición con datos que demostran, dende logo, un sector primario vivo. Sei que iso ás veces xera discrepancias, especialmente co BNG, ao que sempre lle recordo que reflicte unha Galicia das vacas pola corda, que eu vexo con añoranza. Pero dígoo para sumar. Indubidablemente, este instrumento é a porta para todas aquelas zonas, aqueles concellos, aquelas comarcas onde o sector primario está moi forte. E son instrumentos para seguir medrando, continuando coa execución das concentracións parcelarias e incrementando ferramentas.

A estrutura da nosa propiedade privada, caracterizada por un importante minifundismo, vén referendada tamén con moitos datos obxectivos, como unha gran dificultade na estrutura

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da propiedade que ten Galicia: máis de 11 millóns de parcelas, sendo o 6 % do territorio rústico de España, e temos o 20 % dos titulares, máis de 1.700.000 titulares catastrais de rústica en España, cunha media de 1,7 hectáreas por propietario e de sete parcelas; é dicir, cada parcela, arredor de 2.500 metros cadrados. Tendo en conta esta estrutura indiscutible, creo que é absolutamente innecesario seguir incidindo en que necesitabamos un instrumento para incrementar a base territorial das nosas explotacións.

En terceiro lugar, dicía que a comunidade autónoma recupera a facultade de investigar, outra cuestión que, sen dúbida, nos parece moi importante. Non é unha prerrogativa novidosa. Esa facultade xa existía nas administracións, pero correspondía á Administración estatal, que, por certo, non tiña a competencia para poñer en valor a terra agraria. Ten a súa lóxica e creo que foi un gran logro que nos reforza como país que, por un lado, recuperemos a competencia da investigación e despois, posteriormente, o poñamos a producir, se localicen propietarios e se documente a terra, e insisto tamén niso aquí porque creo que é moi importante que non se confunda a poboación nese respecto á propiedade privada. Aínda así, unha vez feito todo ese traballo, a lei regula un prazo de cinco anos, no que finalizará ese proceso de investigación, e se aparece o propietario poderá recuperala, sen ir aos tribunais, dado que o poderá facer a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entidade, por certo, que se reforza moito con este instrumento normativo.

En cuarto lugar, a loita contra o abandono. Aquí si que, dende logo, se converte nun instrumento moi útil tamén para acabar con esta lacra dos incendios. E na loita contra o abandono, permítanme que poña en valor ese instrumento do Catálogo de usos, coa posibilidade dunha realización parcial. Conviven os tres usos: o forestal, o gandeiro e o agrícola. O importante é un uso ordenado, colocando a cada un no seu sitio e con criterios técnicos.

E agora para o final, no tempo que me queda, vou intentar facer un esbozo desas ferramentas.

Por un lado, e recordando sempre que é unha lei que tanto axuda a crecer a aquelas comarcas cun sector primario forte como a aquelas nas que intentamos ou intentaremos que se erradique o abandono, no caso das zonas dun sector primario vivo, a figura das permutas, de principal interese agrario, parécenme unha figura absolutamente importantísima que permitirá eliminar enclavados ao redor das instalacións e explotacións gandeiras. Sen dúbida, coincidirán comigo en que é unha gran demanda dos nosos agricultores e gandeiros.

Tamén están os polígonos de iniciativa privada, que van permitir que os gandeiros e que os agricultores poidan tamén reordenar as súas explotacións, acadando eses mesmos obxectivos de desprazar fincas que están no medio das súas explotacións e que poidan estar causando ou sendo responsables incluso de pragas. A continuación, as concentracións parcelarias, os polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta e as aldeas modelo son varias das ferramentas que esta lei recolle e regula nos seu articulado.

Refírome ás aldeas modelo. Xa son máis coñecidas e xa son unha realidade, ademais. A Consellería do Medio Rural leva xa un tempo traballando nelas. Neste ano hai once aldeas en marcha, e a maior novidade é que está previsto que medren. Pero non é só a creación da

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

propia aldea modelo, hai que poñer en valor o que iso conleva, e especialmente esa creación de redes de aldeas modelo que van permitir unha recuperación íntegra, pero tamén que se actúe dentro da propia aldea xa no plano arquitectónico, sobre todo para darlles valor aos produtos que alí se xeren e, por suposto, á posibilidade de afincar poboación en territorios absolutamente abandonados.

Deixo para o final estas dúas figuras, os polígonos agroforestais e a figura da xestión conxunta. Insistimos en que en calquera das dúas precisamos unha maioría cualificada do 70 %. E son actuacións nas que, se ben hai un papel importante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e tamén do Banco de Terras, buscamos a participación da iniciativa privada, de empresarios, emprendedores, e sempre respectando os dereitos dos propietarios e respectando e protexendo un mecanismo regulado no artigo 97, o control do acaparamento. As diferenzas fundamentais entre un e outro son que nuns simplemente ordenamos e non tocamos os marcos, e o que se busca é que o propietario arrende, que venda; en definitiva, que a finca se poña a producir, pero sempre traballando cun tamaño mínimo, porque o que buscamos sempre é a sostibilidade.

No caso das agrupacións, non é nin sequera preciso, por suposto, que haxa compravendas, simplemente o acordo desa maioría do 70 % para empezar a xestionar de maneira conxunta.

Remato xa trasladándolles que a lei tamén ten mecanismos de fomento, tanto dende o ámbito xeral, como pode ser para os proxectos piloto, como tamén financeiros e de carácter fiscal, loitando por esa discriminación fiscal positiva do sector primario, agora que escoitamos moitas cousas, sobre todo ao Partido Socialista. Creo que é o momento, ademais, de facer traballo polo país e de convidar o Goberno central a axudar aquí, porque aquí —e tamén me gustaría destacar este dato— dende o Goberno galego xa se deu un importante exemplo cos impostos cero no rural. E voulles dar outro dato: só no ano 2019 un total de 22.340 galegos e galegas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...se viron beneficiados con esta medida.

Non me gustaría rematar esta intervención se non como empecei, dicindo que contemplen esta lei cunha visión de país, que apartemos o que nos separa e que poñamos en valor o que nos une, porque todos, seguramente, coincidirán comigo en que temos unha obriga cos nosos antepasados, sen dúbida, que é recuperar a nosa terra.

Señorías, recuperar é de lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Martín Seco.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor SECO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Señorías, hoxe o Partido Popular presenta ante a Cámara unha suposta proposición de lei elaborada polo seu grupo, pero calquera que teña un pouco de coñecemento sobre o desenrolo desta lei sabe que isto non é así. Están vostedes utilizando ultimamente con demasiada frecuencia esta fórmula de lexislar, traendo á Cámara proposicións de lei do Grupo Parlamentario Popular que deberan de ser proxectos de lei do Goberno da Xunta de Galicia. É incomprensible que o fagan así, por tratar de evadir o procedemento de exposición pública, por acurtar prazos e por esquivar os informes preceptivos do Consello Económico e Social, do Consello Agrario, do Consello Forestal e da Asesoría Xurídica, do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo.

Ademais, é para todos coñecido que esta proposición ou esta proposta de lei, que xa foi presentada por este conselleiro en varias ocasións, dende finais do ano 2018, conta co traballo de consultorías externas e co traballo de mestres universitarios, ademais de seguir unhas decenas de recomendacións aprobadas por consenso, como dicía a voceira do Partido Popular, polo Partido Popular e polo Partido Socialista na Comisión parlamentaria sobre os incendios do 2017, algo que foi posto, ademais, de manifesto ata polo propio presidente da Xunta de Galicia ante os medios de comunicación.

Eu diría que é unha falla de respecto absoluto a esta Cámara, a todos os grupos que participamos nesta comisión e aos especialistas que participaron na redacción desta lei que a trasladen á Cámara coma se fose un traballo dun grupo parlamentario en concreto. *(Aplausos.)* E xa non quero dicir o que me parece, como semella que é certo, e é que hai traballos de consultorías externas pagados por todos os cidadáns galegos que, en vez de servir para poñer enriba da mesa un proxecto de lei do goberno que nos representa a todos os galegos, sexan utilizados por un partido político determinado coma se fosen algo propio. Iso é algo que semella eticamente reprobable e legalmente de difícil acomodo, e moito máis escoitar como escoitamos nesta Cámara hai un momento á voceira do Partido Popular falar e dicir aquí que é a voceira da Consellería do Medio Rural. Señores do Partido Popular, teñen un problema en saber que é o poder lexislativo, o poder executivo e o poder xudicial, e de verdade que deberían de saber diferenciar unha cousa da outra. Ademais, nunha lei na que deberiamos de garantir a seguridade xurídica, é terrible que traten de evitar os informes dos entes antes anunciados.

Por todo isto, dende o Grupo Parlamentario Socialista xa lle pedimos ao conselleiro —que tamén moitas veces non sabemos se actúa como conselleiro do Goberno ou como membro do grupo parlamentario— que retirara a proposición de lei para presentala como proxecto de lei; unha solicitude que, como podemos visualizar hoxe, non tivo moito éxito, pero que seguimos lanzándolle ao conselleiro. Presénteo pola vía que ten que presentalo un goberno lexítimo como o seu, presénteo como un proxecto de lei.

Entrando na toma en consideración desta proposta de lei, señores do Partido Popular, é necesario previamente facer memoria. ¿Onde quedan aquelas críticas que lles serviron para derrocar o Goberno bipartito, señores do Partido Popular? A poucos días das eleccións do ano 2009 repartían un panfleto que dicía: «¿Queres quedar sen as túas fincas? Se goberna

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o BNG e o PSOE pódenche quitar as túas terras e dárllelas a outros coa escusa de que non as traballas». *(Aplausos.)* O PSOE e o BNG queren quedar coas túas terras, aseveraban nos seus pasquíns; un argumentario que vostedes... *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, señor Balseiro, seguramente vostede tamén os repartía. *(Aplausos.)* Un argumentario que vostedes, señorías do Partido Popular, utilizaban para opoñerse á Lei do Banco de Terras e para envelenar o noso rural en busca de votos, considerando a normativa do Bipartito como unha normativa propia da Unión Soviética e dicindo que pretendía confiscar as terras e nacionalizalas. ¿Que dirían vostedes mesmos, señor Balseiro —coa súa voracidade habitual e falla de sentido de país cando están na oposición—, se hoxe aquí a toma en consideración desta proposición de lei fose presentada por algún dos partidos da oposición? Falarían de hordas bolcheviques con cornos e rabo que pretenderían confiscar as propiedades dos galegos e das galegas. ¡Que cousa que un ataque ás liberdades de repente se converta na loita contra o abandono de terras só porque gobernan vostedes, que esa é a única diferenza! *(Aplausos.)*

A realidade é que Galicia ten un grave problema de abandono da terra agraria e que durante os doce anos de goberno de Núñez Feijóo, a pesar de anuncios e de publicidade —iso dáselles moi ben— e de denominar lexislaturas como «a lexislatura do rural», o abandono medrou e foron doce anos perdidos. De pouco van servir leis como a que traen hoxe á consideración se continúan a quitar servizos no noso rural, cunha educación e unha sanidade cada vez máis precaria —como definía antes a miña compañeira Marina— e con menos servizos sociais e de atención aos nosos maiores. Mentres traen esta lei estes días, podemos observar o que está a suceder co transporte escolar no Courel, como dicía antes a miña compañeira. ¿Para que mobilizar terras se logo non existen cidadáns que queden a traballar nelas, señores do Partido Popular? *(Aplausos.)*

Galicia perdeu máis de 250.000 hectáreas de superficie agraria útil; abandonáronse máis de 37.000 explotacións agrarias na primeira década deste século. No noso país temos unha superficie agraria útil que apenas supera o 20 % do territorio, unha das porcentaxes máis baixas de Europa, xa que en Alemaña ou Francia esta supera o 40 %. Esta porcentaxe lastra, ademais, o futuro do noso rural e a nosa actividade agrícola e gandeira, ademais de xerar problemas na repartición dos fondos da política agraria común.

En Galicia xa existen máis de 2.000 mil núcleos abandonados, máis de 10.000 aldeas con menos de 10 veciños —un terzo das que ten toda Galicia— e 1 de cada 3 concellos do noso país camiña cara á desaparición, e vostedes falan de 5 aldeas modelo.

Polo tanto, dende o noso grupo parlamentario, entendemos que é necesario poñer en funcionamento mecanismos e instrumentos para mobilizar terreo agrario e para loitar contra o abandono, pero, por moita lei que escribamos, dificilmente imos conseguir nada sen o necesario compromiso presupostario que necesita a súa posta en funcionamento. Polo que, dende o Grupo Socialista, botamos de menos nesta proposición de lei un acompañamento presupostario que a faga crible porque, por exemplo, está moi ben que existan as concentracións parcelarias e que estea regulada a súa aplicación, pero dificilmente vale de nada este instrumento sen a decisión política e o financiamento necesario para levalo a cabo. E digo isto porque no día de hoxe seguimos coas concentracións parcelarias paralizadas, con

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moitas parroquias e lugares dos nosos concellos que seguen a esperar pola posibilidade de que se leven a cabo, e resulta difícil entender a publicidade e o bombo e platillo que fan desta nova lei e a publicidade das aldeas modelo, se logo paralizan e abandonan as concentracións parcelarias dende hai moitos anos. *(Aplausos.)*

Hai pouco lémoslle ao alcalde de Friol un artigo moi elocuente do que pasa na Consellería do Medio Rural —supoño que ao conselleiro non lle gustou moito—, e dicía: «Non podo deixar de referirme ao produto máis vendido como un catalizador que solucionará todos os problemas nas zonas rurais: as famosas aldeas modelo. O custo será demasiado alto. O rural galego non precisa de ensaios que despois non se saben como manter, inventando para iso métodos incongruentes. Parece que os tecnócratas desta consellería non tiveron en conta que a maleza medra de novo para que nun curto período de tempo atopemos esas zonas na mesma situación que anteriormente, debido á falta de actividade agrícola, dado que son zonas desfavorecidas que non son aptas para implantar ningún tipo de actividade agrogandeira». E seguía. É o que di un dos seus alcaldes, señor conselleiro e señora voceira, ademais da súa provincia, curiosamente da que vostede é presidenta.

Compartimos con el que o campo non está para experimentos e escaparates como o do Gaiás de Sergude, que consome millóns deste orzamento, cando se necesitan para actuar, precisamente, nesa recuperación da actividade agraria.

Podemos escribir leis, pero outra cousa é que logo se desenrole o contido das ditas leis. E sinto moito dicirlles, señores do Partido Popular, que a súa credibilidade neste senso é mínima e que dende o Grupo Socialista creremos algo como Santo Tomás cando vexamos cos nosos ollos e metamos o dedo na chaga. A nosa fe no Partido Popular e nos seus anuncios, sen posterior contido, é absolutamente nula. *(Aplausos.)*

Hai un tempo facíase público un estudo científico que advertía que Lugo, A Coruña e Ourense sufrirían nesta década, do 2020 ao 2030, o maior abandono absoluto e relativo das terras agrícolas, sendo as tres únicas provincias de España ameazadas polo abandono de máis do 30 % da súa área agrícola utilizada, sendo Lugo a provincia máis afectada en todo o Estado, con case 80.000 hectáreas de terra abandonada, seguida da Coruña e de Ourense.

As catro provincias galegas sitúanse entre as cinco máis afectadas en termos porcentuais de abandono sobre o total da área agrícola utilizada, lideradas por Lugo, cun 44 %, seguida da Coruña, con case un 42 %, Ourense, cun 30 %, en cuarto lugar estaba Guipúscoa, co 20 % e no quinto estaba Pontevedra, con case un 26 %.

No caso de Galicia sinalan diferentes circunstancias para as altas taxas de risco e de abandono, debido á súa topografía montañosa, á súa posición periférica, ao predominio de granxas familiares a pequena escala, á fragmentación da propiedade, á difícil mecanización, ao risco de incendios forestais, á intensificación da agricultura e á súa declaración como zona desfavorecida na Directiva do Consello da Unión Europea.

Falan de factores socioeconómicos e de estrutura agraria desfavorables como causas importantes do abandono e do aumento de risco de abandono agrícola en moitas áreas da Coruña,

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Lugo e Ourense. Segundo os datos publicados polo propio Ministerio de Agricultura, as terras de cultivo descenderon no territorio galego en preto de 8.000 hectáreas no 2019, ata un total de 310.000.

Dende o noso grupo presentaremos as nosas emendas e as cuestións que vexamos que melloran esta lei, nunha mobilización de terras necesaria, coa creación de figuras que moitas delas viñan recollidas incluso no noso programa electoral e que deberan de axudar a mellorar a actividade do noso rural, sempre e cando logo se aposte por el e non quede só en papel mollado. Pero pediriámoslle precisamente ao conselleiro que faga todo o posible por retirar esta proposición de lei e que a presente como un proxecto de lei da Xunta de Galicia, que é o Goberno de todos os galegos, que para iso os votaron, e así seguiría, ademais, todos os trámites necesarios para unha lei desta importancia.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a Galicia da «vaquiña pola corda» estaba neste panfleto *(O señor Rivas Cruz amosa un panfleto.)*, e sobre todo nesta frase: «Pódenche quitar as túas terras e dárllelas a outros, coa escusa de que non as traballas.» Isto ten miga; ten miga, e é resultado de todo un estudo psicolóxico e sociolóxico do noso país.

Señorías, presentando desta maneira esta proposición de lei e non un proxecto de lei, o PP mostra a medida do valor que lle dá ao tema e o seu compromiso real co medio rural —fóra, por suposto, da propaganda—, porque se este texto deixa ver que se fixo unha diagnose do lamentable estado do medio rural, que esta non é nada positiva e que se achega ás teses que desde o BNG vimos mantendo dende hai tempo, non entendemos que se presente así e que non sexa unha lei do Goberno con todo o peso exixible.

Ademais da diagnose que sobre a situación actual do rural en xeral se poida facer e que desta semana pasada, parece ser, compartimos —mellor dito, comezan a compartir vostedes connosco, que non é o mesmo, e será certo—, a melodía soa agradablemente, coñecida, mais a harmonización da partitura non cadra. A orquestra toca de oído e toca mal, moi mal.

Gustaría de saber a clase de pócima que toman para poder manter o tipo e cun sorriso, de súpeto, afirmar publicamente que o rural deste país está quebrado no abandono e que precisa dunha lei que o rexenere. ¡Ten que ser potentísima! ¡Podería valer ata para o coronavirus!

E precisamente por isto, por esta brusca mudanza de posición —sospeitosa a todas luces, se non fose unha desculpa, unha cortina de fume—, se fose sincera, vostedes deberon ter

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

feito un exame de conciencia público —nós chamariámoslle autocrítica—, pedir perdón e dimitir con todo o Goberno. Si, dimitir porque son responsables. Son responsables: A) Das políticas anteriores ao 2005, que orixinaron o estado de deterioración en que se encontraba o sector primario galego cando o BNG accedeu ao Goberno. B) Son culpables do lixo político que xeraron para tronzar de golpe o proceso de rexeneración do campo galego iniciado polo BNG con leis como a do Banco de Terras. C) Son culpables dos últimos doce anos de indolencia, abandono de funcións e de propiciar e alimentar o estado calamitoso en que nos atopamos; de servir a amos que só buscan o seu proveito e non o benestar xeral.

Chegados aquí, eu debería proferir, polo menos, a metade dos exabruptos que o señor Castro nos adicou en 2007. ¿Lembran o das bólas de Nadal, o do bolchevismo, o das expropiacións, ou aquel razoamento en espiral cando non era quen de entender o da mobilidade de terras e dicía aquela barbaridade que o colocaba na debilidade mental da que facía gala: «Pódese comprender perfectamente o que estou a dicir cando, por exemplo, imaxinen vostedes unha terra non utilizada en Monterrei que puidera ser trasladada ao Ribeiro. Claro, se foran billetes de 500 euros, pois probablemente, pero aquela terra de Monterrei non pode saír máis que de Monterrei, evidentemente». ¡Pobreza, miseria intelectual!

E non vou seguir nesta liña, porque, máis alá da revancha lícita polo dano inflixido a persoas valiosas, intelixentes e entregadas ao servizo do rural e da súa rexeneración, para o nacionalismo galego están os intereses dos homes e mulleres desta nosa «ben-dita» nación. *(Aplausos.)* ¿Cantas miles de explotacións pecharon dende o 2009 pola súa malversación política, señores do PP? ¡E non se emendan! Cren que unha forte dose de propaganda pode enmascarar as verdadeiras intencións, porque vostedes non queren unha lei á altura do país, do seu pobo e das súas necesidades. Non, esta lei forma parte do paquete de entrega e venda do territorio aos negocios das multinacionais e dos poderes económicos, en contra dos intereses da sociedade galega, dona en pleno dereito destes recursos en venda.

Isto que nos traen hoxe aquí fai un todo coa Lei de depredación bis, coa de ordenación do territorio, coa de reactivación económica, co Plan eólico, proxectos tractores..., con todo iso que conforma o proxecto de país en venda que ten o PP.

Pódese crer que é así cando presentan esta proposición de lei con sixilo, nocturnidade, vergoña e polo procedemento menos adecuado. Vostedes non lle queren atribuír rango de lei, e preséntanos este libreto sen ter que pasar nin polo Consello Económico e Social, como xa se dixo, nin polo Consello Consultivo, e sobre todo furtándolle á sociedade galega o debate debido. Aínda que soamente fose polo respecto que todos os grupos desta Cámara lle debemos ao pobo de Galicia, mereciamos un proxecto de lei de goberno, un proxecto de lei acorde coa importancia do tema, feito por un goberno que crese na necesidade desta lei. Acompañaría o texto cunha diagnose da situación da que se parte, cunha memoria económica e organizativa, con obxectivos a medio e longo prazo, cunha ou varias revisións intermedias de resultados obtidos e coa dación de contas a esta Parlamento. E todo isto precedido dos debates sociais e sectoriais que o tema e o noso país común merecen.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cando a tramitación dunha lei, señora Candia, se descarga nun grupo parlamentario, é sinal de que o texto está máis pensado para a galería que cun interese real de mudar as cousas e de ter efectividade. Imos logo desvendar os ollos.

Señorías, debemos lembrar que a Lei 7/2007, de maio —do BNG—, nacía co título de «Conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia». A este texto que nos presentan hoxe, tras doce anos de indolencia e abandono, chámanlle «de recuperación da terra agraria de Galicia». Daquela o obxectivo era «conservar», e doce anos despois xa temos que falar de «recuperar». ¡Vaites, vaites!

Porque neste camiño indolente perdéronse 150.000, 200.000, 250.000... ¿Cantos milleiros máis de hectáreas de terra agraria, hoxe cubertas por matogueira, ou o que é peor, por cinsa, por borralla de incendios? Esta proposición de lei marca como obxectivo promover a recuperación produtiva das terras agroforestais de Galicia, e velaí a diferenza, porque na nosa lei o obxectivo era o solo de protección agropecuaria, os terreos de alta produción agraria e gandeira, e por iso a iniciativa pública ía dirixida sobre todo á protección, conservación e recuperación da terra con destino agrogandeiro. Non só se tentaba a recuperación e a posta en produción de terreos incultos abandonados. Trataba da dedicación preferente dos solos con maior fertilidade e aptitude para a produción agrícola e gandeira —e aquí entramos no *quid* da cuestión— para frear a expansión dos usos forestais en terreos rústicos que deberían estar destinados aos usos agrogandeiros dada a súa maior produtividade e aptitude. É curioso que nas 174 páxinas das que consta esta proposición de lei que queren tramitar nada se fale de reverter a situación da terra de vocación agropecuaria e que actualmente se encontra ocupada por plantacións forestais.

O asunto ten rabo, porque deixa claro que non se está a centrar a prioridade na superficie agropecuaria útil, na recuperación e na posta en valor dos terreos con vocación para as producións agrícolas e gandeiras, senón que máis ben van á recuperación de terras rústicas para favorecer todas as producións, tamén a forestal. Ese é o rabo, por iso o de traela así aquí, sen debate social, sen barullo, só coa propaganda despregada. É moito o que está en xogo para o que vostedes representan e para o que nós defendemos. O PP está disposto a forestarnos, a poñernos eucaliptos e piñeiros ata nos xardíns das casas, ata nas macetas. O PP alimentou un monstro e agora o monstro pon as condicións. E como o forno non está para bolos e a sociedade comeza a poñer en cuestión tanto eucalipto, tanta importación de alimentos, tanta agresión medioambiental, necesitan unha lei que xustifique o desaguisado. E así andan, poñendo unha aldea modelo aquí e outra acolá para disimular e dicir que van facer e o que vai acontecer. Por certo, ¿alguén viu pasar algunha previsión orzamentaria, algunha previsión de apoio das oficinas agrarias comarcais? —¡vaia do que queda delas!—. ¿Alguén sabe algo do número de hectáreas que se van recuperar no primeiro bienio? Sexan sensatos, fagan as cousas como Deus manda.

Se isto que estou dicindo non é así —como lles dicimos—, demóstrennolo. Abran o debate á sociedade. Fagamos desta lei o principio dun plan integral de dinamización e recuperación do rural. Abramos o debate á sociedade, a ponencia pode facelo. ¡Vamos, convénzannos! ¡Convénzannos de que as súas intencións son honestas, que non agochan nada raro! Estas serían as condicións; son as condicións que lles pon o BNG para que nos sentemos a falar en

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

serio. ¡Aí lles van!: a) estudo da situación de partida, diagnose; b) elaboración dunha memoria económica organizativa que inclúa recursos orzamentarios, técnicos e humanos; c) priorización da superficie agraria útil; d) que na tramitación haxa participación social —pode chamarse a expertos, representantes, organizacións e entidades do sector á ponencia—; e) que se poña freo á forestación de terras potencialmente agrarias; f) establecemento e cumprimento duns obxectivos básicos de carácter anual —por exemplo, o número de hectáreas a recuperar—; g) revisión intermedia dos resultados obtidos e dación de contas ao Parlamento.

Se é así, nós estaremos dispostos a darlle para diante a unha lei consensuada. Se non é así, nós non tragamos gato por lebre. Sinto dicirllo así, con esta acritude pero con esta serenidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Quenda de réplica. Polo grupo autor da proposición de lei, a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, señorías.

Parece que o problema é a forma. Antes de nada, eu quero insistirlles en que se lles explicou ás organizacións agrarias, que esta semana se leva ao Consello Agrario e que a semana que vén irá ao Consello Forestal.

Ben saben vostedes que, ás veces, cando paramos moito na forma, é que ao mellor non temos moito que dicir do fondo. *(Murmurios.)*

Señor Seco, é verdade que co micrófono é máis difícil entenderse con vostede, pero dende logo, como voceira da área de Medio Rural —matizo, puntualizo e ao mesmo tempo pido desculpas— é un reto ao que non vou renunciar. Indubidablemente, vostede non ten fe no Partido Popular e incluso o di con orgullo, pero nós estamos hoxe aquí porque quen ten fe en nós son os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Coinciden vostedes no instrumento. De feito, medio parecía que se sentía un pouco ofendido porque patrimonializabamos a idea que era de todos. Se é así —tamén insisto—, nace desa comisión, nace dun gran consenso do que, dende logo, todos os compañeiros —os que xa non están e os que agora temos esta responsabilidade— nos sentimos orgullosos e que queremos referendar e, se se pode, mellorar.

Pero, miren, ¿cren realmente que non merece a pena intentalo? ¿Cren realmente que non merece a pena aprobar un instrumento que respecte a propiedade privada, que dea ferra-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentas para incrementar a base territorial das nosas explotacións, que reforce as capacidades da nosa comunidade autónoma, que loite contra o abandono? ¿Cren realmente que non é agora, nun momento no que a nosa sociedade o está pasando tan mal? ¿Nalgún momento pensarían vostedes a conclusión que podería sacar algún galego ou galega que estivera escoitando esta intervención, e tiveramos que retrotraernos a aló polo 2008 ou 2009? Eu recoñezo que pasar á oposición se leva francamente mal, e canto antes se supere e se traballe en positivo —tamén llelo recomendo e llelo digo por experiencia— máis posibilidades terán de poder chegar ao Goberno. Deste xeito, dende logo, traendo un panfleto trasnoitado *(Murmurios.)* nun momento económico... *(Murmurios.)* Señorías, é que a sociedade e a nosa economía non lles está para bromas, señora Rodil. Estamos nun momento económico moi complicado e, dende logo, creo que merecemos o maior respecto, a maior responsabilidade e o maior rigor. E hoxe convídoos a que, polo menos, non voten en contra; *(Murmurios.)* a que apoien que arranque a toma en consideración dun instrumento valente, dun instrumento necesario, dun instrumento consensuado no que moita xente non infravalore ninguén. Técnicos, alcaldes, deputados de todas as forzas políticas fixeron as súas aportacións —e aquí contextualiceino nun momento moi concreto—, pero van poder seguir facéndoas.

Señorías, defendemos un sector primario vivo. Galicia non se entende sen as nosas aldeas. Insistín moitísimo respecto á propiedade privada, porque nacín nunha onde os veciños e a familia aforraban peseta a peseta —daquela— para poder comprar un ferrado, e iso hai que respectalo. Esta lei, sen dúbida, será unha garantía. Pero non só hai que respectalo, hai que poñelo en valor para que poida ser un complemento —como dicía— da súa pensión. Máis que nunca a sociedade nos demanda entendemento. Máis que nunca o sector primario, que segue sendo un dos mellores, aguanta e sobrevive a esta importante crise. Dixen en varias ocasións que incluso moita xente das cidades mira con envexa para o noso rural pola calidade de vida e polas oportunidades laborais no sector gandeiro, no sector agrícola e tamén no forestal —señor Rivas, xa llo digo, vindo da comarca da Mariña, tamén no forestal—. *(Murmurios.)*

Con respecto e, dende logo, con afecto tamén —porque creo que é un momento histórico—, fágolles un convite a sumar e a construír. Non lle farán un favor ao Partido Popular, que, indubidablemente, intentaremos xestionalo da mellor maneira posible. Pero, créanme, os verdadeiramente beneficiados serán os galegos e as galegas, precisamente eses do medio rural que vostedes tanto levan citado aquí nas intervencións anteriores. Hoxe teñen, aquí e agora e nos vindeiros días, unha oportunidade de demostralo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Rematados os debates dos textos lexislativos, procedemos á súa votación.

Comezamos votando as emendas mantidas ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comezamos votando de xeito conxunto as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (emendas núms.1 á 4, 7 á 15, 17, 20, 22 á 40 e 42 á 44)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (emendas núms. 1 á 12)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

E agora votamos o acordo, que xa se expresou aquí e no debate parlamentario, que é a emenda de consenso ao artigo 31.3 deste proxecto de lei polo que se modifica o artigo 35 ter) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público consistente en engadirlle *in fine* dous puntos ás actuacións números 3, 4, 5, 6, 9 e 10, que pasan a ser respectivamente os números 4, 5, 6, 7, 10 e 11.

Votación da modificación formal consensuada do artigo 31.3 do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta emenda formal.

E agora votamos o ditame da Comisión coa incorporación da emenda que se acaba de aprobar.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, coa modificación formal consensuada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame coa modificación formal engadida.

Votamos agora as emendas mantidas ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

Vótanse, en primeiro lugar, de xeito conxunto as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas do G. P. dos Socialistas da Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (emendas núms. 1 á 3, 6, 8, 10 á 12, 16 á 25, 28 á 43, 45 á 49, 53, 55, 56, 58, 61, 62, 65, 66, 68, 69, 72, 75, 78, 79, 82 á 88, 92 á 94 e 99 á 102.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia (emendas núms. 1 á 7, 10 á 16, 19, 20, 22, 24 á 30, 32 á 36, 39 á 43, 44 á 51, 53 á 56, 59 á 68 e 72 á 80.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

E votamos o ditame da Comisión.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de recuperación da terra agraria.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de recuperación da terra agraria de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 19; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, tómase en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Aquí remataron as votacións e continuamos, tal e como xa se comentou, co punto terceiro da orde do día, que son neste caso as mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas porcentaxes de expansión da banda larga

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

Cando queira.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe traemos esta moción que no BNG consideramos que é de vital importancia para o noso país —xa falabamos disto na interpelación de hai un mes—. E pensamos isto, sobre todo, por dous motivos principalmente.

O primeiro é que, dunha vez por todas, é necesario que a Xunta de Galiza impulse un gran plan de dixitalización en todo o país, en especial no noso rural e, ademais, canto antes. Corre présa. Todos e todas sabemos que somos os últimos ou os penúltimos en absolutamente todos os *rankings* e clasificacións do territorio do Estado español. Pero hoxe non vou dedicarme a repetilos, porque xa os coñecemos perfectamente todos e todas e xa levamos falando meses sobre eles.

Isto tense que acabar, porque Galiza precisa dun plan ambicioso urxentemente. É moita a lentitude coa que este goberno practica as políticas de dixitalización do rural e levamos moitos anos perdidos no que a este tema atinxe. Levamos moitos anos perdidos en moitos plans, que xa suman tres —esperaremos a ver o terceiro—, e ningún deles acadou os resultados desexados en absoluto —e desgraciadamente, a verdade—.

O resultado disto non son uns números, non son soamente unhas clasificacións, uns *rankings* nos que estamos peor que o resto. O resultado disto non son estas clasificacións inertes. Teñen rostro. O resultado é que os galegos e as galegas non poden desenvolver o seu traballo,

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os seus estudos ou parte do seu ocio do mesmo xeito en que o fan outros cidadáns e cidadás do resto do Estado español, polo simple feito de vivir en Galiza. Aí é onde está o problema, porque os déficits de banda larga, de alfabetización dixital, de cobertura ou de dixitalización no noso rural teñen rostro, e son os dos traballadores e traballadoras que non poden teletraballar porque non teñen conexión; son os dos estudantes que non poden asistir ás aulas virtuais —ou aos exames virtuais, de chegar a facerse— porque non teñen conexión; son os dos gandeiros e labregas que non poden adaptar o seu traballo ao século XXI porque non contan coas tecnoloxías para poder facelo. Estes datos teñen rostro, iso é o que quería dicir. Todo isto págao o noso país, e isto quere dicir que o pagan os galegos e as galegas.

O segundo motivo cremos, ademais, que é bastante evidente. Despois de meses nos que levamos traballando ou estudando tamén á distancia —e, sobre todo, dos meses que desgraciadamente aínda poden quedar—, a necesidade da posta en práctica deste tipo de políticas aínda se fai máis evidente. Eu fágolles unha pregunta a vostedes, deputados e deputadas do Partido Popular: ¿como vai teletraballar un traballador se non ten conexión para facelo?, ou ¿como vai, por exemplo, estudar unha estudante, ou como vai atender as clases virtuais, se non ten conexión para facelo? É imposible.

Con estas preguntas o que quero facer ver é que, para moitos galegos e galegas, é imposible levar a cabo as recomendacións ou as obrigacións que a propia Xunta fai, porque non se conta cos medios para facelo. Ademais, non queden coa idea de que isto soamente pasa nos recunchos máis recónditos do noso país. Non, en absoluto. Temos casos que ocorren en lugares dos termos municipais das sete cidades de Galiza, e isto tamén ocorre en moitos lugares de concellos que tamén lindan coas capitais de provincia ou con outras cidades como, por exemplo, Santiago de Compostela, como, por exemplo, Vigo ou como, por exemplo, Lugo. Por iso e por outros moitos motivos teñen que entender a gravidade da situación, e por iso lle volvemos pedir á Xunta unha posición de país apoiando esta iniciativa e pulando por que a conexión de banda larga chegue á totalidade do país o máis rápido posible; levando a tecnoloxía a toda a poboación co aumento, por exemplo, de aulas CeMIT; tendo unha posición forte de país nos fondos da Unión Europea para a dixitalización, ou impulsando outros mecanismos para facer chegar a conexión ao rural. Pode facerse, sobre todo sabendo que é necesario.

Tamén temos que centrar os nosos esforzos en levar a cabo plans de capacitación en competencias dixitais. Explícome. O problema de moitos galegos e galegas pasou a ser dobre. Por unha parte, non teñen os medios para empregar as tecnoloxías e, por outra, non teñen os coñecementos para poder facelo se chegasen a telas. É por iso que temos que chegar a ter unha maior alfabetización dixital; é dicir, capacitar a xente para poder adaptarse ao mundo que vén ou xa, en moitos casos, ao mundo que xa está aquí. Porque esta pandemia volveu mostrar que coxeamos moito no uso e nos coñecementos das tecnoloxías. Tamén é normal, porque en moitos casos nunca as puidemos empregar. E, claro, isto supón que a nosa sociedade non poida empregar, en moitos casos, as tecnoloxías necesarias para o día a día da vida en pleno 2021.

Alén de todo isto, hoxe mesmo tamén se estivo a falar —xusto hai pouco— sobre a necesidade de políticas de impulso demográfico. Pois aquí temos outro exemplo de política demo-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gráfica. Se garantimos o mesmo dereito de acceso á tecnoloxía no rural como na cidade, estamos a facilitar o asentamento de poboación no rural. Porque ao final todo vai do mesmo, todo vai de facer política para evitar que o feito de vivir no rural en vez de nunha cidade non marque as túas condicións de vida. Contra isto pódese loitar, non é unha utopía. E temos exemplos en toda Europa. Pódense levar plans de dixitalización ao rural para termos un rural intelixente, porque, ademais, é o que están facendo moitos estados europeos con resultados moi positivos e, sobre todo, con resultados moi inmediatos. Os exemplos de áreas rurais como Laponia, en Finlandia, ou Renania, en Alemaña, dan conta disto. É o que se denomina *smart countries*. É unha realidade e, sobre todo, unha necesidade á que o noso país ten que acudir.

Vostedes saben, ademais, que un rural conectado é un rural que detecta os lumes dun xeito máis rápido e, evidentemente, que os extingue dunha maneira máis rápida; un rural conectado é o que ten acceso, coas previsións, a todas as variacións atmosféricas e que, polo tanto, ten mellores colleitas; un rural conectado é o que controla o seu gando e optimiza os seus resultados; un rural conectado é o que controla as súas captacións de auga e o que ten datos en tempo real do seu saneamento, e, así, un longuísimo etcétera.

Deste xeito —e, como ven, cun ton moi amigable—, pídolles que deixen esas escusas de que somos un pobo avellentado, de que temos moita dispersión na poboación, que evidentemente é verdade, pero xa temos comentado aquí moitas veces que estas son e levan sendo as características poboacionais de Galiza desde xa hai ben tempo. E, evidentemente, un bo goberno é aquel que goberna para as realidades do seu país. Polo tanto —tamén xa o temos dito aquí—, en política pódese acertar ou errar, pero, se non se ten en conta o que acabo de dicir antes, o resultado está máis que claro. Eu penso que hoxe podemos acadar un acordo bastante importante e por iso os quero animar a empezar a traballar por este país apoiando esta iniciativa, porque os galegos e as galegas sairán gañando.

Sen máis, e debido a que a miña voz está algo resentida —non sei por que—, esperamos o seu voto positivo e seguiremos falando agora.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boas tardes, deputados e deputadas.

A pandemia do coronavirus levou as autoridades a poñer restricións á circulación de persoas e a fomentar o confinamento no fogar. Isto fixo que se ampliara a fenda dixital entre as cidades —con fibra óptica e redes sen fíos de alta velocidade nos fogares— e as aldeas —onde

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a velocidade en Internet é baixa ou non existe—. O teletraballo, a educación *online* ou as videoconferencias convertéronse nos últimos tempos en indispensables nas nosas vidas.

En Galicia, o 13,2 % da poboación, máis de 357.000 persoas, apenas pode acceder a unha velocidade de dous megas. Na nosa comunidade autónoma hai concellos de 50.000 habitantes con redes convencionais —non de fibra— que teñen unha transmisión non superior a trinta megas, unha baixa velocidade segundo os requirimentos actuais.

Con estes datos, temos que dicir que o Plan de banda larga 2020, aprobado no ano 2015 no Consello da Xunta, non cumpriu os obxectivos marcados pola Axenda dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de, cando menos, trinta megas para a totalidade da poboación e de impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de cen megas.

O noso grupo xa levou este tema hai uns meses á Comisión 6ª. Esta crise sanitaria deixa, polo tanto, ben patente que este plan non cumpriu os seus obxectivos e que Galicia ten a necesidade de impulsar outro plan de banda larga moito máis ambicioso.

A perda e o envellecemento da poboación, a escaseza de bens e servizos básicos, o declive socioeconómico, o abandono dos sectores primarios, as dificultades de accesibilidade ou a falta de investimento son algúns dos problemas urxentes que sofre o rural galego. Xa hoxe se debateu aquí, hai un rato, sobre o despoboamento do rural. Sen dúbida, o reto de transformar esta tendencia e de proporcionar solucións a toda a constelación de municipios rurais que conforman Galicia é complexo e require de grandes doses de innovación, planificación, cooperación e, sobre todo, de vontade política.

O proxecto europeo Smart Rural 21 ten como obxectivo promover estratexias e solucións intelixentes aos problemas aos que se enfronta a Europa baleirada. Aínda que este proxecto estivo elaborándose moito antes de que se producise a pandemia do coronavirus, o certo é que a crise sanitaria na que estamos inmersos centrou a atención nos ambientes rurais. O horizonte posterior á covid-19 pode proporcionar unha xanela de oportunidades tanto para a recuperación das áreas rurais como para repensar o modelo urbano-territorial desde unha nova perspectiva sostible, saudable e comunitaria.

O proxecto europeo Smart Rural ten como obxectivo xeral desenvolver e aplicar enfoques e estratexias intelixentes. Este ano presentáronse á convocatoria do proxecto europeo Smart Rural cinco candidaturas galegas —duascentas vinte e cinco en toda España—. Esperemos que nas próximas convocatorias Galicia teña máis candidaturas, xa que é unha boa ferramenta para recuperar o rural da nosa terra.

As áreas rurais de Galicia sofren o despoboamento, como hoxe vimos dicindo en varias intervencións. As tecnoloxías da información cada vez desenvólvense máis rapidamente. Apoiados nestes avances, son moitos os expertos que recomendan o uso do teletraballo como unha forma de atallar o despoboamento do rural, especialmente entre a poboación máis nova e cualificada —precisamente o sector poboacional que máis incidencia ten no tecido socioeconómico—.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta crise sanitaria deixa ben claro, polo tanto, a necesidade de impulsar urxentemente a banda larga no noso territorio, fundamentalmente na Galicia rural. Por poñer algúns exemplos de sitios de Galicia onde o acceso a internet é pésimo ou non existe, está Gondomar, A Baña, Padrón, Brión, Aguiño —en Ribeira—, Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita, Seixalbo —en Ourense—, etc. Hai moito territorio sen banda larga e queda moito por facer.

Xa predigo o que, desde o grupo parlamentario, vai dicir o deputado ou deputada que veña: que a orografía e a dispersión da poboación teñen a culpa de que a banda larga non chegue ao rural. Pois non, a única culpable de que a banda larga non chegue ao rural é a Xunta de Galicia, nin máis nin menos. *(Aplausos.)* ¡É a Xunta de Galicia! Tamén dirán que a culpa é do goberno de Pedro Sánchez. Porque dá igual o tema que toquemos, que a culpa é de Pedro Sánchez. Pero aquí este argumento non lles vai servir, porque, miren, ¿saben vostedes cal foi a comunidade autónoma de toda España que recibiu máis axudas para a cobertura de banda larga no 2018? ¡Galicia! Galicia foi a comunidade que máis axudas recibiu, cunha contía de 25,33 millóns. ¿Saben cal foi a comunidade autónoma que máis axudas recibiu no 2019? Pois foi a comunidade galega, con máis de 25 millóns en axudas. ¡Deixen de botarlles a culpa aos demais e póñanse a traballar! ¡Deixen de botarlles a culpa aos demais! *(Aplausos.)*

Unha opción para formar tecnoloxicamente todas as galegas e todos os galegos son as aulas CeMIT. Polo tanto, é certo que a Xunta de Galicia debería aumentar o número de aulas e así poder chegar a toda a poboación da nosa comunidade. E dotalas de máis funcionalidades tamén sería unha boa iniciativa, sobre todo no rural, do que hoxe tanto vimos falando.

Sen dúbida, a dixitalización é un dos retos máis urxentes ao que se enfronta Galicia nestes momentos, debido á importancia dos datos en todas as áreas das actividades económicas e sociais. A loita pola sistematización, o control e a xestión dos datos son uns dos maiores retos actuais. A dixitalización debería ser para a Xunta de Galicia unha das súas prioridades políticas durante esta lexislatura, e ter como finalidade acadar unha Galicia adaptada á era dixital capacitando as persoas para a nova xeración de tecnoloxías.

O goberno autonómico do Partido Popular tería que ter como obxectivo catalizar unha transformación dixital que impulse o emprego, o desenvolvemento da industria e a revitalización da economía. A transformación dixital é un piar básico para aumentar a produtividade e a xeración de maior valor engadido. Para chegar a isto, o executivo autonómico debería centrarse na transformación das pemes e das empresas familiares e, sobre todo, na transformación do comercio de proximidade. Tería que apostar por lograr que ¡todos! os polígonos de Galicia tivesen acceso, como mínimo, á rede de 100 megas, e promover de maneira activa que todos eles teñan unha pluralidade de provedores de servizos de internet. Debería facer un despregamento acelerado da rede 5G co fin de proporcionar conectividade de alta velocidade ás zonas rurais, porque son moitos os territorios da nosa comunidade sen conectividade ou cunha conectividade de baixa velocidade. Debería implementar unha estratexia potente da industria 4.0 para a agricultura, pesca e industria. A nosa comunidade autónoma tería que avanzar cara a unha dixitalización do sector turístico implementando un plan máis eficaz de destinos turísticos intelixentes.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aquí gustaríame dicir unha cousa que escoitei á maña falando cunha persoa que leva casas rurais, que é o presidente da Federación de Turismo Rural: «Dinnos que se dixitalice o turismo rural. ¡Pero como imos dixitalizar o turismo rural se non temos Internet!, ¡que nolo explique alguén! *(Aplausos.)* ¡Por favor, dígallo á Xunta! ¿Como dixitalizamos o turismo rural?». É un exemplo.

É importante resaltar o rol que desempeñan a dixitalización e a transformación dixital no cambio da educación. Temos que rematar coa fenda dixital entre os escolares de Galicia. Coa pandemia que estamos a vivir, queda demostrado o gran traballo que queda por facer na nosa comunidade para que a dixitalización chegue a toda a sociedade e a todo o territorio. Esperemos que o anuncio da semana pasada do señor Feijóo —que anunciou que a educación dixital chegará a cen mil alumnos en dous anos— sexa unha realidade e non un simple anuncio, como aos que nos ten acostumados. ¡Anuncios, anuncios e máis anuncios!

Como se pode comprobar, á Xunta de Galicia quédalle moito, moitísimo, por facer no eido da dixitalización na nosa comunidade autónoma. Por iso o Grupo Parlamentario Socialista lle demanda ao Goberno autonómico facer un maior esforzo orzamentario para lograr a dixitalización de toda Galicia. E, cando digo «de toda Galicia», digo tamén do rural.

Remato xa. Os expertos están avisando de que as rexións que afrontan esta crise cunha posición inicial caracterizada por unha baixa produtividade, un gasto reducido en I+D+i tanto no sector público como no sector empresarial, unha insuficiente implementación da dixitalización ou deficiencias no mercado de traballo presentarán serias debilidades ao sentar as bases dunha recuperación económica sólida, un aviso importante, señores do Partido Popular.

Moitas grazas a todos e a todas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Castro, tanto a vostede como á señora Gallego lles teño que dicir que me sorprende ese dobre discurso que practican cando falan de melloras tecnolóxicas e de conectividade no noso país. Aínda que hoxe o señor Castro falou pouco, falou o suficiente. Por unha banda, queren convencernos do seu bo talante e de que tratan de traer a este salón de plenos iniciativas construtivas —ás veces, todo hai que dicilo, un pouco extemporáneas—, pero, pola outra banda, na súa análise e no seu discurso falan de anos perdidos para acabar insinuando sempre que levamos once anos de brazos caídos. E non é certo.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Gallego, vostede faltou á verdade hoxe. Faltou á verdade e eu non lle vou falar de culpas, voulle falar de competencias, que son cousas diferentes, señora Gallego. Claro que queda moito traballo por facer, eu non llo vou negar hoxe. Queda moito traballo por facer nesta materia. E a preocupación que teñen vostedes é compartida totalmente por este goberno, por un goberno que, ademais de preocuparse, actúa, señora Gallego; un goberno que pon sobre a mesa solucións ás eivas que quedan por corrixir, porque sabe da potencialidade que supón un territorio ben conectado para conseguir o reto da reactivación económica do noso país, que é o que toca nestes momentos. Con total seguridade, coincidimos os tres grupos con que nos últimos meses se puxo de manifesto a necesidade de que a cidadanía conte con capacidades e habilidades dixitais. Ata tal punto é así que, para continuar impulsando esas competencias, a Xunta de Galicia vai pór en marcha este ano o novo marco galego de competencias dixitais. Ademais, investiranse 10,4 millóns de euros en inclusión e en capacitación dixital; 6,4 millóns para actuacións de inclusión dixital —e deses 6,4 millóns, 3 millóns centraranse en reconfigurar as aulas CeMIT, que vostedes traen a debate hoxe—. Hai, polo tanto, un proxecto en marcha, e vostedes chegan certamente tarde coas súas demandas. Veñen sempre a rebufo das iniciativas deste goberno.

Miren, as aulas CeMIT botaron a andar no ano 2011 —por certo, cun goberno do Partido Popular—. Antes desta data non había nada en Galicia. Xa están presentes nestes momentos en noventa e dous concellos das cincuenta e tres comarcas da nosa comunidade. No día de hoxe temos 98 aulas totalmente equipadas, e este ano iniciaremos o proceso de reconfiguración e de adaptación ás novas demandas. Pero, ademais, estou a falarlles de proxectos apegados á realidade do territorio de Galicia. Como coñecedores da importancia do rural, saiban que cada galego ten a menos de trinta minutos do seu fogar unha aula CeMIT para facer uso das ferramentas TIC. O 88 % das aulas están en concellos de menos de 30.000 habitantes; e o 30 %, en concellos de menos de 5.000.

A rede CeMIT forma parte, ademais, do Plan de inclusión dixital de Galicia. E, adicionalmente, para garantía da dinamización das aulas —que a vostedes lles preocupa— acaba de asinarse a segunda addenda ao convenio de colaboración para a xestión da subvención, cun importe de 813.000 euros; unha addenda que permitirá ás entidades locais dinamizar as aulas con actividades formativas financiadas co apoio da Xunta de Galicia.

Miren un dato moi fácil de darlles: en cinco anos investíronse máis de 5 millóns de euros nas aulas CeMIT, con máis de 420.000 horas de formación para que as galegas e os galegos melloren as súas habilidades dixitais e así aumente a súa calidade de vida, a súa empregabilidade e a súa inserción social. Falamos de investimento e de traballo, de traballo que fixo que Galicia tivese un gran avance en materia de sociedade dixital. E por iso non podo compartir —non podemos compartir— ese relato negativo que fan vostedes sempre que teñen a oportunidade de falar desde esta tribuna.

Polo tanto, desde o Partido Popular, a mensaxe que queremos trasladar é moi clara. Non dubiden de que seguiremos apostando pola rede CeMIT, pero non só incrementando as aulas cando sexa necesario —como din vostedes—, senón facendo o fundamental neste momento: reconfigurando as que hai para que existan e sigan adaptándose ás novas demandas e continúen a ser centros de referencia tecnolóxica aos que acudir a formarse, a asesorarse ou a

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acceder a equipamentos. Non terán que convencernos sobre as bondades de dotalas de maior funcionalidade ou de aproveitar estas instalacións como espazos de teletraballo. De feito, parece mentira que descoñezan o servizo de aula aberta, un espazo ao que, simplemente con darse de alta como usuario da rede CeMIT, os cidadáns poden acceder gratuíta e libremente e contar co asesoramento dos responsables TIC.

Voulle dar un dato máis no relativo á funcionalidade, señor Castro, porque creo que vivimos en países diferentes. Froito do entendemento entre a Xunta, a Fegamp e as universidades, este ano prestouse o servizo de conectividade para poder realizar os exames universitarios —vostede mencionou isto hai un momento—. É unha prestación da que nos sentimos especialmente satisfeitos e que tivo unha acollida extraordinaria. Calquera estudante galego, señor Castro, puido facer os seus exames coa comodidade de dispor dunha aula a menos de trinta minutos do seu fogar ou da súa casa, evitando así acudir á universidade. Isto tenlle dúas lecturas. Por unha banda, a anticipación do Goberno galego, que foi quen de adaptarse ás necesidades e ás demandas xurdidas no momento e, por outra, o avance na prestación de servizos de calidade ás veciñas e aos veciños.

No referente aos plans Smart Rural, que tamén mencionaron, de novo me obrigan a dicirlles que veñen rezagados. Se lle botasen un vistazo á Estratexia Galicia dixital 2020-2030 —só cun simple vistazo—, comprobarían que abunda na atención ao rural e na modernización do sector primario. Convídoos a lela. Xa neste 2021 podemos destacar catro proxectos nos que se utilizan este tipo de tecnoloxías: o Agro 4.0, a ampliación da Rede de Videovixilancia Forestal, o Portal do Propietario Forestal e a evolución da plataforma Xesbío. E seguiremos, téñano por seguro.

Traen tamén a debate, de novo, a extensión da banda larga. Non vou reiterarlles, porque sei que coñecen —aínda que non lles guste recoñecelo— o esforzo feito por esta administración, o inxente traballo desenvolvido pola Xunta en anos previos que nos levou a ser —aínda que non lles guste— das primeiras rexións a niveis nacional e europeo que impulsaron o despregamento de redes de nova xeración.

Pero aínda que xa o temos debatido, o que si lles vou reiterar —porque me parece imprescindible neste contexto de cogobernanza do que estamos a falar e sobre o que se nos enche a boca nos últimos tempos a todos— é que a competencia en materia de telecomunicacións é do Goberno central, señora Gallego. Non son desculpas, é a competencia. Non son balóns fóra, é ver de quen é a responsabilidade para poder avanzar neste senso e en que bolso están os cartos —os fondos Feder e os fondos de recuperación— para o financiamento e a posta en marcha de iniciativas en materia de conectividade e 5G. Paréceme importante recordarlles de quen é a competencia e quen ten os cartos por outras situacións similares que xa temos vivido nesta Cámara, como a da AP-9, sen ir máis lonxe. *(Murmurios.)* Cando se trata de reclamar a Madrid, o Bloque Nacionalista Galego parece que lle debe algo ao Partido Socialista, porque perde toda a súa forza. Nós non teriamos inconveniente en votar por puntos hoxe, señor Castro, e apoiarlle algúns, pero non o imos facer. E ¿sabe por que? Porque vostedes un día tras outro, e deliberadamente, obvian nomear o Estado, que é a Administración competente. Vostedes saberán por que o fan e o que lles deben. Pero, desde logo —e máis ultimamente—, os galegos debémoslles cero.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pídennos vostedes unha posición de país, e eu pregúntome onde está a súa, señor Castro. Pídolles que sitúen xa dunha vez por todas a responsabilidade de cadaquén na administración que corresponde. Defendan os galegos e así obterán sempre o noso apoio. De feito, o Goberno central vén de aprobar agora un novo plan para a conectividade e o impulso da tecnoloxía 5G, que en Galicia é unha alternativa moi valiosa para achegar a conectividade a esas zonas máis illadas do rural. Así está recollido tamén na Estratexia Galicia dixital 2020-2030, unha estratexia que vai permitir que Galicia siga sendo pioneira e atraer á comunidade o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica no uso desta tecnoloxía.

Imos demandar un verdadeiro e potente diálogo do Goberno galego co Goberno do Estado para acadar consensos e construír proxectos futuros conxuntos, proxectos que melloren a calidade de vida das galegas e dos galegos, que prioricen as zonas con maior dificultade e que permitan obter os recursos financeiros que lle corresponden a Galicia na repartición dos fondos europeos.

Señora Gallego e señor Castro, teñan a valentía de sumarse á acción en defensa de Galicia que desenvolve a Xunta. Estamos nun momento no que toca asumir e defender isto unidos, nun momento no que toca o consenso e por iso apelo á súa responsabilidade de país. Nesta liga —vou facer un símil deportivo que penso que resume a traxectoria do Goberno galego neste eido e do que será no futuro, e xa remato—, nesta liga da conectividade, por moito que vostedes o repitan, non estamos de últimos. Temos un equipo traballando arreo dende hai moitos anos e non vou discutirlles que, pola nosa orografía —e non son desculpas— ou pola nosa dispersión territorial, hai partidos que son difíciles de xogar. Non é unha desculpa, é unha realidade, señora Gallego. Non é que non vaiamos de últimos. Dígolle con total humildade que somos pioneiros e dos primeiros —aínda que non lles guste oílo— na maior parte das iniciativas que se levaron a cabo.

Neste momento o Goberno galego non vai xogar a esperar a que pase o tempo, entremos no desconto e remate o partido. O traballo feito preparounos para xogar e para ir a mellores ligas. E, por iso, a iniciativa da Xunta vai ser firme para que quen ten as competencias as exerza; firme na optimización dos fondos públicos para que se adiquen a resolver esas situacións especiais, como as que se dan nalgunhas zonas da nosa comunidade; firme para que se reconsideren os criterios pensados para despregar en zonas de alta densidade de poboación e que xa vimos que son insuficientes para as zonas máis illadas...;

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PÉREZ LÓPEZ:... e firmes para non deixar ningunha galega e ningún galego, ningunha empresa e ningún proxecto fóra da dixitalización e das oportunidades que esta vai xerar no futuro.

Moitas grazas e máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez López.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo grupo parlamentario autor da moción, o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: A verdade é que estou pasmado. ¡Mimadriña!

En primeiro lugar, señora Gallego, grazas polas palabras. Creo que coincidimos absolutamente en todos os elementos da súa análise, e intúo que será apoiada a iniciativa. Moitas grazas.

Despois, señora Pérez, a ver... Eu sempre confiei moitísimo na capacidade de argumentación da xente do Partido Popular e na capacidade de darlle a volta absolutisimamente a todo. Pero darlle a volta a unha temática, a un eido, no que somos —e imos coas analoxías futbolísticas— os colistas en absolutamente todo, no que se podería dicir que levamos descendendo de categoría ano tras ano, e dicir que se adiantan —porque, non sei..., ata puideron prever a pandemia, porque a Xunta prevé todo—, que se adiantan en absolutisimamente a todo e que a Xunta é líder e referencia no Estado español..., ben, hai que recoñecer que, polo menos, mérito ten, ¡eh!.

O que non pode ser é que o INE e o IGE che estean dicindo que es o territorio do Estado español con peor conexión de banda larga, tanto por velocidade como por tipo de tecnoloxía, e aínda por riba nos deamos todas estas ínfulas de vitoria e de triunfalismo. ¡Home, polo menos un pouco de humildade! *(Aplausos.)* Dígoo sinceramente porque non o agardaba. Non sei, será a inocencia xuvenil. *(Murmurios.) (Risos.)* Non agardaba este ton, este triunfalismo, a verdade. Porque non son eu nin a xente do BNG os que pomos a Galiza en zona de descenso. É o propio INE e o propio IGE.

Dicía que se era un relato negativo e que non sei que. ¡Home!, relato negativo non, é un relato realista e son anos perdidos tamén. Por algo crearían tantos plans de banda larga, porque todos foron fallidos e porque ningún alcanzou os obxectivos marcados. ¡Nin se alcanzaron os obxectivos marcados pola Unión Europea nin os obxectivos marcados pola propia Xunta de Galiza! ¡Home!, eu considero que si son anos perdidos.

Como dicía antes, o malabarismo argumentativo ten que ser tal —para poder defender unha posición forte da Xunta, unhas grandes medidas e unha grande actuación da Xunta nisto— que estamos falando de banda larga e imos á AP-9. *(Aplausos.)* Ou sexa, claro, eu entendo que hai que chegar a empregar estes elementos, pero ben...

Por último —e xa non me estendo máis—, eu xa viña aquí —porque quizais esperaba unha resposta máis benévola— a animar e a impulsar programas de intelixencia artificial pola Xunta, ou a levar a lingua galega á internet e estas cousas. ¡Líbreme Dios! Mira onde estamos, ¿non?... *(Aplausos.)* A partir de agora prometo que me centrarei en cousiñas máis pequenas para poder chegar a acordos, porque a vostedes logo se lles enche a boca de falar de consenso. E sinceramente penso que o día de hoxe demostrou perfectamente a cantidade de emendas e de iniciativas, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista, que apoiaron, ou de iniciativas que van votar a favor ou en contra. E se non chegan a un consenso nesta iniciativa —coa cal en realidade eu penso que, falando detidamente, todos os galegos e todas as galegas estarían a favor porque é unha realidade e é algo que este país ten que

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

atallar—, se nin a iso o PP chega a votar a favor, é porque é darlle a razón á oposición. E iso, aínda que teñan os datos diante, parece ser que é imposible.

Lamentamos moito esta posición, e creo que este país o lamenta máis. Creo que todas esas empresas e todo ese sector empresarial que ata en polígonos industriais non pode desfrutar dunha velocidade óptima e axeitada ao 2021 tamén o vai lamentar. Como digo, lamentamos esta posición do PP e creo que vai ser Galiza, coma sempre, a que vai seguir pagando.

Pola miña parte nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Manuel Balseiro Orol e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Levar a cabo un estudo sobre a situación laboral da mocidade galega, co fin de mellorar as políticas públicas de emprego xuvenil.

2. Estudar a adopción dun plan de emprego para a mocidade galega dotado coas partidas orzamentarias que foran precisas para o desenvolvemento de programas e accións que favorezan a creación de emprego xuvenil

3. Comprometerse coa mocidade galega levando a cabo políticas de vivenda que permitan o acceso ás mesmas por parte da mocidade.

4. Seguir impulsando medidas dirixidas a facilitar o acceso a un traballo para a mocidade, aumentando o investimento en I+D+I, o apoio aos sectores produtivos e industrial e os programas de retorno da mocidade emigrada.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Ríos Santomé.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, vimos hoxe traer esta moción ao Pleno, nacida da interpelación presentada no anterior pleno ordinario do mes de decembro, para falar aquí sobre a situación do emprego xuvenil no noso país.

Como xa vimos dicindo, os datos oficiais dan conta dunha situación completamente desesperada que vive a mocidade galega en canto ás súas condicións laborais, en canto á capacidade mesma de conseguir un traballo e tamén en canto á capacidade de ter un proxecto de vida propio, unha independencia económica e capacidade de emancipación.

O mercado laboral xuvenil, como vimos dicindo nos últimos tempos, ten como características fundamentais a temporalidade nos contratos asinados —o cal xa é a norma entre os contratos asinados pola mocidade galega no noso país—, uns salarios moi baixos —inferiores á media do salario percibido polo conxunto da sociedade galega—, unha taxa de desemprego próxima ao trinta por cento e unha destrución de emprego xuvenil do corenta e seis por cento nos últimos once anos. Este é o panorama ao que se enfronta a mocidade galega dende hai moitos anos, sen que o Goberno da Xunta aposte pola xeración de emprego xuvenil de calidade que permita fixar poboación e que as mozas galegas teñan un futuro digno na nosa terra. O Goberno da Xunta de Galiza non aposta pola mocidade, non aposta por un futuro mellor para o noso país.

Unha das consecuencias máis palpábeis desta precariedade laboral e do desemprego vémola na continua expulsión da mocidade galega cara a outros lugares do Estado e do mundo; unha emigración xuvenil que alonxou do noso país preto de 80.000 mozas galegas na ultima década. No pasado mes de decembro facíase público un informe do Foro Económico de Galiza —que xa saíu hoxe nesta sesión plenaria— sobre a problemática da fuga de talento do noso país, que non é máis que esta mesma emigración forzada ao non poder dispoñer de oportunidades de vida e de traballo en Galiza. Este informe estima que o noso país perde entre 178 e 311 millóns de euros ao ano derivado da formación universitaria de mozas que non poden producir e xerar riqueza no noso país e que teñen que facelo fóra para poder sobrevivir. Este mesmo informe achega unha cifra de 1.500 nacementos menos ao ano no noso país —como acabamos de dicir antes na Lei de impulso demográfico— e tamén indica que se deixan de crear ao redor de 315 empresas no noso país cada ano. O que eu quero trasladar a este plenario é se as señoras deputadas que están aquí cren que o noso país ten capacidades de asumir isto. Un goberno que traballe polo futuro da xente, polo futuro do seu país, non pode permitir que isto siga acontecendo.

Temos un país —como diciamos antes e como vimos de falar— cun devalo demográfico incesante, cunha crise industrial sen precedentes e no que só un 17 % da mocidade galega é independente economicamente, mentres que o 64 % das mozas menores de 30 anos teñen que seguir vivindo cos pais. Non é que o diga eu, é que o reflicte o Instituto Galego de Estatística, que o 64 % das mozas menores de 30 anos teñen que seguir vivindo na residencia familiar por non ter capacidade para acceder a unha vivenda. ¿Como é posíbel que en máis dunha década de goberno do señor Feixóo non foran quen de poñerlle algún tipo de remedio a esta situación e que mesmo vaia a peor ano a ano?

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu espero, de verdade, que hoxe non veñan coa escusa da covid-19, de que estes datos tan preocupantes sobre o emprego xuvenil sexan culpa da pandemia. O que si que temos que dicir é que o que veu demostrar a covid-19 é as augas que fai o seu modelo para este país. O que vou poñer en primeiro plano son os problemas estruturais que vostedes crearon e axudaron a crear. Isto vémolo claramente cando se publican datos coma os que teño hoxe aquí: «A crise destrúe outras 16.300 ocupacións de menores de 35 anos nunha caída acumulada do 50 % nunha década». Isto fala tamén do mercado de traballo ao que accede a mocidade galega, a terciarización brutal da nosa economía, que avanza ano a ano cos gobernos do Partido Popular. Chega unha crise que xusto ataca o sector servizos —a hostalaría, o turismo e demais— e vemos como se destrúe de forma dramática unha porcentaxe altísima de empregos xuvenís, onde xa se advertía, nun informe do ano 2010, que 81 % dos contratos que asina a mocidade galega son no sector servizos.

Deben de entender, señoras do Partido Popular, o Goberno galego, que non se pode comer só da hostalaría e do turismo de baixo custo. E parece que aínda que veña unha crise que deixa a súa gran aposta nunha situación de febleza o que fan é redobrar esa aposta. Seguen trucando contra a parede a ver se rompe. Á luz dos datos que mostran os diferentes organismos e institucións en relación con esta cuestión, eu creo que debemos xogar con dúas teorías —e tamén o dicía no Pleno anterior—: ou ben a Xunta de Galiza non sabe como paliar esta situación laboral xuvenil que leva ao éxodo a milleiros e milleiros de mozas, ou ben é que non lle interesa facelo.

Hoxe mesmo, no debate dos orzamentos, falaban algúns deputados e deputadas desta Cámara e dicían que o Partido Popular non tiña un proxecto de país, que non aportaba nada, que non o tiña e que outros partidos políticos si que o tiñan. A verdade é que eu estou bastante farto desta cantilena, e creo que xa mo escoitaron na outra sesión plenaria. O Partido Popular ten un proxecto moi claro para este país, claro, clarísimo. Vímolo agora coa Lei de mobilidade de terras, coa de ordenación do territorio, coa de «depredación bis», etc. Un proxecto clarísimo, que é vender o país anaco a anaco, converternos no país dos servizos, *(Aplausos.)* no país dos xacobeos e do turismo de baixo custo. *(Aplausos.)* ¡Claro que ten un proxecto para este país! O que pasa é que haberá a quen lle valla e a quen non. Eu creo que ao pobo galego non lle vale.

¿Que alternativas lle van dar á mocidade cando Galiza é unha das comunidades do Estado na que menos se inviste en investigación? E non o digo eu, vólveno dicir os datos oficiais. Cando medra a porcentaxe da terciarización da nosa economía, cando cada vez ficamos máis lonxe das porcentaxes mínimas en termos de industrialización e de peso dos sectores produtivos marcadas por Europa, a alternativa que lle dá o Goberno da Xunta de Galiza á mocidade é mercarlle unha maleta e mandala a traballar cunhas condicións laborais pésimas a empresas estranxeiras; ou, como vostedes quixeron chamarlle, *Galeuropa*.

A outra alternativa que ten a Xunta de Galiza para a mocidade galega é a de inserila na precariedade con cartos públicos, facendo pasar a mocidade por unha sorte de «mili laboral» ou —como a min me gusta pensar polo poético— polas doce probas de Hércules. Teñen que pasar de bolsa en bolsa, de contrato de formación en contrato de formación ata poder ter un traballo. Esas son as súas dúas alternativas: ou precariedade ou emigración.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que non podemos é concibir que o Plan estratéxico de xuventude de Galiza 2021 —aquí o teño— afonde nestas cuestións, en facilitar as empresas para contratar mocidade en precario. A empresa, encantadísima; o negocio, redondo. Ten unha traballadora gratis que xera plusvalía infinita e da que non se ten que responsabilizar. O que é triste de verdade —e eu creo que é algo que temos que dicir aquí e que ten que coñecer a sociedade galega— é ver como a Xunta de Galiza funciona como unha ETT para a mocidade, que a vai levando de posto precario en posto precario sen ningún tipo de problema nin de vergoña. A mocidade —como dicía antes— non só pode comer do turismo e das esmolas, señoras do Partido Popular. Precisamos mudar completamente o modelo, onde o noso país invista en investigacións e novas tecnoloxías, onde poña en marcha un plan de reindustrialización e o peche dos ciclos produtivos no noso país. Precisamos dun proxecto sólido, e iso é incompatíbel coa terciarización absoluta da nosa economía e da dependencia do turismo e da hostalaría.

Dende o BNG entendemos que hai dúas pezas fundamentais para mudar este modelo e darlle un presente e un futuro dignos á nosa mocidade e ao noso país. Precisamos, en primeiro lugar, dunha soberanía real para ser quen de poñer en marcha as alternativas políticas que tanto precisa o noso país; e a segunda peza é a vontade política para facelo. E cando digo soberanía real non me refiro, señoras do Partido Popular, a vestirse de *Galicia, Galicia, Galicia* para meterlle o dedo no ollo ao Goberno do Estado cando non gobernan, e estar caladas e submisas cando o fan. E aí vén a segunda cuestión: o da vontade política. Este país precisa desa vontade política para mudar as cousas e aí dá igual quen goberne no Estado, xa que o Partido Popular prefire centrar os seus esforzos no Xacobeo a fornecer unha alternativa sólida para as clases populares deste país.

Se queremos garantir o futuro do noso país é indispensable permitir que a mocidade galega emigrada poida producir e crear riqueza aquí. E, señores do Partido Popular, imos tarde. A mocidade é o futuro pero tamén é o presente, e se non se actúa no presente non haberá futuro polo que traballar. Aposten dunha vez pola mocidade aínda que a mocidade non o faga por vostedes. Facelo marcará a diferenza entre mandar e gobernar.

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Ríos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Señor Ríos, son moitas as matizacións e correccións que poderiamos facer. De feito, comprenderá que o imos facer durante esta exposición en relación coas afirmacións que acabamos de escoitar aquí por parte de vostede. Vostede é unha persoa xove e é unha persoa que

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acaba de chegar, polo cal vostede non ten culpa de nada, *(Murmurios.)* pero o seu grupo si que ten pasado e, como ten pasado, imos poñer ese pasado. *(Murmurios.)*

Empezando por cuestións como ese uso eu creo que un pouco adulterado que vostedes fan dos datos estatísticos, eu diría que de datos estatísticos desvirtuados, incluso nalgunhas ocasións eu diría que ata con mala intención, nun intento desesperado por xustificar esa visión que ven vostedes. Esa visión catastrofista, que non é a mesma visión que ven a maioría dos galegos e das galegas, que prestan sobre a realidade do emprego en Galicia.

Ninguén nega, nin o Grupo Popular —o grupo maioritario—, nin o Goberno, que a situación laboral dos galegos e das galegas está a verse impactada pola pandemia. Tampouco vostedes deberan negar, o Bloque Nacionalista Galego, non deberan negar que en Galicia a situación é diferente, é dicir, é diferente porque é mellor que o resto de España. Vostedes tampouco deberan negar ese dato.

Xa sei que a vostedes non lles gusta que fagamos esa comparación, pero a situación do emprego en Galicia non está mellor por casualidade. A situación laboral en Galicia está mellor que no resto de España porque hai un Goberno que soubo reaccionar e tomou medidas anticipadas, medidas que funcionaron e que están funcionando. E porque hai un Goberno —o da Xunta— centrado no deseño de iniciativas que contribúan a resolver coa maior celeridade posible os efectos que esta pandemia está causando a nivel global e, dun xeito moi particular, no que se refire ás mozas e mozos do noso país.

Aquí atopamos de fronte coa primeira incoherencia nacionalista galega. En Galicia vostedes cuestionan o proceder dun Goberno que o está a facer mellor que o resto de España, pero en España vostedes pactan con ese Goberno, é dicir, vostedes pactan con ese Goberno. Teño aquí a foto do pacto, roubeilla ao señor... —non está aquí agora—, o deputado que... é dicir, Ana e Adriana. Vostedes pactan con eles. *(Murmurios.)* Pactan cos socialistas, co partido que por acción, e sobre todo por omisión, é o principal responsable da deterioración da situación laboral de todos os españois e, por extensivo, comprenderán que tamén das mozas e dos mozos galegos. Son os seus socios de Goberno, pero o Partido Socialista —e eu xa o dixen máis veces— foi o partido que máis emprego destruíu en toda a historia da democracia alí onde gobernou, pero sobre todo no Goberno central. Son os seus socios de Goberno en moitos concellos de Galicia. Son os seus socios de Goberno en tres das catro deputacións provinciais, e son os seus socios de Goberno da investidura do señor Sánchez, co cal vostedes conseguiron ter o Goberno máis caro da historia da democracia, ter o Goberno máis amplo, ter o Goberno máis familiar, e ter o Goberno —diría eu aquí e desde Galicia podémolo dicir— máis incompetente politicamente que tivemos. Iso é o que conseguiu o Bloque Nacionalista Galego co seu voto. Vostedes van da man deles en vez de ter a valentía de rachar con eles e remar a favor das políticas de emprego da Xunta, van con eles en vez de remar a favor, en definitiva, de Galicia.

Os datos están aí e non serve manipulalos. Deunos a señora conselleira aquí na súa interpelación e poden comprobalos, ademais, vostedes porque os datos son públicos e transparentes. Se falamos en termos xerais, a pesar dos rebrotes, Galicia pechou o ano —datos de decembro— con cifras de paro inferiores ás do mes de abril co primeiro impacto da pande-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mia. Ademais, somos a cuarta comunidade con menor subida do paro, cun incremento do 14,69 %, máis de 8 puntos inferior á media do Estado, que é do 23 %. E se falamos máis en particular de emprego xuvenil —que é o que nos trouxo hoxe aquí—, estamos 4 puntos por debaixo da media nacional e somos a segunda comunidade con menor taxa de paro xuvenil entre os 16 e os 24 anos. Hoxe hai un 6 % máis de ocupados, é dicir, 6.300 mozos e mozas activos máis, e esta cifra é moi relevante, con especial intensidade entre os universitarios.

Galicia sobe un 5 % o emprego indefinido e representa o 41 % do total de emprego mozo, segundo os datos da última EPA. E as retribucións medias en Galicia —eu estoulle dando datos. Vostede, efectivamente, fixo aquí unha exposición. Datos non deu ningún, pero eu estoulle dando os datos— subiron un 5 % no colectivo de entre 18 e 25 anos, e un 4,38 % no colectivo de traballadores de entre 26 e 35 anos. Créame de verdade que nin o PP nin o Goberno de Galicia estamos contentos con estas cifras. ¿Sabe por que non estamos contentos con estas cifras? Porque traballamos todos os días para melloralas, tanto o Goberno como o grupo que sustenta a acción do Goberno, a diferenza dos seus socios en Madrid, porque —insisto— vostedes apoian un goberno en Madrid con datos moito peores que os de Galicia. Se estes non lles valen, ¿que fan vostedes apoiando un goberno que ten datos moito peores que estes? Para este goberno a situación de desemprego xuvenil constitúe unha das súas principais preocupacións. A mocidade é o centro de atención de diversas medidas postas en marcha en materia de políticas activas de emprego. Xa llo explicou a señora conselleira, e penso que con total claridade. Todas as planificacións estratéxicas de liñas de axuda da Consellería de Emprego e Igualdade —insisto, todas— teñen plans específicos de emprego xuvenil. Sería absurdo citalas de novo —xa o fixo a señora conselleira— pero podemos falar dalgunha; por exemplo, do Plan Galicia emprega, dos obradoiros de emprego xuvenil ou dos incentivos á contratación. En todas hai programas específicos ou liñas específicas de apoio aos menores de 30 anos, que reciben incentivos reforzados ou maior contía nas axudas das que se trate.

Pero é que, ademais, a mobilización de recursos é incomparable —vostede non deu ningún dato, e voulle seguir dando datos—, ata tal punto que desde o ano 2012 a Xunta de Galicia investiu máis de 315 millóns de euros en políticas activas de emprego para menores de 30 anos. Isto supón unha media de máis de 39 millóns de euros por ano e máis de 250.000 mozos e mozas beneficiados. E no que se refire á última lexislatura investíronse máis de 130 millóns nas mesmas, o que supón 43,6 millóns de euros por ano de media.

Polo tanto, déixense vostedes de tópicos e déixense vostedes de afirmacións partidistas. Claro que hai problemas, por suposto que si, por suposto que hai problemas. Claro que hai marxe de mellora, por suposto que si, que é polo que traballa todos os días este goberno e o grupo que sustenta a acción do Goberno, para mellorar. Pero non falen vostedes de políticas fracasadas, cando non é así. Claro que hai marxe de mellora, pero as políticas que está aplicando o Goberno non están fracasadas.

E creo sinceramente, ademais, que este momento, coa que está caendo, é o momento de remar xuntos, ou iso é o que nos piden, cando menos, os cidadáns que nos están oíndo fóra de aquí.

Eu voulle facer un encargo. Sumen vostedes as administracións nas que gobernan, os gobernos que teñen en Galicia, aos plans de apoio dirixidos ás persoas que están nesta situa-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción, aos plans de apoio que ten a Xunta de Galicia para persoas que están en situación de vulnerabilidade, que buscan emprego e non o atopan, que forman parte de sectores con especial impacto das medidas da pandemia, e que tiveron que marchar, por suposto, pero non para ampliar formación ou experiencias. E se vostede quere, se o seu grupo tamén quere, estamos dispostos a intentar chegar a un acordo. Estamos dispostos a intentar chegar a un acordo nesta Cámara, dado que, á diferenza do que aconteceu con outras iniciativas similares, si é certo que na iniciativa que presentan hoxe propoñen accións concretas. E por iso presentamos a emenda á cal fixo referencia o señor presidente.

Concordamos, desde o grupo maioritario desta Cámara e desde o Goberno de Galicia, na necesidade de levar a cabo un estudo sobre a situación laboral da mocidade galega para mellorar as políticas públicas de emprego xuvenil; e incluso en adoptar un plan de emprego para a mocidade galega dotado coas partidas orzamentarias que fosen precisas para o desenvolvemento de programas e accións que favorezan a creación de emprego xuvenil.

Pero fagámolo, señor Ríos, desde un punto de partida que é moi importante: algo se está a facer mellor desde Galicia, desde a Xunta, cando todas as estatísticas de emprego xuvenil, todas, ofrecen mellores resultados en Galicia que no resto de España.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ¡Algo se estará facendo! Non digo que se estea facendo ben pero si que se está facendo mellor.

Termino, señor presidente.

Non é por casualidade que Galicia sexa a segunda comunidade coa taxa de paro xuvenil máis baixa entre os 16 e os 24 anos, e a sétima das 19 respecto dos menores de 30 anos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Sexan vostedes desde aquí parte da solución, non sexan parte do problema.

E, señor Ríos, o de que non deran nin un dato non mo tome vostede a mal, ¡eh! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Xa lle dixen que vostede non ten culpa, que vostede acaba de chegar, pero, sen lugar a dúbida, forma parte... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, moitas grazas...

O señor BALSEIRO OROL: ...da herdanza, sobre todo que teñen estes señores que (...) *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)*

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Balseiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Quería esgotar o meu primeiro minuto da intervención para mandar unha mensaxe de ánimo, unha mensaxe —como a miña compañeira Marina dicía— de empatía a todos aqueles galegos e galegas que están a sufrir de forma directa a covid-19 —e xa sexa no eido da saúde como no eido da economía—, a todos eses sectores que son os máis afectados, como poden ser o pequeno comercio, a hostalaría ou o ocio nocturno e os autónomos. E tamén quero mandar dende aquí unha mensaxe de responsabilidade. Quédanos un último esforzo co tan nomeado sentidiño para poder acabar con este virus e acadar a nosa tan ansiada normalidade. Ía dicir «liberdade», pero seguramente sexa sinónimo, neste momento, de normalidade para todos nós.

Agora, xa en relación coa moción, imos posicionarnos a favor desta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego porque nós entendemos que existe esa demanda social. Levamos tempo traballando neste sentido e tamén temos iniciativas presentadas. Incluso a finais do ano pasado trouxemos unha proposición non de lei a este Pleno na que expresabamos a necesidade de mellorar a calidade do emprego xuvenil. Porque temos que ser conscientes da gravidade do que está a acontecer. As dificultades que a mocidade está a vivir non reverten unicamente na debilidade da súa autonomía persoal senón que tamén alteran o cambio xeracional na nosa sociedade e poden quebrar a sustentabilidade do noso Estado do benestar nun futuro próximo.

Os datos, os datos reais —aínda que o señor Balseiro teña outros, dos que xa nos dirá as fontes— dinnos que a situación empeorou máis aínda coa pandemia pero que xa non era boa. E os datos dinnos que durante os seis primeiros meses do ano 2020 a porcentaxe de mozos e mozas emancipados se reduciu no 1 %. A Xunta de Galicia segue sen reaccionar ante esta falla de oportunidades da mocidade. Necesitamos políticas de vivenda dirixidas a mellorar a calidade do alugueiro e adaptar a realidade da mocidade ao mercado. E tamén necesitamos políticas de fomento do emprego entre a xente nova, xa que todos sabemos que o asentamento nun territorio se debe non só a razóns familiares, senón que tamén inflúen en moita medida motivos como as expectativas laborais ou a prolongación do itinerario curricular.

Todos sabemos que a relación entre o mercado laboral e o feito de que unha persoa nova poida establecerse nunha vivenda independente é moi estreita. E actualmente —e isto si son datos reais— o 18,6 % das persoas de Galicia de entre 16 e 29 anos están a residir nun fogar independente, só o 18,6 %.

E tamén lle vou dar outro dato real. Os datos do último trimestre do 2020 da EPA din que as características principais do emprego da mocidade en Galicia son tres: a precariedade, a

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

inestabilidade e a ausencia de dereitos. A crise da covid-19 só veu agravar esta situación, pero esta situación xa existía; por tanto, non podemos botarlle a culpa. A situación e os datos móstrannos que, desde o ano 2009 ata o 2020, se produciu un aumento progresivo do número de persoas desempregadas menores de 35.

Os últimos datos son do IGE. ¿Está vostede acusando os funcionarios do IGE de manipular os datos? Porque eles son os que din que a caída acumulada da ocupación en menores de 35 anos dende o 2007 é do 50 %. Eles tamén son os que din que se destruíron en 2020 16.300 ocupacións de menores de 35 anos. A taxa actual de paro da xuventude galega ronda o 21,6 %. E, ante estas poucas perspectivas de emprego, a xente nova ten que emigrar, ten que emigrar para buscar oportunidades —xa sexa noutras comunidades autónomas ou noutros países—.

Isto ¿que demostra? Que, aínda que vostede diga que o Goberno leva anos e anos traballando, ten que cambiar o enfoque. Ten que cambiar o enfoque porque se nota que estas políticas son totalmente ineficaces. A Xunta de Galicia ten que apostar seriamente por programas de emprego xuvenil que ofrezan emprego digno, estable e de calidade aos nosos mozos e mozas.

Mire, o que dicía ao principio, a redución da emancipación no 1 %, é un dato moi clarificador; porque ao final, nun momento de crise, nun momento de inestabilidade laboral, o primeiro que se resenten son os traballos precarios. Os traballos precarios son os que están levando a cabo os mozos e mozas da nosa comunidade. Por tanto, é urxente este cambio de políticas públicas. É urxente un cambio na xestión do emprego para ofrecer oportunidades satisfactorias á nosa mocidade. Dicía a miña compañeira Begoña no debate de orzamentos que hai que executar con rapidez os fondos finalistas que chegan dende o Estado ou dende a Comunidade Europea para a formación, por exemplo, dos desempregados.

Unha lei de impulso demográfico é unha lei que non é máis que unha lei escaparate, e non chega. Galicia ten unha poboación envellecida e estase a quedar sen os mozos e as mozas, que son realmente o noso futuro. A migración forzosa non é cousa do pasado. As cifras oficiais da Xunta de Galicia din que nos últimos anos 300.000 galegos e galegas tiveron que facer a maleta. A diferenza desta emigración galega coa emigración do século pasado é que a do século XXI afecta os mozos e as mozas, e en concreto os mozos e as mozas con alta formación adquirida na súa terra. Xa aludía tamén a miña compañeira Marina Ortega ao informe que presentou a principios deste ano o Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo e ao que denominaba «fuga de talentos» e perda neta continuada de persoas formadas. E tamén daba as cifras da cantidade e do impacto tanto económico como social que ten isto —como dicía, 178 millóns de euros ao ano de perdas pola fuga de talentos e, como impacto social, 1.500 nenos e nenas que deixan de nacer no noso territorio—. Polo tanto, cómpre o impulso de políticas públicas que permitan competir en igualdade de condicións e tratar de garantir a calidade de vida da mocidade. *(Aplausos.)*

Intimamente ligado co anterior está o acceso ao mercado da vivenda. Nestas condicións a poboación nova galega non pode permitirse nin unha compra nin un alugueiro. O acceso á vivenda é unha das principais batallas da mocidade galega. Os datos oficiais —isto tamén son datos oficiais— din que entre os 16 e os 35 anos as persoas que non poden abandonar o

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fogar familiar, que non se poden emancipar, ronda o 20 %; e din que a idade media para a independencia das persoas galegas é de 30 anos. Isto está moi por detrás da media europea.

O Plan de vivenda 2018-2021 non era un plan que se adaptaba á realidade galega, era un plan que estaba enfocado ás cidades ou a núcleos poboacionais menores de 50.000 habitantes. A xente nova non quere... Ben, non quere, non, senón que non pode vivir no rural galego, porque o rural galego ten unha ausencia total de servizos e de oportunidades de traballo. E nas grandes vilas e nas grandes cidades galegas, no caso dos menores de 35, o alugueiro —din os datos oficiais tamén— cómelles un 88 % dos seus ingresos; e a compra, un 61 %. É algo totalmente inasumible, algo que contribúe, ademais, ao empobrecemento deste sector da poboación, así como ao atraso na súa independencia e, en consecuencia, na paternidade ou maternidade; e, polo tanto, prodúcese o avellentamento da poboación.

Dentro da Consellería de Política Social falábase do Programa de emancipación xuvenil, que pretende ser unha axuda para dirixila aos mozos e ás mozas no proceso de emancipación. E se ti lles dás ese programa, o único que tes é unha ligazón ao Plan de vivenda estatal 2018-2021. Non hai un plan específico galego. Non temos un plan que se adapte ás especificidades da nosa comunidade no proceso de busca de vivenda para xente nova.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación das nosas mozas e mozos galegos, e asegurar especialmente o seu acceso á vivenda explorando todas as posibilidades.

A pasada semana falaba Feijóo e anunciaba un novo plan cun gran investimento. Esperemos que isto non quede nunha bomba de fume mediática, como nos ten acostumados, e que teña efectividade práctica. Porque, como xa dixen ao principio, o noso Estado do benestar futuro depende dos mozos e das mozas e, polo tanto, é responsabilidade do Goberno garantirlles o seu desenvolvemento. E este pasa por un acceso a unha calidade de vida digna na súa terra.

E máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señorías, o señor Balseiro dicía que algo se estará facendo mellor aquí que no resto do Estado dados os datos do emprego xuvenil. E eu digo que é certo, o que se están facendo aquí mellor son as maletas. Iso é o que se está facendo mellor aquí. *(Aplausos.)* Cando a conselleira daba os datos na interpelación do pasado mes de decembro, falabamos dos datos. E hoxe aquí tamén se falou dos datos, de que se se manipulaban datos ou se se collían segundo interesase e demais. Eu dei algúns datos, quizais non tanto coma a vostede lle gustaría, pero tamén na exposición de motivos hai bastantes datos, aínda que xa quedan un pouquiño desactualiza-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos polo paso do tempo de tramitación deste tipo de iniciativas. Pero é que a min me gusta falar máis da realidade —acompañada de datos pero tamén da realidade—. Porque, como dicía tamén nesa intervención, os datos son interpretables, son manipulables, e cadaquén cólleos como lle convén. Iso non é ningún segredo, iso funciona así. Vostede seguramente estará de acordo con isto, con que non se debería facer pero que si se fai.

Pero tamén hai unha cousa que se chama «realidade» e que lle gusta impoñer o seu criterio —como xa dixen aquí varias veces—. Eu fíxenlles unha suxestión a última vez que estiven aquí nesta tribuna, e é que aproveitasen o Nadal —xa que se salvou e que todo estivo perfectamente—, que aproveitasen o Nadal para falar coa xente moza que volvía polo Nadal e para que lle preguntasen se realmente podían volver a este país e se vían posibilidades de que puidesen regresar a este país para ter un traballo. Vese que non o fixeron, porque, se o fixesen, ao mellor moitas cousas das que aquí se falaron moi brevemente sobre mocidade e sobre emprego pois non se terían dito.

A min sorpréndeme moito —bueno, sorpréndeme de xeito moderado—, señor Balseiro, que en gran parte da súa intervención se puxo a falar de Ana e Adriana, de pactos co PSOE e demais. Supoño que iso fala dos poucos argumentos que hai enriba da mesa para falar desta cuestión. E o que quero dicirlle tamén é que é certo que son novo, si que é certo que son novo, máis non nacín onte. Serei novo pero levo desde que teño 17 anos traballando de camareiro, de cociñeiro. *(Aplausos.)* E ao mellor de datos estatísticos non sei tanto, pero de traballar seis días á semana e doce horas ao día nun bar ou nun restaurante si que sei.

Esa é a realidade que teñen vostedes que ir ver á rúa, e teñen que falar coa xente nova. Non se escuden no de: «Non, porque a Xunta de Galiza puxo non sei cantos millóns á disposición de tal...» Correcto, pero ¿con que modelo?, ¿para que?, ¿para darlle a un mozo ou unha moza tres meses de contrato nunha empresa e que esa empresa, despois de tres meses, colla outra persoa e despois outra persoa...? ¿Que modelo están financiando con cartos públicos?, ¿que modelo de emprego, de contratación, están financiando con cartos públicos? É que o problema non é cantas mozas saian do paro ou cantos empregos se destruíran. É o 46 % no emprego xuvenil. Iso eu creo que é un dato bastante importante nos últimos once anos, no tempo que leva Feixóo gobernando. Pero ¿con que propósito?, ¿para encher petos privados con cartos públicos —como vai o tema—? O problema é ese, o problema é que a Xunta de Galiza pensa que, coas súas medidas —que están recollidas, como dicía antes, no Plan estratéxico de xuventude 2021—, si se contemplan cuestións de emprego. Pero é cun modelo completamente errado e que se demostra ano tras ano como non é suficiente e como non van no camiño que teñen que ir. O problema é o modelo de mercado laboral que están financiando ou promovendo. E iso é o que temos que facer. O que temos que facer é cambiar ese modelo, e por iso dicía o da soberanía, o de ter capacidade para poñer este país a producir e que a xente moza poida ter un traballo estable, un traballo minimamente digno. Non é só pagarlle a unha empresa para que colla un chaval ou unha chavala tres meses e acabouse. É do que falaba antes, das doce probas de Hércules, o dos traballos precarios que vai encadeando a mocidade ata poder ter un traballo minimamente normal.

Non nos colguemos medallas por estar un pouco mellor que outras administracións, que outros territorios. Unha, porque despois, se facemos unha ampliación dos datos coa xente

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que marchou, etc., vemos que tampouco hai tanto do que gabarse. Pero ¡que triste é o de «mal de moitos...»! Xa se sabe.

Eu o que quería dicirlle ao señor Balseiro, en canto ás emendas que propón, que nós entendemos que a moción xa leva unhas propostas de mínimos, completamente de mínimos, e nós cremos que rebaixar aínda máis o compromiso neste opción de acordo pois non ten moito sentido. Eu o que lles pido é que, se realmente están comprometidos con esta cuestión e se consideran que se debe facer o que pon a moción, non rebaixen o compromiso e apoien esta moción, que eu creo —e dicíano vostedes— que é sensata, creo que vai ao que ten que ir. E pido que entre todos fagamos que a mocidade poida ter un futuro digno nesta terra e que a propia terra o poida ter.

Obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Ríos.

Pasamos á terceira das mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre promotores eólicos e os propietarios dos terreos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 6914 (11/MOC-000021).

Emenda de substitución.

Substituír o texto do punto 6) polo seguinte:

"6) Aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel."

Emenda de adición

Engadir dous novos puntos 7) e 8) co seguinte texto:

"7) Desistir de impulsar cambios lexislativos no sector eólico camuflados noutros proxectos de lei e impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8) Dirixirse ao goberno central para demandar poxas específicas para o outorgamento do réxime económico de enerxías renovábeis nas zonas afectadas polo peche de centrais térmicas —posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima—.")

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señores do Partido Popular, é xa o terceiro debate en pleno sobre esta cuestión. E ata o de agora fomos incapaces de conseguir que, dende o Partido Popular, fixesen algún tipo de reflexión sobre as eivas que existen no proceso de implantación da enerxía eólica no noso país máis aló de falar do malvado Bipartito e do concurso eólico —algo que xa aburre, señores do Partido Popular—, ou de criticar o Goberno central, un goberno que resulta que chegou a mediados do 2018 e, segundo o Partido Popular de Galicia, é o culpable da falla de implantación de enerxía eólica dende o ano 2009.

Señores do Partido Popular, pedímoslles que abran os ollos e actúen sobre o que está a pasar no rural —hoxe que falamos tanto de rural e despoboamento—. Hai un pouco falabamos do abandono de terras agrarias, e continuamente falan de despoboamento do rural. Pero deberan de facelo máis para falar de solucións e non só como fórmula para pedir actuacións positivas para Galicia que logo non se utilizan para facer esa discriminación positiva cara ao noso rural. Vostedes enchen a boca para falar destes temas, pero logo agóchanse coma a avestruz cando é o propio rural o que lles pide axuda para darlles información, para asesoralos, para equilibrar negociacións, para mellorar a renda que chega aos propietarios ou para que a carga impositiva chegue ás comunidades rurais.

Dende o Partido Socialista non vimos aquí a facer unha intervención contra o sector eólico e a súa implantación. O noso partido é o único partido de goberno no Estado que sempre apostou decididamente polas enerxías renovables. E isto é algo coñecido polo propio sector e pola opinión pública, que non vai tragar co seu intento de darlle a volta á realidade como fan continuamente en comisión e en pleno.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas a un marco regulador que daquela favoreceu a implantación de parques eólicos. E coa chegada do goberno da Xunta actual chegou a falta de aposta polo sector e unha inseguridade xurídica creada por vostedes mesmos que, sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que levaron a cabo dende a presidencia do goberno de Mariano Rajoy, causou unha paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018. E non o digo eu, dino os datos, señores do Partido Popular, se analizan un pouquiño eses diagramas que falan da implantación eólica neses anos en Galicia. *(Aplausos.)*

Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos e con gobernos do Partido Popular en Galicia e tamén en España, só foron instalados 277 megavatios. Isto supuxo unha perda millonaria no investimento en Galicia, a imposibilidade de creación de miles de postos de traballo e

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que moitas das iniciativas empresariais do sector fosen desaparecendo e con elas os seus postos de traballo.

No ano 2019 volveu a Galicia o crecemento da potencia instalada en parques eólicos, con 415 megavatios e 18 parques novos —case o dobre do instalado nos dez anos anteriores—. No 2020 chegouse a preto dos 4.000 megavatios no noso territorio e, segundo as previsións para o decenio 2020-2030, é posible que se instale máis do dobre da potencia que hai actualmente.

Nas propostas presentadas na moción que hoxe traemos non hai cuestións que poidan causar fortes controversias e diferenzas entre os grupos. Non desexan paralizar o desenrolo eólico da nosa terra e simplemente plantexan medidas de apoio ao noso rural para democratizar o sistema eólico e establecer equilibrios entre propietarios e promotores eólicos sen poñer en risco, por suposto, a nosa riqueza natural e as actividades primarias do noso territorio. É o noso rural o que denuncia día tras día sentirse desamparado ante a multitude de proxectos eólicos que xorden en todo o noso territorio sen que a Administración autonómica lles dea información sobre o que está a suceder, sen saber a onde teñen que acudir para que aqueles que deberan ser os seus aliados defendan os seus intereses.

Señores do Partido Popular, todas as semanas algún cidadán do noso extenso territorio rural chama ao noso grupo pedindo información sobre a posible implantación de parques eólicos no seu territorio. E sobre iso versa o primeiro dos seis puntos desta moción. ¿Por que non poñen en marcha unha oficina de asesoramento técnico-administrativo medioambiental dende a Xunta de Galicia?, ¿cal é o problema que existe?, ¿por que prefiren poñerse de costas aos nosos veciños?

¿Por que non aceptan a posta en marcha de mecanismos para fomentar a transparencia e colaborar coa veciñanza do noso rural establecendo un modelo de contrato tipo para negociar coas empresas promotoras de parques eólicos?, ¿cal é o problema que ten o Partido Popular para facelo? Ese é o segundo dos seis puntos que trae a nosa moción. Como poden ver, non son temas que paralizan nin atacan o desenrolo eólico, e só intentan axudar a cidadanía do noso rural.

¿Por que non aceptan establecer unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico? Este é o terceiro dos seis acordos que contempla esta moción. ¿Por que lle teñen medo á transparencia e ao apoio aos nosos cidadáns? Vostedes, que son os grandes defensores da propiedade privada, abandonan os concellos e as comunidades rurais, que piden o auxilio dos seus gobernantes para poder negociar con aqueles que veñen utilizar a súa propiedade. ¿Por que non aceptan introducir mecanismos que equilibren a negociación entre propietarios e promotores? ¿Tanto pesan as empresas do sector eólico? *(Aplausos.)*

Señores do Partido Popular, a realidade é que os propietarios reciben aproximadamente só un 2 % do negocio eólico, uns 11 millóns de euros do total. Esa cantidade debería incrementarse se de verdade, como din vostedes, están fortemente comprometidos co noso rural e facendo políticas que loitan contra o seu abandono.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outro dos puntos que introducimos nesta moción —e xa van catro dos seis que ten— é que corrixan o insuficiente retorno que ten o Fondo de Compensación Ambiental e o canon eólico nos concellos afectados pola instalación destes parques, que o canon sexa establecido por potencia instalada, agora que se introducen molinos de moita máis potencia. E que a recadación deste fondo —establecida dun xeito opaco— actúe directamente sobre melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques, algo que é de xustiza. O Observatorio Eólico de Galicia informa de que as rendas locais para propietarios das terras onde se instalan os eólicos só supoñen o 5 % de toda a facturación que xeran os ditos parques. E a dita facturación —como sabemos todos— é multimillonaria.

O quinto dos seis puntos desta moción fala de reforzar as garantías medioambientais para defender o noso patrimonio natural e o futuro dos nosos sectores produtivos. Son múltiples as denuncias que recibimos de colectivos en toda Galicia sobre como están a aparecer proxectos de parques eólicos en todo o noso territorio sen ver unha orde nin unha planificación por parte da nosa Administración, con proxectos na que maioría dos casos non teñen nin futuro. Asistimos á presentación de proxectos fraccionados diante dos ollos da Administración autonómica vulnerando a lexislación vixente. E xa é a terceira vez que lles pregunto sobre o que están planificando entre os concellos de Outes, Mazaricos e Negreira. ¿Non lles parece que aí se están fraccionando proxectos onde hai xa catro parques e se están a planificar catro máis coa súas liñas de evacuación? ¿Non ven o fraccionamento, señores do Partido Popular? E ¿que lles parecen tamén os proxectos que queren desenrolar entre Ordes, Curtis e Mesía, catro supostos parques que deberían ser un só? Vólvolles preguntar se aí tampouco existe fraccionamento.

Señores do Partido Popular, a realidade é que comezan a aparecer sentenzas xudiciais que falan deste fraccionamento. A protección do territorio é deficiente coa implantación e repotenciación dos parques en lugares demasiados próximos ás vivendas, incluso cando o tamaño dos eólicos aumenta exponencialmente. En Galicia están medrando os conflitos sociais e medioambientais, e aparecen as sentenzas contra desenrolos eólicos como o das Sasdónigas, en Mondoñedo, ou o do Oribio, na montaña de Lugo. Como lles dicía en debates anteriores, falen coas explotacións situadas nos entornos rurais de alto contido agrogandeiro, como os antes expostos, con empresas —algunha de referencia nacional situada no concello de Mesía, cun enorme esforzo, como vostedes piden, para desenrolar unha actividade extensiva e ecolóxica— que ven como a súa actividade está en risco pola instalación de muíños de 200 metros nas portas das súas explotacións sen que ninguén na Xunta de Galicia lles abra as portas á súa preocupación. *(Aplausos.)* Iso está pasando, señores do Partido Popular, e logo falan de abandono da terra agraria.

Por último, e como sexto punto desta moción, falamos de revisar o Plan sectorial eólico de Galicia, que data xa de hai demasiados anos e que puidera ser a base para ese consenso que vimos pedindo iniciativa a iniciativa.

Xa non vou falar da absoluta inutilidade das competencias en materia industrial do seu goberno; inútiles para a xeración e o mantemento do emprego no sector eólico, coa que están a vivir, por exemplo, os traballadores de Gamesa, nas Somozas, cando vostedes só saben mirar para outro lado para pedirlles explicacións.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Volvo pedirlles que reflexionen e que escoiten os múltiples colectivos que xorden en Galicia, pedíndolles axuda ante a indefensión que senten ante as grandes empresas, que escoiten os concellos rurais e comunidades locais, incluídos moitos dos que vostedes gobernan, que ven como se explotan os seus recursos sen recibir o beneficio desexable entre a súa cidadanía, e que escoiten as industrias e explotacións gandeiras. Están a tempo de pactar un novo modelo eólico para corrixir as deficiencias que o sistema posto en marcha por vostedes deixa enriba da mesa. Vostedes deciden: ou lle dan participación á cidadanía ou deixan que as grandes empresas enerxéticas non repartan beneficio co territorio ao noso rural, aínda que estas fichen os seus excompañeiros do grupo parlamentario ou do Consello da Xunta, como á señora Beatriz Mato.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Comezaba o señor Seco tamén recordando que esta é unha cuestión da que temos debatido ao longo dos últimos plenos, e eu tamén quero facelo para avanzar que apoiaremos esta proposta. Hai moitas das cuestións que propón hoxe o Grupo Socialista que temos debatido noutras ocasións por iniciativa do propio Grupo Socialista, e nalgún punto coincidimos tamén con iniciativas que temos traído desde o BNG, sen ir máis lonxe, no último pleno ordinario, antes de finalizar o anterior pleno, a anterior sesión. É evidente que hai un punto en común, que hai unha preocupación compartida pola situación que se está a dar agora mesmo no noso país, pola urxencia do momento, sobre todo, pero tamén pola urxencia de que o Partido Popular pise por algún momento un pouco o freo no modelo absolutamente salvaxe e depredador que está desenvolvendo respecto desta cuestión.

Nós temos alertado nesta Cámara —e hoxe queremos volver facelo— dese novo *boom* que vive o noso país, pero non porque nos preocupe a expansión do sector eólico, que nós entendemos que é fundamental, senón porque nos preocupa o como; o como o está permitindo o Partido Popular, e achairando o camiño para que se desenvolva. Porque —témolo dito moitas veces, e vouno volver repetir—, renovable non significa automaticamente inocuo, non significa que non teña problemas. E, lamentablemente, a lei da selva na que nos está metendo o Partido Popular está a ter problemas, e moitos; problemas que van na dirección contraria das necesidades que ten o noso país desde o punto de vista territorial, desde o punto de vista económico e desde o punto de vista social.

Entón, non contentos con paralizar primeiro, durante case unha década, o desenvolvemento do sector, pois agora mesmo estamos a vivir un momento moi preocupante no que, como

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xa teño dito noutras ocasións, parece que é peor o remedio que a enfermidade. Esa época de baleiro absoluto que tiveron os primeiros anos de goberno de Núñez Feijóo agora vai seguida dunha lei da selva que, desde logo, non nos parece en absoluto positiva para o noso país e que está sendo unha desfeita xa obxectivable, e non só por cada vez máis colectivos, axentes sociais e mesmo concellos que o denuncian, senón tamén por sentenzas. Eu quería citar dúas en particular polo seu carácter recente e tamén para apelar unha vez máis ao Partido Popular e á Xunta de Galiza a que desistan de recorrer estas sentenzas.

Unha delas é a do pasado 13 de novembro referente a Sasdónigas. Quero recordar que, co parque xa en funcionamento, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anula a decisión do Goberno da Xunta de modificar ese proxecto por considerar que a fragmentación e a división artificial do parque impiden analizar o seu impacto sobre a natureza e o patrimonio.

Máis tarde, un mes despois, o martes 15 de decembro, coñeceuse outra sentenza, neste caso tamén do TSXG, referente á serra do Iribio, que, por certo, eu recorto que non é un terreo calquera, que é un terreo que ten diferentes categorías de protección, entre elas, unha das favoritas, á hora de vulneralas por parte do Partido Popular, é a Rede Natura 2000, e vou ler frases literais —outra vez neste hemiciclo— desta sentenza a ver se se ruborizan un pouco por fin no Partido Popular.

A sentenza di: «As lesións ambientais estanse producindo constantemente, e en relación con Galiza resulta evidente que tanto nos decretos como na lei existen diferentes liñas de actuación e, de modo notable, en relación coa afectación ambiental por parte das normativas. Segue existindo un gran baleiro legal en materia ambiental no que se amparan as empresas enerxéticas para levar adiante os seus proxectos, e a administración competente en enerxía tendeu a unha interpretación tremendamente produtivista, á marxe de como se posibilitase o dito incremento, parecendo a resposta normativa seguir agarrada a unha resposta produtivista». Isto é o que di a xurisprudencia; ou sexa, di que o Goberno galego está instalado no produtivismo, que hai lagoas legais e que non se están cumprindo as garantías ambientais. Isto xa non é que o digan plataformas ecoloxistas, locais, que o digan movementos concretos que teñen un problema ou un conflito cun parque eólico concreto, senón que o di o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Non é algo que inventemos desde o Bloque Nacionalista Galego e traiamos aquí, senón que fai unha crítica profunda á omisión da Xunta de Galiza e do seu papel como goberno á hora de blindar as garantías ambientais, sociais e económicas e da súa participación nunha desfeita.

Nese sentido, eu creo que estas cuestións as temos en común co Grupo Socialista, pero nós presentamos tres emendas conducentes a incrementar —entendemos— as cuestións que suxiren. Unha para nós importante é substituír o punto sexto, porque o Partido Socialista fala de revisar o Plan sectorial eólico, e, claro, o problema que temos agora é que o Partido Popular xa non é que o teña revisado, senón, o seguinte. A cuestión é como o está facendo, de costas á sociedade, sen un debate profundo, sen que haxa, por exemplo, un informe do Consello Económico e Social e dos axentes implicados e sen unha base de consenso. Nós entendemos que para que haxa un consenso real temos que apelar a que haxa un novo plan sectorial eólico, porque non nos fiamos do Partido Popular con estes precedentes. Entón, na liña de colectivos que están pedindo a inaplicación do plan, de colectivos como os máis de

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

60 que asinaron o manifesto de *Aldeas con horizonte* e na liña doutras demandas que hai ao longo do noso territorio, entendemos que a chave está nun novo plan sectorial, sobre todo porque estamos indo a un *boom* de desenvolvemento sen unha folla de ruta e cun plan obsoleto do ano 1997.

Eu admiro o optimismo do señor Seco, pero, desde logo, eu desconfiaría moito se quen revisa é exclusivamente o Partido Popular, vendo como están a levar as cousas. Por iso tamén outras das cuestións que engadimos na nosa emenda é apelar ao Partido Popular e á Xunta de Galiza a que desistan da estratexia que están facendo de cambiar o Mapa eólico pola parte de atrás, por exemplo, con esa Lei de simplificación administrativa, disfrazada diso pero que en realidade introduce modificacións moi significativas no ámbito do desenvolvemento enerxético, eólico e que a nós nos preocupa de maneira moi importante, porque entendemos que vai na liña contraria á que precisa este país, e que o que está a buscar é achairarlles a eses megaproxectos os pasos no lugar de facer unha planificación previa de que potencia precisa instalar este país, de como precisa instalala e, sobre todo, de salvagardar tamén as áreas que debemos protexer.

Compartimos moito a reflexión que se fai con respecto á situación da Rede Natura. Esta mesma lei á que eu fago referencia basicamente o que nos di é que van poñer o Plan director da Rede Natura ao servizo do que necesiten as grandes empresas do sector enerxético. É xa o mundo ao revés, ¿non? Vai decidir o sector enerxético que catro cachos deixa sen instalar no noso país para que iso o poidamos protexer, pero no resto o Goberno adopta a súa estratexia produtivista e de omisión.

Nós simplemente engadimos dúas cuestións máis. Unha é esta que acabo de explicar, e a outra é que neste momento, e vendo o que está acontecendo nas comarcas que dependían das centrais térmicas, entendemos que tamén, xa que hoxe mesmo, se mal non recordo —con este pleno xa non sei nin en que día ando—, se desenvolvía unha poxa de renovables, hai que desenvolver unha específica para estas comarcas do carbón, e incluímos ese último punto, pero, en todo caso, vaia por diante que apoiaremos a moción igualmente. Entendemos que hai cuestións como a transparencia, o rigor na avaliación ambiental ou esa modificación das deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental que son elementos fundamentais. Hai cuestións que son de pura lóxica, como o de transformar o canon eólico para que se cobre por potencia e non simplemente por unidades de infraestruturas instaladas. Iso é algo que o Partido Popular podía ter incluído nesa Lei de acompañamento que se aprobou hoxe pola mañá e é algo que podía incluír nesa Lei de acompañamento/depredación *bis* que supón a Lei de axilización administrativa, pero, desde logo, aquí temos un exemplo moi claro de que algo que sería moi sinxelo de solucionar non o queren facer única e exclusivamente porque non está de acordo co seu modelo político e tamén porque xa pola vía dos feitos están asumindo o fracaso do canon eólico. Desde logo, os fins ambientais está claro que non se están cumprindo, e tamén nos trouxo algún tipo de problema con respecto ao incremento das facturas.

Por último, quero insistir tamén en que dentro do cambio de modelo eólico e enerxético que precisaría este país, por suposto, unha cuestión elemental deberán ser as garantías de retorno económico, de desenvolvemento da parte innovadora en Galiza, pero tamén dunha

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aposta forte por que os compoñentes deste propio sector se desenvolvan aquí, para que non aconteza esa crónica dunha morte anunciada que parece ser Siemens-Gamesa. Desde logo, é unha absoluta vergonza que, tendo este país este *boom* eólico, que tendo a potencia instalada que ten e que tendo a capacidade que temos de desenvolvemento no sector, non haxa unha mínima estratexia por parte do Goberno galego para que empresas deste tipo manteñan a súa actividade localizada en Galiza. Mentres que estamos vendo como noutros países continuará e continúa a instalarse e a aumentar a súa capacidade produtiva, aquí deixa centos de familias hipotecadas. Ese é o modelo ao que nos leva o Partido Popular, e, desde logo, nós o que reclamamos é unha corrección, baixo este lema, breve pero ilustrativo de que: «eólico si, pero non así».

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos, señorías.

A verdade, señor Seco, é que resulta incomprensible a postura adoptada polo PSdeG no referente ao sector eólico galego e a inquedanza que pretenden transmitir na sociedade galega.

Nesa loita permanente que manteñen co BNG dende o 12 de xullo tras quedar relegados a ese terceiro posto nesta Cámara, van ata o límite de poñerse en contra dun exitoso sector de futuro, como é o sector eólico, incluso querendo contradicir a estratexia extrema de transición enerxética defendida polo señor Sánchez dende Madrid.

Mire, señor Seco, non se pode defender e atacar ao mesmo tempo o sector eólico galego e coa mesma argumentación. Lamentablemente, señorías, temos que volver recordar o pasado, porque non se pode vir aquí e falar, por un lado, de paralización de anos anteriores, obviando dúas situacións moi graves que se produciron tras o seu penúltimo goberno en Madrid: unha, que deixaron a Madrid e a Galicia nunha profunda crise económica, e, dúas, que xeraron un buraco no sector enerxético español de 30.000 millóns de euros de déficit de tarifa que provocou que a luz española pasase de ser unha das máis baratas de Europa a ser unha das máis caras; e, por outro lado, criticar que no ano 2019 se puxesen 439 megavatios novos eólicos en Galicia, infundindo faltas á verdade referidas ao incumprimento medioambiental.

Mire, señor Seco, o procedemento de avaliación ambiental que se aplica no sector eólico axústase —como non pode ser doutra maneira— á lexislación europea, á Directiva 2011/92, e á Lei estatal que traspón a dita lei, a 2011/2013, de avaliación ambiental, que aplica de igual

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

forma a todas as comunidades españolas. Vostede solicita na súa moción puntos, cousas, que poñerían a Galicia en situación de inferioridade con respecto ás outras autonomías á hora do desenrolo eólico, que, si ou si, temos que permitir, señor Seco. Entre outras cousas, pola extrema transición enerxética á que o seu goberno de Madrid nos obriga. Temos moitos megavatios renovables que instalar para cubrir o burato do peche das centrais térmicas en Galicia, señor Seco. Esa, lamentablemente, é a súa decisión.

Mire, infunde tamén que os terreos de Rede Natura están en risco de protección. Xa llo dixemos aquí o vicepresidente e eu en innumerables ocasións. Non se poden instalar eólicos en Rede Natura, está prohibido por lei, e a súa repotenciación está moi restrinxida e fíxoa este Goberno, o Goberno do señor Feijóo. Vostedes gobernaron no bipartito. Puidérono facer e non o fixeron. Esa é a realidade.

Mire, o éxito do sector eólico galego ten nome e ten moi boa xestión e moi ben feita do Partido Popular. Vostede presume aquí de megavatios inaugurados no ano 2007, cando foron megavatios xestionados polo goberno anterior do señor Fraga. Señor Seco, diga vostede a verdade. Vostedes non xestionaron eses megavatios. Os máis de 400 megavatios instalados no ano 2019 foron grazas ás subastas de enerxía renovable convocadas polo goberno do señor Rajoy. Iso si, tras poñer orde no sector enerxético, freando o desorbitado déficit de tarifa xerado polo señor Zapatero, e incluso creando superávit, que agora xa volve ser déficit. Señoría, chegaron ao Goberno e o que era superávit agora volve ser déficit.

Mire, megavatios que supuxeron un traballo inxente e máis que bo da Consellería de Industria galega. E grazas tamén, si, á Lei de implantación empresarial, que se vai complementar coa Lei de reactivación económica. Imos ver todos aquí como está de comprometida, señorías, a oposición galega coa reactivación económica de Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, señora Presas, non se detrae ningunha garantía nin medioambiental, nin de propiedade, nin técnica, nin xurídica coa Lei de reactivación, señora Presas. Por máis que o queira dicir. Mire, só se axilizan trámites e se reducen prazos, e non se suprime ningún informe.

Mire, señoría, por moito que presuman vostedes aquí —señor Seco—, non convocaron subasta de enerxía renovable nin en 2018, nin en 2019, nin en 2020. A primeira subasta do seu Goberno foi hoxe. Esa é a realidade. Miren, o sector eólico galego, mal que lles pese, ten 180 parques instalados. Eran máis de 7.000 empregos na nosa comunidade e chégase ao 1 % do PIB e permite que se paguen 130 millóns de euros en impostos, tributos, e case 11 millóns de euros en rendas para os donos das fincas. Parece que lle incomoda que en 2019 Galicia fose capaz de instalar a quinta parte da enerxía eólica de toda España. Foi un éxito grazas a un esforzo conxunto, á colaboración público-privada, tan necesaria, que o BNG tanto odia e que parece que o PSOE está tratando de imitar.

Mire, temos unha Administración seria e unha industria seria que non se merece o ataque constante desta oposición. Deberían de deixar de facer dunha vez —por terceira vez xa no que levamos de lexislatura— oposición ao sector eólico, que non beneficia a ninguén, señorías. Pero o colmo do Partido Socialista na súa estratexia de imitación e de *copy/paste* do BNG é que se poñen en contra ata das empresas ás que eles mesmos adxudicaban. Cando gober-

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

naban co bipartito —aínda que a consellería era do BNG—, adxudicaban megavatios a ENE, a Naturgy ou a Iberdrola. E mesmo hoxe —que vostede falaba da subasta— houbo unha subasta e non eliximos nós quen monta parques eólicos. Supoño que tampouco os elixirían vostedes hoxe, os que conseguiron megavatios na subasta, como Naturgy ou Capital Energy. Supoño que non os elixen vostedes, igual que non os elixiamos nós.

Mire, eu voulle responder un pouco por enriba, pero dándolle argumentación aos seus puntos. Debería saber e non infundir a confusión de que os concellos teñen toda a información de calquera parque eólico, tanto alcaldes como colectivos. A lei exixe que todos os trámites de información pública e consultas ás administracións afectadas e ás persoas interesadas se efectúe con medios apropiados para a máxima difusión á cidadanía dentro dos municipios afectados e tamén nos colindantes. Debería coñecer a Lei de avaliación ambiental estatal 21/2013, que se aplica aos parques eólicos e que é común para todas as comunidades autónomas. En canto á declaración de utilidade pública, está nunha lei estatal, a Lei do sector eléctrico do 2013; e tamén o proceso expropiatorio está nunha lei estatal moito máis antiga. Mire, non facemos en Galicia, señorías, nada diferente ao que fan noutras autonomías no sector eólico.

No referente ao canon eólico, eu alégrome de que os dous agora poñan o valor no canon eólico. Votaron en contra naquel momento, agora recoñéceno. Mire, non se pode gravar pola potencia instalada; non, señora Presas. Vostede que tanto defende aquí ou falou aquí do suplemento territorial, o canon eólico grava o impacto ao medio ambiente e faise polo número de xeradores. Se o fixésemos por medio da potencia, gravaría a enerxía eléctrica e iso traduciríase de facto nun suplemento territorial. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Presas, léao. Mire, o canon eólico permitiu recadar 229 millóns de euros e leva financiado máis de dous mil proxectos.

En canto ao contrato tipo, debería entender que as administracións públicas non poden impoñer contratos a terceiros, e hai que respectar o principio de liberdade de pacto. Unha base pública de información dos prezos non entra nin no plan sectorial eólico nin na base de datos de xustiprezos. Destacar que, mal que lles pese, a porcentaxe de acordo dos 18 últimos parques instalados no 2019 logrou un 85 % de acordo dos propietarios. Insisto, non é necesario reforzar ningún tipo de garantía medioambiental, xa llo expliquei. A tramitación dos parques eólicos faise de acordo á normativa estatal que traspón as directivas europeas, e a lei galega, por suposto, está de acordo con todas estas. Non se poden instalar parques en Rede Natura. Por máis que o digan, non é verdade.

E, por último, temos un plan sectorial eólico atractivo e unha comunidade con moito potencial. Non infundan intranquilidade nin faltas á verdade sobre o sector eólico e a súa tramitación.

En canto ás sentenzas, estanse estudando e verase se se recorren ou non. Non imos falar aquí —que non teño tempo— do éxito xurídico do nefasto concurso eólico do bipartito. *(Murmurios.)* Mire, eu creo que lle dei argumentación suficiente e clara polo que non apoiamos a súa moción. E sen meterme moito no pasado socialista, que, dende logo, tivo moito que ver na situación da enerxía renovable en España, e tamén no elevado prezo da electricidade que

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desgraciadamente estamos sufrindo todos os consumidores españois no que vai do 2021. Porque, señorías, comezamos o 2021 coa maior subida do prezo da electricidade da historia, e nós non somos coma vostedes, señoría. Imaxino ¿que ocorrería, pregúntense, se gobernase hoxe Rajoy en Madrid, ou se gobernase o PP en Madrid? Encherían o Pleno de iniciativas sobre o prezo da luz. *(Murmurios.)* Este Pleno, ¡nin mu! *(Murmurios.)* ¡Chitón!

No ano 2017 a culpa da subida do prezo da luz, un 8 %, era de Rajoy. Neste ano, un 30 %, o señor Sánchez e o señor vicepresidente social, escondidos na madriguera. Tanto que falan de memoria histórica, pero xa llo dicía o outro día na Comisión, teñen unha memoria histórica moi selectiva. Non recordan todo o que falaban hai tan só dous anos. Criticaban naquel momento a subida dos prezos da luz e resulta que, señorías, agora din que é unha subida conxuntural de só uns euros, e que afectará... de só uns euros... ¡no medio dunha crise económica e no medio dunha pandemia! Por favor, esa é a súa preocupación polo social e pola pobreza neste país e neste momento que estamos a vivir. Pero o problema é que non pagamos só o prezo da luz máis caro a nivel doméstico, tamén o pagamos a nivel industrial.

Vostedes provocaron un curtocircuíto da industria en Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señorías... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si. Provocárono co prezo da luz e sen ningunha alternativa ao peche —agora esperemos que se arranxe— de Alcoa. Estiveron dous anos para aprobar un estatuto que non convence a ninguén. Veremos o que ocorre se non hai outras empresas nesa situación en breve tempo, señor Seco. E o peor de todo é que tivo que vir *Filomena* para poñer en funcionamento outra vez a central térmica das Pontes... *(Murmurios.)* Si, si, si, ¡tivo que activar dous grupos! *(Murmurios.)* Si, o outro día o señor Seco dicía —a memoria histórica selectiva, ¿sabe?— que non fora a señora Rivera. Mire, téñolle un titular —un dos moitos que saíron naquel momento—: «*La nueva ministra de Energía apunta a la nuclear y a las minas. El carbón se acabó*», 06-06-18. *(Murmurios.)* ¡Claro! Pois logo non se pode vir aquí defender, señorías, que siga a central das Pontes. Non se pode defender, por un lado, a central das Pontes, e permitir o seu peche. *(Murmurios.)* Se tanto queren As Pontes alí onde gobernan, declárena central de respaldo, señoría. Declárena e deneguen o peche de Endesa. Nós estamos de acordo cunha transición enerxética xusta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que non deixe atrás a ninguén; non coma vostedes, señor Seco.

O peor de todo é que non sabemos cal é a estratexia enerxética do Grupo Socialista, ¡non a sabemos! Porque, non ao eólico e non ás térmicas, ¿cal é a súa estratexia, señor Seco? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ten un segundo turno para responder.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo autor da moción. Señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Mire, señora Nóvoa, poderiamos vir aquí emporcar este debate. A dicir cousas como... Pero creo que é a súa estratexia habitual en materia industrial: sempre intentar vinculalo todo a outros e non asumir absolutamente ningún tipo de responsabilidade do que realmente fan. *(Aplausos.)* É curioso que falen do que pasa en Endesa As Pontes cando saben perfectamente que a empresa decidiu parar a súa actividade debido aos prezos do CO_2 e á baixada de prezos do gas natural. Non sei se sabe, ademais, que na Comisión Europea quen dirixía estes temas era o señor Arias Cañete, que era do Partido Popular. *(Murmurios.)* Pero tamén supoño que foi unha cuestión do malvado Goberno Socialista de Madrid.

E vostede trata ademais de confundir absolutamente todo: o de exixir e pedirlles ás empresas eólicas que deixen parte do beneficio no territorio con estar en contra do sector eólico. Eu creo que é completamente compatible. E o que resulta completamente incomprensible é que non sexan capaces de aprobar unha moción como a que hoxe presentamos, precisamente, que trata de evitar temas de maior controversia e, polo tanto, aí vén que nós non quixeramos aceptar ningún tipo de emenda porque queriamos entrar no posicionamento que vostedes tiñan sobre cada un dos puntos que presentamos. E é o que se trataba precisamente nesta moción, de observar se o Partido Popular era capaz de visualizar as problemáticas que xorden no noso rural e actuar para democratizar o sistema actual, fomentar a transparencia e establecer equilibrios entre propietarios e promotores. E, por suposto, non poñer en risco a nosa riqueza natural e as actividades primarias do noso territorio.

Sen entrar en grandes modificacións que puideran causar un maior grao de controversia, fíxense no que di a nosa proposta e despois explíquenlle á cidadanía do noso rural, ás comunidades de montes de mancomún e aos concellos máis pequenos e con menos recursos por que son incapaces de ter en conta estas propostas:

—Crear unha oficina de asesoramento técnico e administrativo medioambiental para concellos e comunidades afectadas por procesos de desenvolvemento da actividade eólica no seu territorio. ¡Debe ser moi complicado que a Xunta de Galicia poña este tipo de oficina que estaban reclamando moitos dos concellos para que sexan informados!

—Establecer no canon eólico e no fondo de compensación ambiental que o canon sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico utilizando a recadación íntegra para actuar nas melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas na instalación de ditos parques. ¡Tamén debe de ser unha cuestión na que vostedes entenden que debemos prexudicar o sector eólico!

—Establecer un modelo de contrato tipo para favorecer a transparencia e a garantía dos propietarios rurais. ¡Tamén debe de ser unha cuestión moi difícil! Non estamos dicindo que ese contrato exixa, senón que se poña encima un modelo de contrato precisamente para que se poida favorecer esa transparencia.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—Crear unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico. ¡Tamén é un tema moi complexo, moi complicado!

—Reforzar as garantías medioambientais dos territorios afectados pola instalación de novos parques eólicos e a repotenciación dos existentes. ¡Tamén é un tema moi complexo!

—E revisar o Plan sectorial eólico para adaptalo á situación actual de Galicia, que certamente é do ano 90 e pico.

Como pode observar, nós non criticamos a política eólica do señor Fraga; estamos criticando a actual, non a que levou a cabo ese señor.

Señores do Partido Popular, señores do Goberno —que está agora mesmo entrando—, está ben que fagan publicidade sobre o gran compromiso do Goberno galego co noso rural. Pode que co seu dominio dos medios de comunicación alguén lles crea a vostedes que apostan polo rural galego e a súa xente, a pesar de que ano tras ano vexamos como o Goberno galego minora os servizos que ofrece á cidadanía deste medio e como medra o despoboamento sen medidas efectivas para paralizalo.

Pero, señores do Goberno galego, pídolles encarecidamente que fagan algo, que freen os cambios que están a levar a cabo no transporte escolar no Courel, señor conselleiro; que actúen para que toda a poboación do rural teña uns servizos médicos axeitados, señor conselleiro; que doten a partida económica do Servizo de axuda no fogar, que afoga os concellos con máis problemas económicos e con menos recursos; que fagan algo máis que dicir que apostan polo rural, cando a realidade amosa todo o contrario. E o mellor dato é observar o que pasa co sector eólico, un elemento que podería ser dinamizador do noso rural e aportar uns recursos que fan moita falla nese contorno e no que son incapaces ata de tomar iniciativas como as que hoxe trae o noso grupo con esta moción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rematado o debate das mocións, procedemos á súa votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Castro.

Non se presentaron emendas.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas porcentaxes de expansión da banda larga.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Paulo Ríos Santomé.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non se aceptou.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral da mocidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de don Martín Seco García.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que se acepta.

(Procédese á votación) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? ¡Ah!, ¿non a acepta? *(Negación.)* Perdón. Entón, debeu ser que non nos entendemos.

Ben, non se acepta. Temos que volver votar. Non vaiamos ter un erro por isto, non merece a pena. Quero dicir que non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, pero imos votar; imos volver votar outra vez, non sexa o demo. *(Murmurios.)* Votamos, votamos... Xa levamos tempo aquí, aínda que botemos un pouco máis non pasa nada.

Votamos. *(Procédese á votación.)*

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Que pasou aquí? Estamos despistados. Algo pasou aquí, que votamos mal. *(Murmurios.)*

Non, eu non votei, pero faltan tamén máis por votar. Algo nos pasou.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, o meu voto é en contra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre a política do Goberno galego en relación coas negociacións entre os promotores eólicos e os propietarios dos terreos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Designación das deputadas ou deputados autonómicos para a defensa no Congreso dos Deputados da Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica, de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Agora corresponde, tal e como comentei ao mediodía —creo que foi ao mediodía, agora xa non me dou conta; coas horas que levamos aquí, xa non sei se foi ao mediodía ou se foi a media mañá, non me acordo—, designar os deputados que van defender no Pleno do Congreso dos Deputados a Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade da AP-9. Polo tanto, teremos que facer a votación. Hai que preparar as urnas e pórnos a votar, segundo di o Regulamento.

Entón, que preparen as urnas e empezaremos a chamar.

Hai que escribir nunha papeleta o nome que se propón. Cada grupo político proporá o seu representante. *(Murmurios.) (Pausa.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón? Non oio nada. Hai que ir chamando.

Cada deputado ten que escribir un nome e serán elixidos os que teñan máis votos, ata un número de tres.

(Procédese á repartición das papeletas.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: ¿Está todo? Vale. Entón, comezamos.

Prégolle á secretaria que proceda ao chamamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Abelairas Rodríguez... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pide a palabra o señor Arangüena Fernández.)*

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Non escoito nada. ¿Para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, é que non o escoito... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿O procedemento? O procedemento é o que está no artigo 163.3: «Para a designación dos deputados que teñen que defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados, segundo o que prevé o artigo 10.1, apartado f) do Estatuto de autonomía de Galicia, cada deputado escribirá un nome na papeleta correspondente. Resultarán elixidos ata un máximo de tres, no número que previamente fixará o Pleno por maioría absoluta.» Os deputados que obteñan máis votos son os que ostentarán a representación. Cada deputado escribe un nome. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Si.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Pedíusenos que transmitísemos os nomes que nós propoñiamos. ¿Pódesenos dicir cales son os nomes que se van votar? É dicir, ¿pódennos dicir cales son os nomes propostos, os nomes que imos votar? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Eses son os que van resultar elixidos...

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Non, non, nós temos que saber a quen podemos votar. Evidentemente, non podemos facer unha votación sen saber cales son os nomes. *(Murmurios.)* ¿Hai algún inconveniente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: A calquera deputado, vostede ten que votar a un deputado. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Perdón. Por favor, imos manexar esta situación con calma. Disto saben os Servizos Xurídicos. Cada deputado terá que votar un deputado. Ou sexa, vostede ten dereito a votar a un. Non lle vou dicir eu a quen, ao que queira vostede, da Cámara. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, ata un tope de tres son os que imos escoller. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, pero os suplentes non temos que elixilos. Sarmiento, ¿os suplentes, temos que escollelos? *(Pausa.)* Pódense escoller noutro momento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Segundo me di o letrado —que disto son os que saben; eu déixome levar polo que el me di, que é o que sempre nos leva a bo destino—, hai que elixir un, o titular, e despois á votación do suplente xa se procederá noutro momento. Entón, imos votar o titular. Cada deputado libremente vota a quen corresponda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu creo que está claro agora, non o compliquemos máis. Cada deputado ten que votar un.

(Pide a palabra o señor Puy Fraga.)

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Si, déanlle voz ao escano do señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas.

Simplemente quero informar a Cámara, tendo en conta que isto non ten que ver co procedemento tradicional e co que coñecemos, que o meu grupo vai votar unicamente un candidato, na expectativa de que os tres grupos da Cámara estean representados na delegación galega en Madrid. É que iso pode tamén estar detrás das sospeitas que había na pregunta anterior.

Nós imos votar nada máis o candidato que, evidentemente, fixemos público no Rexistro.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Paréceme magnífico pero, en todo caso, o de sempre: un deputado, un voto. *(Murmurios.)* Volvemos ao que estabamos ao principio; tanta volta para isto. Ou sexa, temos que escribir un nome cada un.

Comezamos.

Señora secretaria, por favor, proceda ao chamamento, se non, non saímos de aquí. *(Murmurios.)*

(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que van depositando o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e, por último, os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Todo o mundo votou. Perfecto.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor de D. Gonzalo Caballero Miguez, 14; votos a favor de Dª Ana Pontón Mondelo, 19; e votos a favor de D. Diego Calvo Pouso, 41.

Polo tanto, son os nosos representantes, e que teñan sorte no cometido que levan.

Rematada a votación, continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co investimento da Xunta de Galicia en I+D+i e as condicións laborais do persoal investigador

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos de novo.

Imos seguir falando de futuro e tamén de impulso demográfico, como faciamos hai un momento. Apostar pola ciencia, investigación e innovación é unha urxencia; creo que formalmente —polo menos vese nos discursos— case poderiamos dicir que todas e todos os que estamos aquí coincidimos niso. Pero o certo é que o noso país leva máis dunha década perdida nesta materia, cando debería ter sido e ser hoxe un ámbito estratéxico para o desenvolvemento social, económico e cultural do noso país.

Así o reflicten, ademais, os datos. En Galicia o investimento en I+D+i chega apenas ao 0,97 % do produto interior bruto, moi lonxe, como diciamos esta mañá, da porcentaxe de investimento que fai, por exemplo, Euskadi, que encabeza o conxunto dos territorios do Estado, co 1,96 %, ou moi lonxe do que invisten países como Alemaña —diciámolo pola mañá—, o 3,13 %.

Esa falta de investimento, e mesmo os recortes padecidos durante os últimos anos —porque hai que lembrar que no ano 2008 o investimento que se facía en Galiza a respecto do produto interior bruto no noso país era do 1,04 %; hoxe, insisto, non chega a esa cifra—, fixo retroceder e perder posicións ao noso país a respecto dos países da contorna. E cando unha queda parada mentres todo o mundo se move, o que fas é perder posicións, o que fas é retroceder, non só en materia de investimento. É que na actualidade, Galiza, o noso país, conta con menos programas de investigación dos que existían en 2005, despois do desmantelamento por parte do Partido Popular de programas dirixidos a deseñar unha verdadeira carreira investigadora en todas as súas etapas. Así remataron os Ángeles Albariño, o Parga Pondal ou o Manuel Colmeiro, se falamos dos programas dirixidos a persoal investigador, e todos os programas tamén que se deseñaran ao amparo do Plan Incite dirixidos ao persoal, neste caso, tecnólogo, o Lucas Labrada, o Isabel Barreto ou o Eloy Luis André.

As consecuencias da falta de investimento público, e tamén privado —porque estamos moi por baixo tamén do investimento de territorios e países da nosa contorna—, xunto coa deficiente carreira investigadora fixéronse visíbeis na perda de competitividade de Galiza a respecto dos países do noso contorno e tamén nos distintos indicadores internacionais, fundamental e principalmente comunitarios.

Galiza perde, polo tanto, cartos públicos, talento, competitividade, e, xa que falamos de impulso demográfico, perde tamén poboación, que desenvolve os seus proxectos de vida noutros países como resultado, precisamente, desa precariedade de recursos en canto ao investimento, pero tamén en capital humano.

O informe —citábase non hai moito aquí, mesmo nesta tribuna— *Fuga de talentos en Galicia: ¿mito ou realidade?*, elaborado polo Foro Económico de Galiza e publicado a finais do pasado ano 2020, aborda, precisamente, esta problemática e cuantifica a proxección que fan de que cada ano o custo que supón a formación do talento que acaba emigrado representa unha perda para Galiza de entre 178 e 311 millóns de euros, nun abano que depende do tempo que, efectivamente, tarde unha persoa en formarse.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E non só este país non é un lugar de destino atractivo para investigadoras e investigadores doutros países, senón que as condicións laborais nas que se atopan as galegas e galegos que son ou pretenden dedicarse á produción de coñecemento se converten nunha carreira de obstáculos. Investir en ciencia, investigación e innovación non é un gasto, senón que é a mellor aposta e o mellor investimento que podemos facer para o futuro, para calquera país, e o noso entre eles. Se se quere apenas ver o coñecemento en termos económicos, monetarios e non só de desenvolvemento humano, social e cultural, temos exemplos na nosa contorna que demostran o enorme retorno que ten unha aposta decidida e estratéxica en materia de I+D+i. Falamos do caso de Euskadi e de Cataluña, que contan con dous dos máis importantes programas, non só do conxunto do Estado, senón tamén no ámbito comunitario en materia de ciencia e investigación. O Ikerbasque e o Icrea —tense falado e moito disto nesta Cámara, coas cifras que publican nas súas memorias anuais— son fundacións públicas, e por cada millón de euros investidos obteñen un retorno de 1,6 e 3,7 millóns de euros ao ano. Se o comparamos con Galiza, vemos que Cataluña—que é a que máis empuxe ten, xa digo, que por cada millón de euros que invisten teñen un retorno de 3,7 millóns de euros— inviste o duplo do que o fai Galiza e consegue con ese investimento mobilizar catro veces máis recursos económicos en convocatorias estatais e dez veces máis nas convocatorias europeas.

A comparativa podemos facela tamén con algo que para nós é moi próximo lingüística, cultural e tamén territorialmente, como é a rexión norte de Portugal. Fai parte con nós da eurorrexión e hoxe, ao contrario do que acontecía hai pouco máis dunha década cando a Universidade de Santiago de Compostela era o principal motor dese eixo atlántico, tanto na produción cuantitativa como cualitativa de publicacións científicas, no ano 2018, situaba un informe da Academia Galega das Ciencias que xa perderamos esa capacidade, ese impulso, ese empuxe en favor das universidades do norte de Portugal, e nomeadamente da universidade de Porto, que hoxe leva a vangarda nese espazo territorial.

Non é a falta de capacidade nin a falta de talento de todas as persoas e dos institutos e centros de investigación que ten Galiza o que explica esta situación —temos abondo das dúas, temos abondo de capacidade de talento no noso país—, é a falta de investimento público, insisto, que está moi lonxe desa media europea, dese obxectivo que se fixa a Unión do 2,5 % do produto interior bruto; é a precariedade e inestabilidade laboral que atinxe ao persoal investigador no noso país, debido, insisto, á ausencia dunha carreira investigadora e dun programa de retención e captación de talento forte —unha carreira que abrangue todas as fases do proceso de formación, pero tamén de estabilización e de consolidación das investigadoras e investigadores—. E póñolles exemplos concretos con nomes e apelidos, que ademais tiveron a ben facer un traballo de divulgación pública da súa situación para sensibilizar o conxunto da sociedade, do noso país, da importancia da I+D+i como motor de desenvolvemento. Unha das persoas que padece esa precariedade e inestabilidade laboral é un dos directores do grupo que traballan no Idis no noso país. Chámase Manuel Collado. El decidiu volver a Galiza —ten unha historia moi interesante, e non é o único— cun contrato temporal, que era o que se lle ofrecía aquí, deixando atrás un posto de traballo indefinido no Centro Nacional —estatal— de Investigacións Oncolóxicas. Hoxe pasa a vida producindo coñecemento en materia de células nai, cancro e envellecemento —insisto, no Idis—, pero firmando cada ano un contrato temporal novo. E iso é unha pexa enorme, non só porque calquera persoa que teña unhas condicións de traballo precarias e inestables ten unha produtividade menor

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—iso é máis que evidente—, senón porque tamén representa unha importante pexa para un sector económico como é o da investigación, a ciencia e a innovación, onde ti tes que competir con moitísimos centros, grupos e institutos de investigación do mundo e non podes intentar acceder a programas de financiamento que teñen unha duración superior ao que dura o teu propio contrato.

Por iso nós hoxe, desde o BNG, traemos o que pretende ser un acordo de país do que tanto se falou tamén ao longo deste primeiro día de pleno; un acordo de país pero que se materialice en obxectivos reais e concretos:

O primeiro, un compromiso político de que se incremente o investimento de maneira progresiva até alcanzar ese obxectivo do 2,5 % do produto interior bruto.

En segundo lugar, deseñar unha carreira investigadora para todo o persoal científico e técnico que desenvolve a súa investigación en Galiza, galegas e galegos ou de calquera parte do mundo, ao longo de todas as etapas —insisto—, tanto na formativa pre e posdoutoral, como nesa fase profesional de consolidación e estabilización, garantindo, por suposto, condicións de traballo, tanto laborais como salariais, dignas, e non que se saquen unhas convocatorias doutorais para 2021 onde a fase de retorno ao país ten un recorte salarial indigno.

E, en terceiro lugar, crear un programa de retención e captación de talento que permita, efectivamente, reter ese persoal investigador, que permita crear condicións que nos —valla a redundancia— permitan recuperar o talento emigrado e captar investigadoras e investigadores tamén de excelencia para o noso país.

Se algo ficou claro coa pandemia da covid é que os países que apostan polo coñecemento, pola ciencia, pola investigación e pola innovación teñen unha maior capacidade de resposta ante crises, pero tamén de resiliencia, e o que así demostraron aqueles que o fixeron é que tiveron maior capacidade para enfrontar un envite sen precedentes, como o que estamos vivindo.

Pero tamén o coñecemento, a ciencia e a investigación nos fan máis fortes economicamente, nos permiten desenvolver máis e mellor o noso país e fannos tamén —e queriamos facer fincapé nesta cuestión— máis soberanas.

Hoxe estamos importando coñecemento de Alemaña, do Reino Unido ou dos Estados Unidos, ao tempo que exportamos a eses mesmos países traballadoras e traballadores da ciencia, formados cun enorme esforzo económico por parte do conxunto das galegas e dos galegos. Este país non se pode permitir seguir por este camiño.

No BNG estamos convencidas de que sen ciencia non hai futuro, pero tamén de que sen condicións de traballo dignas non hai ciencia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boas tardes outra vez, deputados e deputadas.

A actual crise económica ten a súa orixe nunha crise sanitaria, como todos sabemos, e as consecuencias sobre a vida e a saúde das persoas en todo o mundo son potencialmente devastadoras. A aparición de novas actividades e novas formas de produción obriga o ámbito público a reforzar esta transformación estrutural. O elemento central deste novo escenario da produción industrial é o coñecemento. É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento e de estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica e de infraestruturas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista xa trouxemos no mes de novembro unha proposición non de lei a este Pleno instando a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso plan galego de I+D+i cunha maior dotación orzamentaria que nos permita duplicar o gasto en investigación, desenvolvemento e innovación, para situar a Galicia na media española. Por iso, propuxemos poñer en marcha mecanismos que incentiven a participación privada no sistema xeral de innovación, de maneira que o seu gasto avance cara a alcanzar o 1,5 % do produto interior bruto. O gasto en Galicia en relación ao PIB é do 0,97 %, fronte ao 1,25 % en España e o 2,18 % en Europa.

En Galicia temos que construír un novo modelo de crecemento para a nosa terra, dedicando á I+D+i o 1,5 % do PIB galego. Isto é realizable en dous exercicios orzamentarios. Pero, para que isto sexa así, a Xunta de Galicia ten que apoiar o campo do I+D+i, incrementando moito máis esa partida nos orzamentos dos próximos dous anos.

Se algo evidencia esta crise da covid-19, é a importancia de apostar pola investigación. A investigación ten a capacidade para dar resposta aos garandes retos e aos grandes problemas do mundo no que vivimos. O Grupo Socialista apostamos por reducir as cargas burocráticas que lastran a realización de proxectos de investigación, por incrementar o número de contratos predoutorais e posdoutorais e por dotar de estabilidade a carreira investigadora.

A importancia dos investigadores e das investigadoras posdoc no sistema de I+D+i é indiscutible, xa que constitúen un persoal altamente formado, coa experiencia necesaria para realizar actividades de investigación con autonomía, o que deriva nunha alta produtividade e xera coñecemento de alto valor engadido e un importante retorno económico e social.

Na última convocatoria de axudas predoutorais e posdoutorais publicadas en xaneiro conxuntamente pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Vicepresidencia segunda, parece que a Xunta segue unha estratexia que busca o desmantelamento do principal programa de captación de doutoras e doutores da nosa comunidade, en vez de realizar unha aposta firme por este perfil de investigadores posdoc que garante o retorno do investimento público e fortalece a competitividade do sistema de investigación galego. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Xunta de Galicia introduce unha serie de cambios na convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoc, equivalente á antiga modalidade A, que son lesivos para os e as solicitantes con respecto a convocatorias anteriores, precarizan notablemente as súas condicións laborais e desincentivan a atracción de talento e a consolidación da carreira investigadora en Galicia.

Isto supón un agravio comparativo para as persoas candidatas, e sitúaas en desvantaxe co persoal investigador que obtivo estas mesmas axudas durante os anos 2012 e 2019. É importante subliñar que a Xunta de Galicia non convocou estas axudas no exercicio 2020, ¡unha auténtica vergoña! ¡Unha auténtica vergoña! *(Aplausos.)* E, como ben dixo a voceira do BNG, a fuga de talentos cústalle a Galicia 300 millóns ao ano, ¡nin máis nin menos! ¡300 millóns ao ano!

O noso grupo parlamentario presentou varias iniciativas sobre a carreira investigadora no que levamos de lexislatura, reivindicando a mellora laboral dos investigadores e investigadoras e demandando á Xunta de Galicia que solucione urxentemente os contratos posdoc e os contratos de persoal das fundacións sanitarias. Estas fundacións son outro exemplo de como á Xunta de Galicia lle importa ben pouco a investigación. As plantillas das tres fundacións galegas en investigación sanitaria levan dous anos negociando o seu convenio laboral coa Consellería de Sanidade para resolver a súa precaria situación laboral. Algúns investigadores da Fundación Biomédica Galicia Sur levan unha década encadeando os seus contratos, uns tras outros. ¡Outra vergoña! ¡Outra vergoña!

Ata o Consello de Contas no seu informe ditamina que se inclúan nos orzamentos do Sergas estas fundacións biomédicas e así facilitar o seu control. Pero, claro, non se quere facer porque, se non, sairían á luz as condicións salariais e laborais dos investigadores destas fundacións, que son nefastas. ¡Son nefastas estas condicións!

Dende o noso grupo vimos reclamando estes meses que se firme inmediatamente un convenio digno para as fundacións biomédicas que recolla salarios equiparables aos investigadores e investigadoras doutras institucións ou empresas.

O Goberno do señor Feijóo ten que dignificar o gran traballo dos investigadores e das investigadoras. *(Aplausos.)* Ten que dignificar o seu traballo xa.

Estes dous asuntos dan conta do que lle interesa á Xunta de Galicia a investigación: nada de nada, ¡nada de nada! É máis, o Goberno do señor Feijóo nin tan sequera se reúne con eles, que levan meses pedindo a reunión, pero, bueno, eles están por riba do ben e do mal.

O Goberno do Partido Popular ten que deixar de dicir que Galicia é a comunidade autónoma que mellor trata os investigadores. Iso non é certo. Deixen de enganar, porque acabamos de ver dous exemplos de como o persoal investigador en Galicia traballa en precario e cunha inestabilidade laboral inasumible. ¡I-na-su-mi-ble!

A Xunta ten que apostar por un modelo que priorice a I+D+i, e máis neste momento, onde a economía vai depender da innovación e da investigación.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Goberno galego ten que darlle pulo á investigación e á innovación, se non, seguiremos sendo os últimos en I+D+i. Así, mentres outras comunidades avanzaron moito, a nosa queda rezagada. Isto reflícteo a comparación co norte de Portugal ou coa media doutras comunidades autónomas.

O índice que fixa a Unión Europea afunde a Galicia ao posto 189 das 231 rexións analizadas, perdendo 24 postos, e co cualificativo de rexión innovadora moderada. O investimento en I+D+i caeu un 6 % no 2019, un 6,1 % menos que no 2018, segundo o balance publicado no pasado mes de decembro polo Instituto Nacional de Estatística. A tendencia alcista e o obxectivo de recuperar os niveis previos á dobre recesión están rotos.

No 2008 as empresas galegas mobilizaron por primeira vez máis de mil millón de euros para innovación, e no 2015 marcaron o seu mínimo, con 466 millóns. ¿Saben quen gobernaba no 2008? ¿E saben quen gobernaba no 2015? Xa se responden a vostedes mesmos. *(Aplausos.)*

Temos que apostar por unha Galicia innovadora, con compromisos concretos e avances reais, ou perderemos a batalla de futuro.

Imaxino que dende a bancada do Partido Popular dirán que a Axencia Galega de Innovación incrementou moitísimo o orzamento, un 25 %. Dá igual, este incremento segue sendo moi, moi insuficiente, e logo esperamos que se execute, porque lembremos que en Galicia as partidas adicadas á investigación e ao desenvolvemento son as que acumulan máis atrasos na execución, ou directamente non se executan.

A investigación e o desenvolvemento son o ámbito con peor execución dos Feder. A Unión Europea xa fixo unha advertencia á Xunta: é necesario incrementar o ritmo de execución do gasto e intensificar a dinamización do investimento privado, que combina axuda pública en proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación. Foron moi claros, señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular.

Remato xa.

No actual escenario de crise económica derivada da covid, parte dos fondos de reconstrución europea *Next Generation* serán orientados a proxectos ligados á transformación dixital e tecnolóxica da nosa economía e a proxectos tractores para activar o cambio de modelo produtivo. Irremediablemente a aposta pola I+D+i será a aposta polo futuro do país, e Galicia non debe nin pode quedar atrás.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Vázquez Domínguez.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Señora Gallego, vostede sabe que o ano 2020 foi un ano inmerso nunha pandemia; é que eu creo que xa o descoñece, porque que veña vostede aquí obviar que os investigadores non puideron desenvolver a súa actividade e que a Consellería de Educación prorrogou os ditos contratos... Eu creo que está a obviar unha... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu creo que está a obviar totalmente unha solución que se lles deu a eses investigadores. Non sei... O compromiso deste goberno foi aprobar a convocatoria o máis rápido posible e, recentemente, nos últimos días, así se fixo a dita aprobación.

Señora Rodil, fronte ao seu relatorio catastrofista sempre hai datos e clasificacións internacionais que sitúan a nosa universidade, a Universidade de Santiago de Compostela, entre as mellores do mundo, destacando o rendemento investigador e a empregabilidade como os dous aspectos mellor valorados da Universidade de Santiago de Compostela. A realidade é que a política de apoio á I+D+i consiste nunha área estratéxica do Goberno galego da última década, tanto no ámbito de actuación das diferentes áreas de goberno como no seu conxunto.

Os datos aos que fixeron referencia os voceiros que me precederon no uso da palabra recóllense no Informe Cotec 2020, pero obviaron información que convén pór enriba da mesa para contextualizar en que situación nos atopamos. Dende o ano 1996 a situación da I+D+i no territorio nacional, a través da análise dos principais indicadores nacionais, autonómicos e internacionais, marca as tendencias dos próximos anos e indica que España ten importantes carencias en moitos destes ámbitos en comparación con Europa.

Na análise desglosada por comunidades autónomas, obtemos o dato de que o investimento en I+D, respecto do produto interior bruto, se sitúa en Galicia nun 0,98 %, fronte ao 1,24 % da media nacional; posición que nos coloca por debaixo da media, pero aínda por encima doutras nove comunidades como poden ser Valencia, Asturias ou Cantabria. Outro indicador da relevancia da I+D é a porcentaxe de persoal que se adica a tarefas da I+D con respecto ao total da poboación ocupada. Neste punto acadamos o 0,98 %. Aí estamos máis próximos á media nacional, que se sitúa no 1,5 %.

Cando a análise é de tendencias, a posición respecto a outras comunidades é incluso mellor, e aí é onde os grupos da oposición non están a facer referencia. A este respecto, o estudo tamén analiza a evolución do investimento en I+D tras a crise económica, comparando o que investiu cada comunidade autónoma en I+D no ano 2018 co seu respectivo máximo histórico. Pois ben, neste apartado, contabilízanse oito comunidades autónomas que superaron os niveis de investimento no ano 2018 respecto de calquera outro, entre as que se encontra a Comunidade Autónoma de Galicia, xunto con outras comunidades como o País Vasco ou Valencia. Por último, a análise de tendencias tamén estuda a poboación ocupada en tarefas de I+D, e, neste caso, só tres territorios contan con máis persoal en I+D no ano 2018 que no ano 2009, entre as que, de novo, se atopa Galicia, xunto con comunidades como Madrid ou Cataluña.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Conclúo xa a análise de estudo salientando que, aínda que a situación de Galicia é mellorable, se sitúa en todos os indicadores en mellor posición que a maioría das comunidades, e mellora os resultados con respecto á situación previa á crise económica.

Señorías, o Grupo Parlamentario Popular votará en contra desta proposición non de lei, non sen antes explicar cada un dos puntos. Entenderán que o que as súas señorías solicitan nesta iniciativa xa o está a realizar o Goberno galego, ou xa se deron pasos dende hai tempo para alcanzar a súa execución. Antes de que cuestionen os datos que vou relatar na miña exposición de motivos, xa lles indico que proceden do Instituto Nacional de Estatística.

Miren, señorías, o gasto en investigación e desenvolvemento aumentou en Galicia no 2019 un 6,2 %, fronte ao 4,2 % do conxunto de España, alcanzando os 627,3 millóns de euros. No que respecta ao persoal empregado en I+D, a cifra alcanza as 11.085 persoas, o que representa un incremento do 4,3 %, superando a media do Estado, que foi do 2,5 %. A incorporación das mulleres ás actividades de I+D+i representa o 41,20 %, fronte ao 40,62 % a nivel nacional. Galicia, na última lexislatura, aumentou nun 24,5 % o investimento en I+D, 7 puntos máis que a media do Estado, que se atopa nun 17,44 %. A aposta do Goberno galego nesta materia é incuestionable, como tamén é incuestionable a aposta do sector privado, cun investimento en I+D co que se sitúa no 53 %. Falo de incuestionable, porque dende a creación da Axencia Galega de Innovación, no ano 2013, o orzamento da Axencia foi en aumento ata alcanzar os case 127 millóns de euros para este ano 2021.

Señorías, non só debemos ter en conta os orzamentos da Axencia Galega de Innovación porque, como dixen ao inicio da miña intervención, o investimento do Goberno galego en I+D implica outros departamentos. É dicir, os programas das consellerías como o da Vicepresidencia Segunda, os programas para Medio Rural, Mar, Educación e Sanidade alcanzan a cifra dos 245 millóns de euros para o ano 2021.

Hoxe rematou o trámite para a aprobación dos orzamentos da nosa comunidade autónoma para este ano 2021, co voto favorable do Partido Popular e co voto en contra do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia. Analizando polo miúdo as emendas parciais dos grupos da oposición, resulta paradoxal, señora Gallego, que pida máis implicación do Goberno galego nesta área, mentres que vostede e o seu grupo pretenden minorar a partida da Axencia Galega de Innovación para incrementar a partida de incentivos ás enerxías renovables; partida totalmente respectable para a súa política, señora Gallego, pero non pretenda enganarnos, porque, cando ten a oportunidade, saca as tesoiras para recortar en I+D+i.

En canto ao segundo punto da súa parte resolutiva, señora Rodil, como xa comentei ao inicio da miña intervención, non é só a Axencia Galega de Innovación a que inviste en I+D+i, senón os diferentes departamentos que conforman o Goberno galego. Por iso, é necesaria unha coordinación das distintas consellerías da Xunta de Galicia para potenciar e coordinar a investigación e a innovación da nosa comunidade autónoma.

No inicio do mes de novembro, o Goberno galego anticipábase. Con esta coordinación anticipábase na creación dunha comisión interdepartamental para perfeccionar a coordinación dos distintos departamentos do Goberno galego co obxecto de planificar os obxectivos, levar

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a cabo os proxectos e executar os fondos dispoñibles, acadando unha maior eficacia e fortalecendo o ecosistema innovador de Galicia. A creación da dita comisión terá distintas funcións, entre as cales se atopa a identificación das sinerxías entre as distintas consellerías e evitar solapamentos; o impulso da contratación de persoal investigador; tamén abordar o estudo de modificacións normativas neste eido e desenvolver un cadro de mando integral en I+D+i; ou mesmo participar na posta en marcha de proxectos ou incentivar a simplificación normativa tan reclamada pola cidadanía.

Señora Rodil, solicita na súa proposición un programa de retención e captación de talento. Vostedes solicitan o dito programa porque igual descoñecen os programas que ten o Goberno da Xunta de Galicia. Vostede falou dos programas de cando vostedes gobernaban. Agora, dende... *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* —déixeme falar, porque eu non a interrompín cando estivo no debate— ...o ano 2014, está posto en marcha o Programa de retención e captación de talento, o que vostede nomeaba, o programa Oportunius; un programa marcado —en sete anos— pola colaboración da Xunta de Galicia co Sistema universitario de Galicia, coa participación dos principais organismos de investigación das universidades, das fundacións e dos institutos sanitarios e co Consello Superior de Investigacións Científicas, co obxectivo de axudar o persoal investigador a desenvolver unha carreira de éxito en Galicia. Dende a súa posta en marcha impulsaron trinta proxectos de alto impacto que desenvolven Galicia e mobiliza 31,2 millóns de euros, xerando preto de cen empregos.

Pero este non é o único programa posto en marcha polo Goberno galego. No que atinxe ás competencias da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, estanse a desenvolver programas específicos destinados á captación, formación e retención do talento investigador no eido universitario co obxectivo, máis que nada, de consolidar unha estrutura de investigación universitaria sólida que camiñe cara aos estándares de excelencia e de competitividade no eido internacional. No día de hoxe, Galicia conta cun modelo propio baseado nas estruturas creadas dentro das universidades, que dende a Consellería se están apoiando e incentivando mediante as axudas á carreira investigadora, da que tanto se falou aquí, e ás etapas formativas da formación posdoutoral e predoutoral, cunha nova convocatoria para o ano 2021, que recentemente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ...foi aprobada coa posta en marcha de cento setenta e cinco novos contratos e dunha partida de 18 millóns de euros.

Podería comentar —pero estase a rematar o meu tempo— numerosos programas, como poden ser o Talento sénior, o cofinanciamento de programas de Ramón y Cajal, os programas Principia, os programas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ... de unidades mixtas de investigación, etc., pero, señorías, hai que dicir que Galicia foi quen de manter durante toda a crise económica o seu apoio á investigación.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Detallei programas, medidas e recursos, porque a captación..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ...a formación e a retención de talento supón unha área clave do Goberno galego, que ten como finalidade atraer e desenvolver os recursos humanos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente

Antes de máis, tamén quería agradecerlle o apoio ao Partido Socialista.

Señora Vázquez, mire, voulle dar a razón en algo, en que si, a Xunta está a desenvolver un modelo propio, sen dúbida ningunha, iso é verdade: único, irrepetible e desastroso, que non o copia ninguén. *(Aplausos.)* Agora falamos dalgúns dos programas. A min o do Oportunius... —eu berráballo alí desde o escano; non me cocía o cu na silla, debo recoñecerllo; pero, xa chegados a estas horas e co tempo que levamos aquí, descúlpenme se tamén perdo un pouco a compostura—. Falaba vostede dos contratos Oportunius. ¿Sabe quen pode concorrer a esa convocatoria? Son persoas que se presentan ás ERC, ás europeas, ás máis potentes. Tes que ir con máis dun millón de euros debaixo do brazo. Está ben apostar pola excelencia. Nós incluímos na nosa iniciativa que temos que apostar por ser quen de captar talento excelente. E eu creo —criticamente, observando, por exemplo, o modelo catalán, o caso do Icrea— que se focalizan moitísimo nesa excelencia. Hai unha parte de toda a creación de coñecemento, da produción científica, que quizais ten unha menor aplicación no inmediato, que é esa ciencia básica, pero que é fundamental para poder desenvolver eses outros programas e esas outras investigacións.

Hai que apostar por esas ERC e por que sexan máis que as pouquiñas que é capaz de atraer ese programa Oportunius no noso país. Pero non podemos única e exclusivamente centrar toda a política de investigación no que ten a ver coa profesionalización e coa estabilización profesional en programas coma eses. Eu convídoa, de verdade, a que o contraste, ademais, coas investigadoras e investigadores dos centros, dos institutos de investigación do Sistema universitario galego, coa Rede galega de investigación, con Investigal, e que lle fagan a súa propia valoración —porque a viven na propia pel— do desastre que representa ese programa

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e que non serve se non construímos a base do ecosistema ou do tecido investigador e científico galego.

En segundo lugar, falábase aquí de que non houbo convocatoria das posdoutorais en 2020 por unha pandemia. A pandemia é global e estamos todos de acordo en que non lle afecta só a Galiza; a pandemia é global. Ben, pois as Marie Curie europeas convocáronse en tempo e forma, as vascas convocáronse en tempo e forma, as convocatorias estatais tamén saíron en tempo e forma; o que non sae: a vontade política do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galiza de facer as cousas ben. *(Aplausos.)* Todo o mundo —e dixémolo moitas veces— comprendiamos que a situación era absolutamente excepcional, coa paralización da actividade administrativa, sobre todo nos primeiros meses do confinamento, e que o propio confinamento na primeira onda do virus ía demorar as cousas. Iso era evidente. Pero —e eu díxeno nalgunha ocasión no debate en comisión—: ti, cunha Marie Curie —que saíu a convocatoria e puido presentarse quen quixo—, podías marchar até Afganistán. O problema non era o virus ou as dificultades de mobilidade, porque todas as convocatorias posdoutorais que exixen esa estadía no exterior, no estranxeiro, noutros territorios do mundo, foron convocadas. Son escusas baratas para deixar un ano en branco, e eu aínda me sigo preguntando hoxe onde está ese diñeiro que estaba previsto nos orzamentos de 2020 —orzado e recollido nas contas—, e que ían destinados a esa convocatoria. Porque, efectivamente, prorrogáronse os contratos asinados na anterior convocatoria, na anterior modalidade A. Pero houbo doutores e doutoras que obtiveron, depositaron e defenderon a súa tese ese ano. Iso furtou tamén a capacidade e a posibilidade de persoas que saían xa doutorandas para que puidesen iniciar esa segunda etapa formativa, o primeiro chanzo cara a esa profesional que son as posdoutorais.

Tempo haberá para falar longo e tendido dese desastre de convocatoria. Insisto en que se recortan os salarios, as remuneracións salariais dese persoal investigador para a súa volta a Galiza despois dunha estadía no estranxeiro. Está ben que apostemos en que as nosas investigadoras e investigadores saian fóra e leven unhas boas condicións de traballo para fóra, pero o mínimo será que cando volvan para aquí, se queremos que queden, polo menos poidan contar cunha remuneración salarial que che permita desenvolver un proxecto de vida mínimo.

Houbo unha parte da súa intervención —e non me estendo moito máis— que eu non entendín. Eu creo que non se entendeu ben pola súa parte o que nós propoñiamos, que era deseñar, efectivamente, esa carreira investigadora. Nós —quizais porque o temos defendido noutras ocasións—, efectivamente, defendemos a creación dunha Axencia Galega da Ciencia para acabar con esa fragmentación e esa atomización da que vostede falaba.

Efectivamente, aquí toda a política en materia de I+D+i está repartida entre a Consellaría de Educación e o Sistema universitario galego, a GAIN, a Vicepresidencia —hoxe, Consellaría de Innovación e Industria—, a parte que ten a ver coa ACIS, co Sergas e coas fundacións biomédicas, que, como se falaba, son, ademais de moi...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ:... pouco transparentes, moi opacas, grandes elementos precarizadores.

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votarán vostedes —con isto remato— o que consideren oportuno; votarán en contra e nós volveremos traer. Insisto...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...isto é unha cuestión central para o presente e o futuro deste país, e somos incansables. Iso tamén eu creo que xa o van sabendo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e media do serán

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura (S)
2. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
4. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
5. Arangüena Fernández, Pablo (S)
6. Arias Rodríguez, Raquel (P)
7. Armada Pérez, José Antonio (P)
8. Balseiro Orol, José Manuel (P)
9. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Díaz Mouteira, María Sol (P)
29. Díaz Varela, Noa Susana (S)
20. Egerique Mosquera, Teresa (P)
21. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
22. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
23. Ferro Iglesias, José Luis (P)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos (S)
25. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
26. García Martínez, Fabiola (P)
27. García Vidal, Ana Belén (P)
28. González Albert, María (BNG)
29. González Iglesias, María do Carme (BNG)
30. González Vázquez, José (P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
32. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
33. Martínez García, Valeriano (P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
35. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
36. Núñez Feijóo, Alberto (P)
37. Ortega Otero, Marina (S)
38. Otero Rodríguez, Patricia (S)
39. Pazos Couñago, José Alberto (P)
40. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
41. Pérez López, Daniel (BNG)
42. Pérez López, Noelia (P)
43. Pomar Tojo, Carmen María (P)
44. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
45. Porro Martínez, María Corina (P)
46. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
47. Prado del Río, Paula (P)
48. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
49. Puy Fraga, Pedro (P)
50. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
51. Quintana Carballo, Rosa María (P)
52. Rey Varela, José Manuel (P)
53. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
54. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
55. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
56. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
57. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
59. Rodríguez González, Román (P)
60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
62. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
63. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
64. Santos Costa, Manuel (P)
65. Sanz Arias, Cristina (P)
66. Seco García, Martín (S)
67. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel (P)
70. Torrado Quintela, Julio (S)
71. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
72. Vázquez Mejuto, María Ángeles (P)
73. Vázquez Mourelle, Ethel María (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGDKYdBeiSf6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/